



COORDINADORA GALEGA DE ONGD • FRANCISCO RAMÓN DURÁN VILLA
EMILIO M. MARTÍNEZ RIVAS • CARLOS TEJO GARCÍA • JUAN DE SOLA
NATALIA PUGA • RUBÉN SANTAMARTA • MARGARITA PÉREZ HERRAIZ
XULIO RÍOS • MARÍA REIMÓNDEZ • MANUEL M. BARREIRO • ANXO MOURE
GONZALO GESTO • MANUEL DIOS DIZ • XOSÉ MARÍA TORRES BOUZA

COO perando

XX anos de traballo solidario en Galicia



Título orixinal: Cooperando. XX anos de traballo solidario en Galicia

Textos: Xunta Directiva da Coordinadora Galega de ONGD, Francisco R. Durán Villa, Emilio M. Martínez Rivas, Comisión de Xénero da Coordinadora Galega de ONGD, Carlos Teijo García, Juan De Sola, Natalia Puga, Rubén Santamarta, Margarita Pérez Herraiz, Xulio Ríos, María Reimóndez, Manuel M. Barreiro, Anxo Moure, Gonzalo Gesto, Manuel Dios Diz, Xosé María Torres Bouza

Fotografías: Chus Álvarez, Emerson Díaz, Paco González, Pedro Agrelo, Silvia Muíño, de AGARESO (cesión de imaxes das campañas 'Pobreza Cero' 2010 e 2011). Manoel Santos (Altermundo). Coordinadora Galega de ONGD

Corrección lingüística: Romina Bal

Edición: Coordinadora Galega de ONGD
Rúa dos Basquiños, 33 1º A
15704 Santiago de Compostela
web: www.galiciasolidaria.org
Presidenta: Gema Filgueira Garrido

Coordinación, deseño e maqueta: Manoel Santos (Altermundo)

Primeira edición: novembro de 2011

Dep. Legal: C 2952-2011

Licenza



Creative Commons: Recoñecemento - NonComercial - SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas.
Descrición da licenza: <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/deed.gl>

Impreso en papel reciclado e branqueado sen cloro





PRESENTACIÓN

a

índa non hai un ano que un novo equipo, liderado por mulleres, asumimos a dirección da Coordinadora Galega de ONGD, que, neses momentos estaba a afrontar as primeiras consecuencias dunha crise que está a

facer estragos, precisamente, naqueles eidos onde o reforzamento debería ser a única opción.

Cun programa cargado de ilusións e proxectos que fagan desta unha entidade forte, sólida e con capacidade suficiente para incidir nas políticas públicas en materia de cooperación, continuamos unha andaina na que xa outros e outras nos precederon e cuxos logros acadados con tanto esforzo, non queríamos deixar de recoñecer e aproveitar.

O que naquel mes de abril de 2011 nos parecían grandes retos, hoxe aínda son maiores. E neste curto pero intenso camiñar as fochancas foron moitas.

A crise da que todas as persoas falan (da que algunhas entenden e moi poucas se fan responsables) está a comprometer a continuidade das políticas orientadas a velar pola dignidade das persoas que por distintas razóns non tiveron as oportunidades necesarias. Unhas políticas cuxa implementación recae, en moitos casos, nas mans do chamado terceiro sector. A falta de recursos suficientes e os sucesivos recortes están a debilitar a capacidade de moitas entidades e, como consecuencia, das súas accións. A cooperación internacional é unha vítima máis.

Hoxe, movémonos nun contexto no que asistimos con frecuencia ao peche de entidades, a recortes en persoal e un sen fin de reestruturacións que tampouco lle son alleas á Coordinadora. As persoas que actualmente estamos á fronte da Coordinadora somos conscientes de que agora, máis que nunca, o traballo conxunto é fundamental se queremos trocar o rumbo dos acontecementos.

Tres obxectivos fundamentan o que será o noso traballo nos vindeiros anos. Tres, as que consideramos





as claves para minimizar o impacto da crise sobre a cooperación internacional para o desenvolvemento:

En primeiro lugar e, de cara a dentro, debemos continuar a promover e facilitar a implicación e participación das ONGD membros da Coordinadora. A forza da entidade depende en grande medida do pulo que supón a contribución das 48 organizacións que a forman. É necesario que esa contribución se faga patente en cada iniciativa que emprendamos, pois os resultados variarán na medida en que cada unha delas se apropie desa participación.

En segundo lugar, deberemos manter, ampliar e fortalecer a nosa capacidade de interlocución cos nosos representantes políticos. Unha interlocución esixente, constante e sen concesións que reivindicue o cumprimento dos compromisos adquiridos no Pacto Galego contra a Pobreza. O noso labor non poderá obviar a parte de concienciación que aínda é necesaria facer no seo dos diferentes partidos políticos, que na maioría dos casos carecen da sensibilidade necesaria para facer da cooperación unha aposta real.

**para un 69 % das
persoas enquisadas,
débense manter e
incluso aumentar os
recursos adicados
a cooperación nun
contexto de crise**

E en terceiro e último lugar e, sen dúbida, o máis importante de cara á consecución dos nosos obxectivos, está o achegamento á cidadanía. Deberemos esforzarnos para ser quen de trasladar a importancia da cooperación internacional e a solidariedade entre os pobos do mundo. Explicar o noso traballo e acadar o apoio e o respaldo suficiente que lexitimen as nosas

demandas. Un recente estudo realizado entre a poboación galega revela que para máis do 50 % das persoas as desigualdades entre os países empobrecidos e os países ricos é o principal problema. Para un 69 % das persoas enquisadas, débense manter e incluso aumentar os

recursos adicados a cooperación nun contexto de crise. Daquela, as bases están. E non debemos perder esta oportunidade.

Non é pouco o que nos queda por facer pero tempo non nos faltará. Xa son 20 anos e temos a forza para seguir. ■

XUNTA DIRECTIVA

Coordinadora Galega de ONGD



LIMIAR


É

unha honra para min ser invitado a prologar este libro que leva por título *Cooperando. XX anos de traballo solidario en Galicia*, unha obra colectiva coa que se conmemora –conmemoramos– o vixésimo

aniversario da creación da Coordinadora Galega de ONGD e a xénese dun sistema galego de cooperación ao desenvolvemento, a partir da iniciativa de catro organizacións comprometidas na tarefa de erradicar a pobreza no mundo: Entrepobos, Asociación Comisión Galega Pro Amazonía, Estudiantes Solidarios e Bicis pola Paz. As novas formas de pobreza e os procesos de empobrecemento derivados do capitalismo global manteñen viva a súa misión –compartida hoxe por 48 asociacións– *nun marco de desenvolvemento sostible e de promoción dos Dereitos Humanos, que propugne a eliminación de calquera tipo de discriminación, e que promocióne a igualdade entre mulleres e homes.*

Nas dúas décadas de camiño conxunto transcorridas dende a súa creación, os conceptos de desenvolvemento, cooperación, cooperación ao desenvolvemento ou Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) foron obxecto de cambio, de crítica e, en ocasións, de forte polémica en consonancia cos cambios nas teorías, nos modelos e nas estratexias. Así puidemos constatar o fracaso dos postulados “desarrollistas”, cos seus proxectos produtivos e cos programas de asistencia; as controversias que xurdiron coas elaboracións estruturalistas ligadas á socioloxía da dependencia; e finalmente a irrupción do paradigma neoliberal que deu lugar a un proceso de globalización “mutilado” que, ao ignorar a amplas zonas do planeta, non fai máis que condenar a millóns de persoas a vivir nun réxime de *apartheid*, en medio da miseria, da fame e da exclusión.

A vontade de compromiso público co desenvolvemento posterior á segunda guerra mundial, que podemos exemplificar na aposta polo 0,7% do PIB, vaise debilitando ao longo dos anos 1990 ao compás do recorte dos fondos dunha cuestionada axuda;





polo interese das políticas comerciais dos enriquecidos, que se contradín coa importancia pública que se lle quere dar á AOD; e coa incapacidade para afrontar os retos que están a xerar os problemas globais tanto medioambientais como sociais, que, en certo modo, son os responsables do desvío de fondos cara as axudas de emerxencia e humanitaria. Unhas intervencións de éxito dubidoso se non van acompañadas de estratexias de reconstrución e desenvolvemento a medio e a longo prazo.

Na medida en que a evolución da crise económica nos afasta cada vez máis da consecución dos Obxectivos do Milenio e cando as organizacións do Terceiro Sector seguen a estar na picota, os principios éticos asumidos de forma colectiva no Código de Conduta das ONGD obrígnanos, se cadra máis ca nunca, a que todas as nosas actuacións estean rexidas por criterios de transparencia, responsabilidade, boa xestión, independencia e colaboración.

Neste contexto de crise socioeconómica e de fatiga da cooperación –ou da compaixón– e en relación direc-

ta cos grandes desafíos a escala planetaria, albíscanse novos retos no horizonte para a cooperación ao desenvolvemento no marco dos paradigmas alternativos asociados aos conceptos de “desenvolvemento humano” e “sostenibilidade”. Axudar e cooperar non

son sinónimos, a cooperación ao desenvolvemento non pode ser na actualidade unha axuda brindada dende unha posición de superioridade nin de interese en beneficio dos doantes. Cooperar é unha esixencia ética que nos obriga á salvagarda dos dereitos de todas as mulleres e homes do mundo, e isto lograrase na medida que sexamos capaces de construír unha

Cooperar é unha esixencia ética que nos obriga á salvagarda dos dereitos de todas as mulleres e homes do mundo, e isto lograrase na medida que sexamos capaces de construír unha cidadanía universal

cidadanía universal inclusiva, crítica e participativa. Participar no Norte –na nosa Galicia– leva asociado o fortalecemento da base social que nos sustenta, pois sen ela non pode haber nunca una cooperación eficaz. Para iso é necesario utilizar as novas redes de comunicación, pois ao mesmo tempo que nos serven de instrumentos para a sensibilización, a incidencia e a educación para o desenvolvemento, permítenos achegarnos a novos ámbitos e realidades sociais. Participar no Sur e nos Sures do Norte é, pola con-

tra, outorgarlles ás persoas a capacidade de decisión para escoller o seu futuro individual ou colectivo, é empoderar, é dicir, ter confianza e seguridade nas propias capacidades.

Coxurdimento da sociedade do coñecemento no tránsito dos séculos XX ao XXI e na medida que os gobernos estatal e de Galicia ían desenvolvendo o tecido institucional para a cooperación, fóronse incorporando paulatinamente novos actores neste eido. Entre eles a Universidade adquire un papel de protagonista nos ámbitos da formación, a investigación e a transferencia de coñecemento, pois non todos os territorios do planeta son quen de xerar coñecementos científicos para avanzar no desenvolvemento e nos procesos de humanización. Ademais, o II Plan da cooperación galega 2010-13 recoñécelle *a importante capacidade de sensibilización* –e de incidencia política–, *dado que en torno a elas se aglutinan os colectivos do alumnado, profesorado...* e persoal de administración e servizos, *...con importantes potencialidades para realizar unha contribución activa e útil na promoción do desenvolvemento*, sen esquecer o seu potencial como responsable da difusión de valores solidarios.

Nos nove capítulos da publicación que tes lector entre as túas mans vanse ir analizando polo miúdo

moitos dos temas esbozados nas liñas precedentes, escritos por mans expertas que, ademais, foron e son protagonistas activos da cooperación ao desenvolvemento galega en tarefas de xestión, como cooperantes ou no voluntariado, como moi ben se recolle no que leva por título “olladas”. A pesar dos vinte anos transcorridos, *o longo camiñar* non fai máis que comezar e os novos retos iluminan o camiño e fannos camiñar.

Desexo ferventemente que esta publicación coordinada por Manoel Santos actúe como instrumento de sensibilización e que a medida que avances na lectura o teu compromiso coa erradicación da pobreza se vexa acrecentado.

Grazas a todas as persoas que desinteresadamente fixestes realidade este espazo de encontro, como moi ben se define no texto, pero tamén de reflexión crítica, de debate e de consenso. E como non agradecer e recordar o labor das nosas e os nosos cooperantes, dun xeito especial a de aquelas e aqueles que xa non están connosco. ■

FRANCISCO R. DURÁN VILLA

Vicerreitor de Estudantes, cultura e formación continua

Universidade de Santiago de Compostela



A explotación laboral
nos países empobrecidos

1

XX ANOS da
COOPERACIÓN en
Galicia. LUCES ENTRE
SOMBRAS

EMILIO MANUEL MARTÍNEZ RIVAS

Ex presidente da Coordinadora Galega
de ONGDs (1998-2005)



O primeiro semestre do ano 2011 deixounos unha serie de novas, no relativo á cooperación ao desenvolvemento e ONGD en Galicia, que poden servir para ilustrar ata onde chegou a evolución deste sector dende os seus case inicios hai vinte anos alá polo comezo da década dos 90 do século pasado.

A primeira nova ten que ver co financiamento institucional da Xunta de Galicia, de proxectos e de actividades vinculadas coa cooperación internacional. Cara a finais de maio de 2010 a Consellería de Presidencia publica dúas sendas ordes polas que se suprime unha das convocatorias de axudas, a destinada á axuda humanitaria, á vez que a outra orde diminúe a contía dedicada para proxectos de cooperación. Da nada do comezo do período a principios dos noventa acadouse no 2009 un máximo de financiamento duns 12 millóns de euros, con todo moi afastados das promesas dos partidos que configuraron o goberno progresista de coalición. Estes máis de 12 millóns, o Partido Popular apresurouse a recortalos en 2010 e nos orzamentos de 2011, para logo volver minguar de forma sorpresiva ata deixar o orzamento en apenas seis millóns de euros.

A segunda nova ten que ver co peche da sede de Intermón Oxfam en Galicia. Organización de carácter progresista, con orixe na iniciativa solidaria da Com-

pañía de Xesús e de ampla presenza na comunidade galega, con tres tendas (Vigo, Santiago e A Coruña) e unha sede con cinco persoas traballando a tempo completo e máis de sete mil socios declarados. IO vese obrigada a un ERE, con case 160 despedimentos en España, o que significa unha reconfiguración da súa estrutura territorial, priorizando o financiamento dos proxectos de cooperación. O peche de IO vese acompañado polo doutras sedes como Acción contra a Fame, a diminución de persoal contratado noutras, etc.

A terceira nova e a última que citaremos é menos coñecida, con apenas repercusión mediática, pero exemplificadora da situación das ONGD galegas. A principios de outubro de 2010 a ONGD galega Implicadas no Desenvolvemento, con máis de 10 anos de traballo na India e en Etiopía presenta a campaña 1 de 200, co obxectivo de incrementar en 200 persoas a súa cativa base asociativa e así mellorar a posibilidade de financiar distintos proxectos para os que as dificultades de obter financiamento público son importantes. Na campaña de captación participa Luís Tosar e a poeta e presentadora Yolanda Castaño. Os actos multiplícanse en distintas cidades e vilas galegas durante meses. O número de “amigos/as” no perfil de Facebook da campaña elévase a preto de 1.500. A



principios de setembro de 2012 o número de socios e socias incrementouse en 92. A ONGD apenas suma 180 adherentes que achegan mensualmente uns 12 euros. A cifra chama a atención se a comparamos cos máis de 7.000 socios e socias de Intermon Oxfam, varios miles de Médicos sen Fronteiras, outros tantos de Axuda en Acción, Intervida, Mans Unidas... ou os once mil declarados por Unicef-Galicia.

Estas tres novas en conxunto conforman os trazos básicos dunha fotografía da realidade da cooperación ao desenvolvemento e das ONGD en Galicia neste preciso momento: diminución do compromiso financeiro institucional; dificultades das grandes ONGD para manter as estruturas creadas nos anos de crecemento e inmensas dificultades das ONGD con sede en Galicia para ampliar a súa base social, incapaces de competir con entidades que acaparan a presenza nos grandes medios de comunicación social.

ONGD PARA O DESENVOLVEMENTO EN ESPAÑA, 25 ANOS DE EVOLUCIÓN

No eido español a evolución das ONGD ao desenvolvemento prodúcese varias décadas despois que nos países da contorna de Europa Occidental máis avanzados onde emerxen con forza a partir dos

anos 50. As razóns son obvias e precisa de pouca explicación:

- As inxedanzas políticas e sociais centrábanse na loita pola liberdade durante a ditadura franquista, que se estende ata o ano 1975, e durante as posteriores reformas democráticas, que culminan na Constitución Española do ano 1982.
- Un escaso nivel de desenvolvemento económico e social que pode ser exemplificado na marea de traballadores e traballadoras que deixaron o país na procura dun traballo, case sempre de escasa cualificación, nas economías europeas máis desenvolvidas (Alemaña, Francia, Reino Unido ou Suíza) e o feito de que España fora cualificado pola OCDE como un país en vías de desenvolvemento ata principios dos 80 (e polo tanto el mesmo posible receptor de axuda para o desenvolvemento).

Será partir de mediados dos anos oitenta cando no eido institucional se comenza a desenvolver un sistema gobernamental de cooperación e no eido social, consolidada a democracia e cunhas expecta-



tivas económicas de optimismo, eclosiona o mundo asociativo. No ano 1998 das 93 ONGD integradas na Coordinadora Española de ONGD 53, o 57%, foran creadas entre o ano 1986 e o ano 1995.

En Galicia o proceso de emerxencia das organizacións sociais enfocadas á cooperación ao desenvolvemento é tardío con respecto ao resto do Estado. As razóns que explican esta cuestión son as mesmas, amplificadas, que no Estado español, sumándose algunha variable propia. O desenvolvemento económico galego é considerablemente menor que o das zonas máis ricas do Estado; un maior peso da poboación rural (sendo a cooperación ao desenvolvemento un movemento

con raíces eminentemente urbanas), un menor desenvolvemento político e social, e unha debilidade importante das opcións políticas da esquerda máis alternativa, que ademais, no caso da esquerda de sensibilidade nacionalista, cando menos no que se refire ás forzas hexemónicas, mostrarase totalmente refractaria ao apoio ás organización de cooperación internacional, cuestionamento que ten que ver ben na falta de reflexión sobre as cuestións relativas á

esfera internacional ou con esquemas forxados nos anos máis duros da Guerra Fría.

Durante os anos 80 van xurdindo en Galicia distintas iniciativas solidarias que teñen a súa orixe en movementos cristiáns de base, na esquerda extraparlamentaria e en iniciativas individuais locais, falamos de organizacións como os Comités de Solidariedade con América Latina, os Comités de Solidariedade Óscar

Romero, distintas asociacións de axuda a pobos como o saharauí, o cubano... Estas entidades súmanse, desde posicións ideolóxicas totalmente distintas e con obxectivos tamén distintos a entidades como Cáritas, Cruz Vermella, Manos Unidas ou diversas entidades católicas

(en moitos casos relacionadas con entidades misionais) cunha longa tradición de traballo nos países en vías de desenvolvemento, sobre todo América Latina, pero tamén África Subsahariana.

O comenzo da existencia dunha certa masa crítica en número de entidades dedicadas á cooperación leva á creación, no ano 1991, da Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento. As dúas

en Galicia o proceso de emerxencia das organizacións sociais enfocadas á cooperación ao desenvolvemento é tardío con respecto ao resto do Estado

décadas transcorridas dende aquela están marcadas polo incremento no número de organizacións e no fortalecemento dalgunhas delas ademais do desenvolvemento dunha política institucional sobre a materia, fundamentalmente no eido autonómico, pero tamén municipal.

A EVOLUCIÓN INSTITUCIONAL

Moi brevemente imos recensionar a evolución institucional. A principios dos anos 90 a Xunta de Galicia convoca as primeiras axudas para a realización de proxectos de cooperación ao desenvolvemento e logo as primeiras axudas para a realización de proxectos de sensibilización e de educación para o desenvolvemento. No ano 1994 crease o Rexistro Galego de ONGD, no que se inscriben nese primeiro ano 17 entidades, no seguinte 10 e en 1996 outras 15. A responsabilidade nesta materia pasará por diversas vicisitudes formando parte, en 2001, da Consellería de Emigración e Cooperación Exterior durante apenas un ano, logo do cal foi transferida á Secretaría Xeral de Relacións coa UE e a Cooperación Exterior, para ser logo unha dirección xeral de seu durante o goberno de coalición entre o PSdG-PSOE e o BNG, e volvendo en 2009 formar parte da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

No relativo ao eido de desenvolvemento formal os elementos máis destacables deste período son a aprobación, por unanimidade no Parlamento autonómico, da Lei Galega de Cooperación ao Desenvolvemento en 2003 e a aprobación dos plans directores en abril de 2006, o primeiro, e en xuño de 2010 o segundo. Os plans directores recollerán certos aspectos a prol dunha cooperación na que a pegada de Galicia, as súas características como sociedade e economía, sexan un elemento conformador das iniciativas financiadas pola Xunta de Galicia.

O desenvolvemento formal acompañouse, dun xeito morno, por un incremento dos fondos autonómicos dedicados á materia, que en todo caso sempre se mantiveron moi por debaixo da media das outras comunidades autónomas, apenas superando, no mellor dos anos, 2009, o 0,11% do orzamento e caendo en case 50% o seu volume en 2010 e 2011. Aínda que as cifras con respecto aos orzamentos autonómicos son cativas debemos salientar que se partía dunhas cifras absolutas moi reducidas: a mediados dos '90 estabamos falando de cantidades que non chegaban aos 100 millóns de pesetas (600.000 euros).

Nos aspectos de xestión das axudas durante este período de evolución débese mencionar como dato



GUÍA DE ONGD DE GALICIA 2007/2008





positivo a mellora evidente e substancial nos procesos de avaliación, tanto dos proxectos presentados como da execución destes.

Tamén no eido institucional durante este período veu a luz o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade fundado en 1997, que, promovido por un reducido número de concellos, sumou non poucas adhesións, aínda que o compromiso financeiro das entidades locais non foi moi alto, feito derivado do escaso interese que sobre este tema demostraron de xeito reiterado os partidos políticos máis relevantes na comunidade, sempre dispostos a prometer pero esquivos cando se trata de converter as promesas en feitos.

A universidade galega non quedou á marxe do interese social sobre a cooperación ao desenvolvemento de dous xeitos complementarios: por unha banda creando unha oferta formativa especializada a nivel de posgrado en Santiago de Compostela e na Coruña e por outra banda involucrándose directamente na realización de proxectos de cooperación, sostidos en moitos casos nas capacidades científicas e técnicas desenvoltas no seo de grupos de investigación como a Aula de Produtos Lacteos e o Laboratorio do Territorio do campus lucense ou o grupo centrado na xestión de augas da Universidade da Coruña.

UN SISTEMA GALEGO DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO?

A pregunta que debemos formularnos e que deberíamos contestar é se estes vinte anos de cooperación ao desenvolvemento financiados dende Galicia e se a existencia, a principios de 2011, de máis de 200 organizacións inscritas como ONGD, no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación teñen significado para a articulación dun sistema galego de cooperación, dun xeito “galego” de entender a cooperación e de concretar as accións de cooperación, de conducir a solidariedade da cidadanía deste país.

E antes de entrar en materia talvez sexa aconsellable clarificar cales son os trazos que nos permitirían identificar un sistema de cooperación doutro, ou dun conxunto de elementos que forman parte dun sistema maior, sen autonomía de seu, sen capacidade para formular os seus propios obxectivos estratéxicos. Sen afán de teorizar nesta materia podemos identificar unha serie de elementos que se tornan precisos:

- Que os elementos do sistema, neste caso as ONGD, teñan capacidade para tomar as decisións que lles afectan: capacidade política e técnica, ademais de capacidade financeira.



O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade fundárase no ano 1997



- Que existan unhas características nas actividades que desenvolvan que estean sostidas en elementos propios: por exemplo unha determinada orientación xeográfica motivada en vínculos históricos, culturais, económicos, ou nas materias que aborden dun xeito prioritario.
- A existencia dun tupido tecido de relacións entre os elementos do sistema de cooperación e elementos doutros sistemas económicos ou sociais (cooperativas, organizacións ecoloxistas, veciñais, de mulleres, mundo educativo, ámbito sindical...).

Existe un feito indubidable nestes vinte anos: o espectacular incremento do número de ONGD rexistradas en Galicia, que desde as iniciais 17 do ano 1994 saltan ata as máis de 200 do ano 2011, número moi elevado aínda descontando varias organización rexistradas que non son ONGD, como o caso da Fundación Rof Codina (que xestiona o hospital veterinario de Lugo) ou a Asociación Euro-Eume. O número de ONGD medra en Galicia por distintas razóns:

- A apertura na comunidade de sedes ou de delegacións de ONGD estatais, dentro das

súas políticas de maior presenza territorial. En moitos casos esta presenza territorial será unha condición precisa, ou cando menos valorada positivamente, para poder acceder a fondos autonómicos. O incremento de fondos, substancial en cifras absolutas durante o goberno do PSOE-BNG, explicaría en parte que despois de varios anos nos que a cifra de inscricións no Rexistro de ONGD non superaban o número de 10 anuais, nos anos 2007 e 2008 se chegara ás cifras marca de 25 e 24 novas organizacións.

- A creación de ONGD, en moitos casos no eido local, con fins moi estreitos, ten moitas veces un nivel de coñecemento sobre o que é a cooperación ao desenvolvemento a finais do século XX e principios do XXI moi limitado. Existe durante o período que abrangue este artigo, dende principios da década dos 90 a principios da segunda década do século XXI, unha popularización das actividades relacionadas coa axuda humanitaria e coa cooperación ao desenvolvemento na que influíron tanto o impacto mediático das grandes catástrofes (Mitch, crise humanitaria dos Grandes Lagos, tsunami no Índico) ata as adopcións internacionais ou





o alo de heroicidade que rodea moitas novas sobre o traballo das ONGD máis mediáticas.

- A ampliación do campo de actividade de organizacións sociais cun obxecto prioritario de actuación noutros ámbitos (dende organizacións ecoloxistas a organizacións de tempo libre, culturais ou relacionadas con colectivos como o dos discapacitados, inmigrantes...).

A maior parte das decisións estratéxicas son tomadas en Madrid, Barcelona ou calquera outra cidade polas entidades con sede social fóra de Galicia, as máis importantes con diferenza das existentes na comunidade, cunha autonomía reducida por parte das delegacións galegas, que deben asumir no seu traballo as liñas estratéxicas.

No caso das ONGD con sede en Galicia a súa base social é moi reducida e a súa capacidade financeira aínda máis cativa, hoxe, cun maior número de organizacións non chegou a significar unha maior calidade na cooperación, incluso se podería dicir que empeorou, rexurdindo un tipo de organización cunhas formulacións máis próximas á caridade e á beneficencia, características das organizacións dos anos 50, que ás políticas de empoderamento e compromiso social.

Unha das grandes eivas que en Galicia nos deixa a historia das ONGD nestes 20 anos é a falta dunha ONGD galega que poida ser referente no traballo de cooperación. Non callou sequera ningunha das iniciativas que se puxeron en marcha para articular redes de cooperación na que se partillaran experiencia e proxectos de distintas entidades (por exemplo o Crisol, Centro de Recursos para a Solidariedade, posto en marcha, con sede en Vigo, polas ONGD Amarante e IND).

Como se citou ao comezo destas páxinas, o feito desta falta dunha ONGD galega, cunha capacidade financeira media e base social, non é independente da falta de interese do nacionalismo galego por estas entidades, ás que durante moito tempo se mirou con moitos recelos pola súa vinculación histórica coa Igrexa Católica, ou por entender que o financiamento de proxectos de cooperación non deixaba de ser unha política de parches ante as fracturas sociais creadas polo capitalismo e pola súa faciana máis agresiva representada polo imperialismo e o neocolonialismo nos países en vías de desenvolvemento, cun fin prioritario agochado, que non era outro que o de crear falsas esperanzas nas clases sociais máis desfavorecidas e desactivar os movementos sociais revolucionarios e as fronteiras de liberación nacional.

Estes feitos non deixan de ser, ao noso entender, un erro estratéxico dunha opción política que desenvolveron organizacións autónomas en campos tan distintos como o sindical, o ecoloxismo, o feminismo, a mocidade, o movemento estudantil..., con éxitos en moitos casos moi destacables.

Durante estes anos, e sobre todo no último período vemos, xunto co incremento do número de ONGD, un aumento da apertura de delegacións e un incremento do persoal asalariado contratado, persoal case inexistente a principios dos anos 90 e moi escaso aínda a finais. Unha e outra cousa non son senón efectos de distintas políticas de apoio ben ás propias ONGD mediante os programas de fortalecemento financiados pola Xunta de Galicia, ou a outros programas de apoio á contratación de mozos e de mozas. A redución dos fondos destinados a proxectos, coa directa diminución da financiación de gastos xerais pola xestión destes e a contracción de distintas liñas de axudas, por mor das restricións orzamentarias, van significar unha seria dificultade para o sostemento destas infraestruturas, como xa se está a percibir, tal e como demostra o peche da sede de Inter-

món Oxfam, pero tamén a de Acción contra a Fame ou a rescisión de contratos noutras moitas entidades.

En canto ás características da cooperación realizada dende Galicia, só existen datos fiables e contrastables referentes aos proxectos de cooperación executados

con fondos da Xunta de Galicia, grazas ao estudo do profesor da Universidade Complutense José Antonio Alonso, con anterioridade á elaboración do I Plan Director, e á avaliación da execución dese Plan realizada por un equipo da Universidade de Santiago, dirixido por Carlos Teijo. Deste último traballo

podemos tirar as seguintes conclusións:

- O peso preponderante das ONGD no sistema galego de cooperación.
- Considerable peso dun número reducido de ONGD, normalmente con sede social fóra de Galicia.
- A concentración de proxectos nun número de países reducido: 10 países suman o 73%



Actividades infantís no Día do Comercio Xusto do ano 2008 en Pontevedra



da axuda, dos cales 8 son latinoamericanos e dous africanos de fala portuguesa, e América Latina concentra o 75% do financiamento.

Desgrazadamente non existen datos sobre a contía ou o destino dos fondos que as ONGD recadan en Galicia dos seus socios e de empresas. Estes fondos poderían acadar a cifra de entre 12 e 18 millóns de euros, superando o financiamento autonómico.

A propia relación de entidades que reciben a maioría das subvencións públicas fannos pensar que non existe un patrón de actividade moi diferente, en canto á orientación xeográfica, en canto ao obxecto dos proxectos, ao patrón desenvolto polas medianas e grandes ONGD españolas, salvo aquelas derivadas das prioridades fixadas polos plans directores.

Neste campo, como noutros, Galicia deixa de lado a fortaleza que supón a proximidade con Portugal e co portugués, e as posibilidades que esta característica abre para a colaboración solidaria nos países lusófonos do continente africano coas entidades sociais.

No relativo á relación con outros movementos sociais, entendidos estes dun xeito amplo, durante

estes vinte anos agromaron non poucas iniciativas conxuntas, e as ONGD participaron en diferentes plataformas sociais, entre a que debemos destacar a Coordinadora Galega contra a Guerra, que durante o ano 2003 e 2004 liderou as amplas mobilizacións populares contra a invasión de Iraq. En todo caso aínda é preciso un esforzo continuo para que estas relacións de colaboración sexan algo máis que encontros puntuais e se tornen nunha relación proveitosa de cooperación.

Da evolución destes vinte anos debemos citar como un caso de éxito a implantación das tendas de comercio xusto en Galicia. Dende a pioneira creación d'A Cova da Terra en Lugo a mediados nos 90, ata os nosos días, en que o número de tendas e puntos de venda se multiplican en boa parte por iniciativa de entidades sociais como a citada A Cova da Terra e outras como Amarante, Intermón Oxfam, Solidariedade Internacional de Galicia...

A COORDINADORA GALEGA DE ONGD

Este rápido e superficial repaso á xestación dun sistema galego de ONGD nos últimos vinte anos non estaría completo sen mencionar, sequera brevemente, a evolución da Coordinadora Galega de ONGD.

Desde a súa creación no ano 1991, na que teñen unha responsabilidade importante organizacións que hoxe xa non existen, como é o caso da Comisión Galega Pro-Amazonía, ou Estudiantes Solidarios, organización universitaria que significou para moitas persoas un primeiro achegamento a estes temas, a súa evolución é paralela á evolución do conxunto do sector en Galicia. Durante

a primeira década anos bos seguían a anos malos, cunha boa dose de inestabilidade e sen apenas infraestrutura. A finais dos anos noventa comezan a realizarse esforzos por ampliar o número de entidades asociadas, chegando na actua-

lidade a integrar preto de medio cento, e co apoio financeiro da Xunta de Galicia, de xeito principal, a Coordinadora comeza a desenvolver un importante programa de actividades formativas e educativas así como a ter maior presenza social, á vez que fortalece a súa vertente de incidencia política e relación coas propias institucións e outras entidades sociais.

A comenzos deste século a Coordinadora intégrase na Coordinadora Estatal de ONGD, o que non deixa de significar un recoñecemento do seu papel en

Galicia e a súa capacidade de representación do sector.

O apoio financeiro sostido permitiu que a Coordinadora se dotase de persoal estable e complementou as súas actividades co asesoramento ás ONGD, aspecto do que en maior medida se puideron beneficiar as organizacións dun tamaño máis reducido.

A Coordinadora nestes vinte anos converteuse nunha peza fundamental na conformación da cooperación en Galicia, non tanto polas súas propias actividades, que tamén, senón

sobre todo pola súa capacidade de influencia sobre os actores institucionais, tal e como se demostrou na súa participación na xestión da Lei Galega de Cooperación, os plans directores, a mellora das convocatorias de axudas ou no seu papel no Consello Galego de Cooperación.

CONCLUSIÓN

Pouco ten que ver o panorama da cooperación ao desenvolvemento en Galicia co que veu nacer a





Coordinadora Galega de ONGD. O número de ONGD medrou de xeito espectacular, do mesmo xeito que o apoio social a estas, tanto o difuso como o que se materializa por medio da cota mensual a unha entidade social. A nivel institucional os cambios son evidentes, aínda que non sempre os pasos foron cara a diante, pero ao final nestas dúas décadas Galicia dotouse dunhas normas lexislativas e dunhas ferramentas de planificación asimilables ás doutras autonomía que fixeron un esforzo financeiro sensiblemente superior, aspecto este último no que existen poucas razóns para as congratulacións ou mesmo para mirar cara ao futuro con optimismo.

O incremento do número de ONGD, a maior sensibilidade social, non significou o desenvolvemento de entidades con sede social en Galicia con capacidade de liderado no sector, ou mesmamente cunha base social apreciable. Esta eiva vén significar, nin máis nin menos, que Galicia perde unha forma de poñer en valor, no eido da solidariedade, as súas experiencias colectivas como pobo, ademais de incapacitarse para tecer relacións directas coas entidades sociais dos países en vías de desenvolvemento. A existencia dunha entidade que subsane esta eiva segue a estar pendente.

Despois de vinte anos veñen outros vinte anos. Os retos aos que hoxe debe facer fronte o mundo das ONG para o Desenvolvemento son maiores que os que tiveron que enfrontar durante boa parte do período anterior. A crise económica está supoñendo tanto unha redución dos fondos públicos como dos privados. A mesma crise dá lugar a un cuestionamento tanto das ONGD como da propia cooperación ao desenvolvemento e o esforzo que se realiza, alén das fronteiras nacionais, contra a pobreza. Esta situación obriga as ONGD a realizar un labor pedagóxico na sociedade que moitas veces abandonaran, sendo unha parte indispensable do seu traballo.

En todo caso, hoxe vinte anos despois, as razóns que levaron a un grupo de homes e de mulleres a crear a Coordinadora Galega de ONGD persisten. Ogallá dentro de dúas décadas poidamos dicir que o traballo está concluído. Ata ese momento será preciso seguir achegando, cada un e cada unha, o seu gran de área para construír esa sociedade na que a pobreza, a desigualdade e a inxustiza sexan simples capítulos nos libros de Historia. ■


Vigo, setembro de 2011

2

A etapa declarativa do XÉNERO en GALICIA e os dereitos das MULLERES

COMISIÓN DE XÉNERO

Coordinadora Galega de ONGDs



ETOS E DESAFÍOS DO PLAN DIRECTOR DA COOPERACIÓN GALEGA 2010/2013

INTRODUCCIÓN

A realidade do xénero en Galicia é unha realidade moi nova. Se podemos dicir que a cooperación galega comezou hai pouco menos de 20 anos, podemos asegurar que a introdución da perspectiva de xénero nesta, aínda está a dar os primeiros pasos. Cómpre facer un percorrido analítico de cómo a perspectiva de xénero está ou non institucionalizada na política de cooperación da Xunta de Galicia.

Por unha banda faremos un breve percorrido histórico e analítico da transversalización de xénero na política galega de cooperación para sabermos onde se atopa, e por outro, esbozaremos os retos da mesma.

1. A etapa declarativa do xénero en Galicia. Un pouco de historia

Dende un punto de vista formal, o xénero está presente na cooperación galega dende que no 2003 se promulgara a Lei 3/2003 de Cooperación para

o Desenvolvemento. Xa na enumeración dos principios que rexen a dita cooperación galega (Art.3.B) fálase da:

“necesidade de promover un desenvolvemento humano global, interdependente, sostible, participativo, e con respecto á equidade de xénero, evitando toda discriminación por razóns de cultura, raza ou relixión”¹.

É dicir, pronúnciase o principio de non discriminación, que expón que os dereitos humanos das mulleres son parte inalienable dos dereitos humanos.

Asimesmo, no Art.8 da lei, que define as prioridades sectoriais da cooperación galega, no seu apartado e) propóñense,

“accións positivas para mellorar a posición das mulleres na sociedade”².

Cabe mencionar aquí, aínda que sexa a modo declarativo, que esta priorización sectorial non se recolleu nin no Plan Director (I PD) 2006/2009, nin no segundo para o período 2010/2013.

1. GALICIA. XUNTA DE GALICIA. (2003) *Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento*. En Diario Oficial de Galicia, Nº128. Pp. 8832.

2. XUNTA DE GALICIA (2003) Op.Cit. P. 883.



O primeiro instrumento operativo da Cooperación Galega é o I Plan Director da Cooperación Galega 2006/2009. Se analizamos este instrumento á luz do dobre mandato de xénero da Lei, vemos que o xénero, como tal, aparece principal e case exclusivamente como prioridade transversal. Este I Plan Director non cumpre co mandato da lei de cooperación de incluír un apartado sectorial de “promoción de accións positivas para mellorar a posición das mulleres”.

Á vista desta breve análise do I Plan Director, parece que a etapa na que se atopa a institucionalización de xénero ata 2009 na política galega de cooperación sexa a meramente declarativa. Non existe mención nestes dous instrumentos, Lei e PD, a compromisos internacionais que son de aplicación en Galicia (CEDAW, Plataforma de Acción de Beijing) nin existe tampouco unha definición conceptual sobre o enfoque de xénero en desenvolvemento. Moito menos se vislumbra no I Plan Director planificación estratéxica algunha.

2. Un apunte. A lei galega de Igualdade e o mandato de xénero

Mención a parte merece a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega, para a igualdade de mulleres e homes. Malia

a que esta lei non fai mención explícita a un mandato para transversalizar o xénero na política de cooperación, o que si fai é unha definición exhaustiva do principio de transversalidade, no título preliminar, capítulo II. Art.6. no que se explicita que:

“Coa dobre finalidade de promover a igualdade e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes, a Xunta de Galicia integrará a dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, na execución e no seguimento de todas as políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das competencias asumidas de conformidade coa Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia”³

Ademais, para a aplicación deste principio de transversalidade, a lei recoñece, como criterios xerais para a actuación da Xunta de Galicia; o fomento da colaboración coas asociacións e grupos de mulleres (Art. 6. 2. A), así como recoñece tamén a necesidade de que os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia vaian acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero (Art. 7).

3. GALICIA. XUNTA DE GALICIA. (2004) *Lei 7/2004 do 16 de xullo, galega, para a igualdade de mulleres e homes*. En Diario Oficial de Galicia Nº 149. P. 11024.



A lei de igualdade é posterior á de Cooperación Internacional, polo que non se suxeita ao seu marco normativo. No entanto, habería que ter en conta, de cara a posibles remodelacións da lei de cooperación, os mandatos da igualdade sobre a transversalidade de xénero, a consulta a grupos de mulleres e grupos feministas e o estudo de impacto de xénero. En calquera caso, parece prescriptivo que os Plans Directores, incorporasen xa o mandato da Lei de igualdade.

3.0 II Plan Director da Cooperación Galega 2010/2013. Unha nova etapa?

Para esta análise do Plan Director 2010/2013, faremos un percorrido que pretende ser exhaustivo, polos principais apartados deste instrumento: principios, obxectivos estratéxicos, prioridades transversais, prioridades sectoriais, instrumentos de axuda e indicadores, e finalmente o financiamento.

3.1. Os principios do Plan Director. Misión e encadre internacional

Na enumeración de principios do II PD non aparece o enfoque de xénero, pero incluíuse no principio primeiro (tralas alegacións da Comisión de Xénero da Coordinadora), a equidade de xénero como medio para acadar o desenvolvemento do ser humano. Así

mesmo foi incluída a equidade de xénero na Declaración de Misión da cooperación galega.

Mediante a cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega pon á disposición dos pobos máis pobres do planeta a súa experiencia histórica, os seus valores, activos e recursos; súmase aos procesos existentes para combater a pobreza e as súas causas, promovendo activamente o dereito ao desenvolvemento integral, humano e sustentable, con equidade de xénero.⁴

Sen embargo, á hora de enmarcar o novo instrumento, e despois de facelo na lei de cooperación galega e nuns principios rectores, faise alusión ao encadre do mesmo nos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM) e na nova axenda a Eficacia da Axuda, como fitos da nova axenda internacional, esquecendo outros instrumentos internacionais anteriores coma a CEDAW ou a Plataforma de Acción de Beijing que suporía un avance nas etapas de institucionalización.

A este respecto é preciso dicir que o marco ODM non é o mellor para dar resposta aos dereitos das mulleres,

4. GALICIA. XUNTA DE GALICIA. (2010) *Proposta de II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2010/2013*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. P. 29

xa que supón un importante retroceso, de enfoque e de metas, con respecto á Plataforma de Acción de Beijing. Polo tanto, podemos ver claramente que non acadamos o segundo estado de reafirmación e ratificación de compromisos internacionais para avanzar na institucionalización de xénero da política galega de cooperación e superar a etapa declarativa.

3.2. Os obxectivos estratéxicos

Por primeira vez, un PD recolle un obxectivo estratéxico específico de equidade de xénero. Malia a que a formulación do obxectivo puidera parecer un pouco difusa, se reparamos no seu desenvolvemento, vemos avances importantes. Así, o obxectivo 4.1, fala directamente de promover o empoderamento e incorporar o enfoque de xénero no desenvolvemento en todas as propostas da cooperación galega. E dicir, aínda que non explicitamente, fala de incorporar á cooperación galega a dobre vía de mainstreaming e empoderamento que promulga a Plataforma de Acción de Beijing.

Os seguintes obxectivos específicos 4.2 e 4.3, non aportan moito máis ao tema dos dereitos das

mulleres, nin ao mandato da dobre vía. Sen embargo cabe marcar que o 4.3. si que remarca a defensa da interculturalidade, importante para unha concepción multidimensional e multiidentitaria do xénero.

3.3. As prioridades transversais

Ao igual que no I Plan Director, neste tamén se inclúe o xénero como prioridade transversal. Cabe reparar en que a explicación da prioridade transversal se clarificou neste segundo PD. Así, na súa formulación déronse pasos importantes, aínda que sexa dunha forma declarativa:

malia a que a formulación puidera parecer un pouco difusa, por primeira vez un PD recolle un **obxectivo estratéxico** específico de equidade de xénero

En primeiro lugar, como antes se comentaba, recoñécense os dereitos das mulleres,

“Non se poden afirmar os dereitos das persoas se exclúe, marxina ou discrimina a metade da poboación

por razóns do seu sexo. A desigualdade de xénero implica unha negación dos dereitos das persoas e constitúe, asemade, un severo obstáculo para o desenvolvemento”⁵.

5. Íbid. P. 54.





En segundo lugar, reconécese que a equidade de xénero, aínda que non o enfoque de xénero en desenvolvemento como tal, ten que estar presente en todas as intervencións, sexa cal sexa o sector.

En terceiro lugar, fálase da estratexia de empoderamento, no Norte e no Sur, como estratexia que debería, enténdese, ser tamén transversalizada ou introducida na corrente principal tal e como o *mainstreaming* ordena.

Por último, e se cadra máis importante, explicitáse o que significa transversalizar a perspectiva de xénero, deixando claro que ten que ir máis aló dun mero trámite administrativo -tema que se retomará nos instrumentos de axuda, ao concretarse que a transversalización supón unha identificación con enfoque de xénero- para,

(...) converterse nunha exigencia que garanta a capacidade transformadora, neste ámbito das relacións entre homes e mulleres, de todas as intervencións de desenvolvemento. Iso compor-

ta a obriga de considerar o impacto diferenciado que as intervencións poden ter sobre as mulleres e homes, así como nas relacións entre ambos⁶.

En resumo, os avances dados coa reconceptualización da transversalización do enfoque son importantes, pese a que unha vez mais se quedan nun primeiro estado declarativo

3.4. As prioridades sectoriais

A loita por incluír o xénero como prioridade sectorial neste novo Plan Director loitouse dende o principio e en varias fronteas, aínda que non se conseguise. Intentouse, porque a teima pola inclusión dunha prioridade sectorial de xénero, non é outra que a teima por conseguir que se asigne financiamento específico á promoción dos dereitos das mulleres, xa que son as prioridades sec-

toriais as únicas que teñen un indicador porcentual de Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) asignado no II PD, indicador que serve para medir a eficacia no cumprimento de obxectivos de desembolso.

6. Ibid.

O mandato da Lei de cooperación queda de novo sen referencia neste PD. Así pois, o feito de que haxa un obxectivo específico sobre empoderamento e transversalización non garante que se financien proxectos en temas de empoderamento nin que estes estean priorizados.

3.5. Os instrumentos de axuda e os indicadores

Convén que reparemos en dous apartados mais, as referencias ao xénero que se fan nos instrumentos de axuda, e a presenza deste nos indicadores de medición e avaliación do PD.

Primeiro, nos instrumentos de axuda, nos principios xerais dos cales se recoñece que:

“a importancia das liñas transversais deberase reflectir no formulario das convocatorias, con especial atención ao enfoque de xénero”⁷.

Por primeira vez, e incorporando unha esixencia e alegación da Comisión de Xénero, recóllese unha explicación clara do que significa a transversalización de xénero para os instrumentos de cooperación, máis aló de que o enfoque de xénero dun

proxecto se explicitase nun punto do documento de proxecto:

As propostas que opten a subvención deberán incluír, como requisito imprescindible, unha identificación do proxecto co enfoque de xénero na que se teñan levado a cabo diagnósticos de xénero da realidade sobre a que se quere traballar⁸.

Este pode ser quizais o avance máis importante do Plan Director 2010/2013, posto que é aquí onde se operativiza o declarativo no referente a transversalización do enfoque XED. Pode ser o primeiro paso para a institucionalización do principio de transversalidade na cooperación galega.

A isto temos que engadir que nos obxectivos e indicadores que contén o novo PD para a súa medición, novidade importante con respecto ao anterior que vén a operativizar este novo marco, hai dous específicos relacionados co enfoque de xénero, a saber:

I. 4.1.1. Foi obrigatoria a incorporación do enfoque XED en todas as propostas e valorouse a calidade e profundidade deste⁹



Sensibilización na rúa

7. GALICIA. XUNTA DE GALICIA. (2010) Op.cit. P.70

8. Ibid.

9. Ibid. P. 89.



I. 8.4.4. Reforzáronse as capacidades técnicas e de xestión da Xunta, incorporando persoal experto como mínimo nas áreas de xénero e avaliación¹⁰.

Con este paso operativízase por fin e empeza a planificarse en termos de xénero. Malia a que non hai un obxectivo específico nin indicador para o empoderamento das mulleres, sí que se inclúe unha medición para a efectiva transversalización do xénero. Ademais, e non menos importante, considérase necesaria a incorporación de persoal experto na Xunta de Galicia para a área de xénero.

3.5. Aplicación da perspectiva de xénero nos instrumentos da axuda

A pesar de que en 2011 as convocatorias de subvencións da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea supuxeron un avance con respecto a convocatorias anteriores, estas continuaron a non estar pensadas dende un enfoque de xénero.

A transversalización do enfoque de xénero non é real xa que en distintas ocasións amosa ser un engadido.

Parte dos avances producidos con respecto a anos anteriores, parten das alegacións que os distintos grupos de traballo da Coordinadora Galega realizaron ás mesmas, en especial a Comisión de Xénero. O que reflicte que é máis unha demanda do tecido asociativo, da sociedade, que unha vontade política/da administración pública.

Un exemplo que pode ilustrar esta realidade é que en ningunha das convocatorias de 2011 (cooperación, educación para o desenvolvemento, fortalecemento e microproxectos) había un orzamento destinado ao xénero ou a recursos humanos específicos.

E incluso si tomamos con referencia a apreciación que recibe o xénero, tendo en conta as valoracións globais que tiveron na convocatoria de 2011 os proxectos, o xénero é considerado como algo secundario e prescindible. Por exemplo, na puntuación que reciben os aspectos relacionados co contido do proxecto, para a convocatoria Axudas a proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, é de ata cincuenta puntos. O impacto de xénero recibe só seis puntos de cincuenta, algo a todas luces insuficiente.

¹⁰. Ibid. P. 91.



3.6. Finanzamento específico de xénero. Posibilidades de xestión

Rematada a análise dos apartados máis importantes do PD, e concluíndo que realmente a institucionalización do xénero en Galicia se atopa na súa etapa declarativa, cabe analizar a xestión real da AOD con respecto a xénero que se ten levado a cabo na Xunta de Galicia ata o momento.

Malia aos esforzos da Cooperación Galega por contabilizar os aportes de AOD a xénero nos últimos anos, podemos concluír que as metodoloxías de contabilización non parecen moi axeitadas ou fiables. Polo que non hai forma de conseguir datos e información axeitada para poder facer unha valoración real da xestión da AOD con respecto ao xénero na cooperación galega. Esta conclusión serve para asegurar unha vez máis que a institucionalización de xénero non ten chegado á xestión da cooperación galega, malia aos esforzos levados a cabo ata o momento.

Ademais, cabería xa incluír como reto para os vindeiros ciclos de xestión, un esforzo por clarificar os datos referidos a xénero, tanto no correspondente ao tema de empoderamento, CRS 15164, coma no referido a transversalización medida polo marcador do CAD.

Para esta última medición, a máis complicada, sería bo que a Subdirección Xeral de Cooperación Exterior actual, fixese un esforzo por publicar os datos desagregados da medición de proxectos con compoñente transversalizado de xénero.

4. Conclusións e retos de futuro. Pasos para unha efectiva implementación da Plataforma de Acción de Beijing

A política de cooperación galega está encamiñada a avanzar nunha verdadeira institucionalización do xénero. Como mencionabamos en apartados anteriores, o novo Plan Director da Cooperación Galega 2010/2013, dá saltos importantes na institucionalización do xénero malia a que aínda se atopa nunha etapa inicial e declarativa. Avanzouse na planificación, coa adopción de indicadores de xénero para a medición da efectividade da transversalización. Avanzouse tamén ao falar da necesidade de recursos humanos especializados para o organismo planificador da cooperación galega, a Subdirección Xeral de Cooperación Exterior. Avanzouse na redefinición conceptual do enfoque XED, cunha definición de transversalidade, incluída nos instrumentos de axuda, que fala de impacto de xénero e de identificación de necesidades diferenciadas para homes e



mulleres, avanzouse ao incluír por primeira vez un obxectivo específico de empoderamento das mulleres, -malia a que este obxectivo non se reflecta na medición de indicadores, nin teña orzamento asignado xa que empoderamento non constitúe unha prioridade sectorial.

Todos estes avances sen embargo, omitiron algúns pasos intermedios que convén ir dando, para acadar a institucionalización de xénero, e que se convirten en retos para o sistema galego de cooperación.

No referente ao Plan Director, bótase en falta unha aposta clara por ratificar instrumentos internacionais que fosen marco normativo do mesmo coma a CEDAW ou a Plataforma de Acción de Beijing. Faltaría tamén especificar neste apartado normativo, que o marco dos ODM quedase curto e supón un retroceso con respecto á equidade de xénero. Dentro dun enfoque de dereitos, os dereitos das mulleres, mais aló das necesidades básicas, recoñeceríanse como obxectivo a acadar directamente, en relación con instrumentos internacionais máis avanzados.

a **vanzouse ao incluír por primeira vez un obxectivo específico de empoderamento das mulleres, malia que non se reflecta na medición de indicadores nin teña orzamento asignado**

Sería preciso ter en conta tamén, de cara a futuros plans directores, ou mesmo á operativización deste nos Plans Anuais, a necesidade dunha reconceptualización do enfoque XED, que falase de necesidades prácticas e intereses estratéxicos, de toma de decisións, de dereitos das mulleres, de visibilización do

traballo reprodutivo e dos coitados, do traballo doméstico para a súa contabilización, de contabilización da dobre vía de Beijing. Esta reconceptualización viría a introducir o xénero na corrente principal e faríase obrigada a súa inclusión real no resto de prioridades sectoriais por exemplo, educación para o

desenvolvemento, acción humanitaria, etc.

Por suposto sería preciso de cara ao futuro establecer unha prioridade sectorial de empoderamento e dereitos das mulleres, o que significaría unha asignación real de recursos económicos ao compoñente de empoderamento, e por descontado suporía a asignación de indicadores de medición do mesmo.

Por outra banda, no tema de transversalización, segue a faltar a asignación de orzamento específico dentro



dos instrumentos de axuda para facer diagnósticos de xénero nas identificacións de proxectos. Igualmente faltaría definir un compoñente específico de xénero nas convocatorias de fortalecemento de actores de cooperación para que as ONGD e outros axentes poidan afrontar o reto de fortalecemento necesario neste eido do enfoque de xénero, que leve un verdadeiro cambio intraorganizacional e de proxectos.

4.1. Retos para a Xunta de Galicia

Se imos un pouco máis aló deste Plan Director, existen retos tamén para a propia Xunta de Galicia. Neste senso é de recibo lembrar que son necesarios recursos económicos e humanos para facer factible a institucionalización de xénero. Necesítase igualmente formación e capacitación en temas de xénero para a propia unidade xestora. E para isto, é preciso orzamento específico.

Noutro ámbito de cousas, son precisos igualmente mecanismos de concertación entre o Goberno Central e as administracións autonómicas para promover e facer efectiva a Estratexia de Xénero en Desenvolvemento, aplicable a toda a cooperación española. Mecanismos de concertación que potencien o aliñamento entre o Estado e as Comunidades autónomas para os temas de xénero na cooperación.

4.2. Retos para as ONGD galegas

Para rematar, e sen ánimo exhaustivo xa que a intención do artigo é a análise da política de cooperación, temos que incluír un apartado de retos para ONGD e axentes de cooperación galegas. Porque malia a que a institucionalización de xénero é unha tarefa da administración pública que administra a cooperación, os axentes implementadores forman parte importante do sistema de cooperación. Sen eles a operativización da institucionalización de xénero nunca será completa.

Neste senso, hai que empezar por esixirlles ás ONGD galegas que inclúan o xénero intraorganizativamente, e non só nos produtos que presentan a financiamento como poden ser os proxectos.

Para isto é preciso que as ONGD asignen recursos propios, como estratexia política interna, máis aló dos requerimentos de financiamento público, a capacitación en temas de xénero. Neste senso, a Coordinadora Galega de ONGD, a través da súa Comisión de Xénero, pode ser o punto de partida para esta capacitación, a través do traballo en sistematización de boas prácticas de xénero que esta está a levar a cabo nos últimos dous anos, así coma de promoción da formación en xénero.





É dicir, fai falta que as ONGD se conciencien co tema de xénero e promovan un cambio na súa cultura organizacional, asumindo unha verdadeira cultura política de transformación social.

Nestas mesmas recomendacións habería que incluír á Coordinadora Galega de ONGD, como federación que representa ao sector das ONGD galegas, para que revisase ao interno a súa transversalización de xénero. A revisión do Código de Conduta para que inclúa a esixencia da equidade de xénero,

ro, intraorganizacional e de produtos de cooperación e educación para o desenvolvemento, podería ser un paso importante, xa que suporía converter a aposta polo enfoque de xénero en requisito indispensable para a integración de novas ONGD na mesma.

Neste senso, conviría potenciar a actividade da Comisión de Xénero, como unidade experta que levase a cabo a revisión da política interna da Coordinadora,

para xeneralizala, dando cabida a unha declaración da Coordinadora como feminista. Un labor complicado, pero que conseguiría desestigmatizar o feminismo para recoñecerlle o traballo en prol da equidade que o movemento feminista ten levado a cabo

ao longo dos anos, para darlle o lugar que lle corresponde.

Todos estes retos, tanto para o Plan Director, para a administración pública galega, coma para os diferentes axentes de cooperación, son os retos que hai que superar para conseguir unha verdadeira ins-

titucionalización do xénero na política galega de cooperación. O traballo conxunto entre a Xunta de Galicia e o terceiro sector galego é o camiño para avanzar nos vindeiros anos, e situar a Galicia no cumprimento da Estratexia de Xénero da Cooperación Española, e de instrumentos internacionais máis amplos e antigos, para situala no camiño que outras comunidades autónomas de referencia coma o País Vasco, xa teñen andado. ■

O traballo entre a Xunta de Galicia e o terceiro sector galego é o camiño para avanzar nos vindeiros anos, e situar a Galicia no cumprimento da Estratexia de Xénero da Cooperación Española

3

Loita CONTRA A POBREZA, cooperación e ONGDs

CARLOS TEIJO GARCÍA

Profesor de Dereito Internacional
Público e Relacións Internacionais da
Universidade de Santiago de Compostela



a



Coordinadora Galega de ONGD cumpre 20 anos e a efeméride dámos ocasión de celebrar o papel básico que desempeñou este espazo organizativo na creación dun sistema galego de cooperación ao desenvolvemento. Non obstante, no momento desta merecida celebración o que se me vén á cabeza, máis alá do incuestionable valor institucional da Coordinadora, son as persoas que a integraron e participaron da súa actividade ao longo destes anos; rostros concretos con nome e apelidos que, en representación das distintas entidades, sumaron esforzos nunha tarefa colectiva, e logo por definición difícil, de sensibilización social, visibilización política e autofortalecemento do sector. O meu recordo e recoñecemento, por tanto, vai para todos aqueles, e penso sinceramente que son maioría, que dentro do universo das ONGD galegas souberon engadir ao traballo singular da súa organización a creación dunha sinerxía plural con outras entidades no espazo de encontro que é a Coordinadora.

Para fuxir do sentimentalismo propio das conmemoracións, paso a centrarme no que me pediron os promotores deste volume, que en realidade foron algunhas reflexións sobre a escasa centralidade da loita contra a pobreza no ámbito internacional e estatal durante os últimos vinte e cinco anos e tamén sobre o paralelo papel das ONGD na articulación dun siste-

ma de cooperación. Ambas cuestións poderían dar lugar a unha exposición interminable polo que me vou centrar só en tres ou catro preguntas que resumiría así: Tentouse reforzar a loita contra a pobreza a nivel mundial nas últimas décadas? Houbo en España e Galicia un compromiso real con ese proceso dende a lóxica da cooperación ao desenvolvemento? Cal foi a relación das ONGD con ese esforzo? En fin, aínda abreviando, moitas dúbidas para tan pouco espazo polo que avanzarei só algunha reflexión impresionista e apresurada ao respecto.

Por comezar polo máis xeral, direi que na miña opinión o proceso de loita contra a pobreza si que foi reforzado nos últimos vinte anos, aínda que fora basicamente dentro do sector específico da cooperación ao desenvolvemento. Ou dito doutro xeito, que neste tempo a loita contra a pobreza erixiuse no referente central do discurso da cooperación pasando por riba doutros compoñentes tradicionais deste coma son o mero asistencialismo ou a defensa dos intereses estratéxicos dos donantes. Sen dúbida, para esa deriva foi fundamental a enunciación dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM) que, ao orientarse cara a resultados, introduciron unha lóxica de eficacia nas políticas e intervencións de axuda. Unha vez sentada esta premisa inicial, é dicir que a calidade do sistema



de AOD internacional mellorou nestes anos, penso que completan o panorama xeral outras dúas ideas, menos optimistas, que agroman nas beiras desta.

A primeira delas ten que ver co propio funcionamento interno do sistema de cooperación xa que, a maior tecnificación da axuda que apareceu ligada á xestión cara a resultados, da que poden ser mostra unha certa obsesión discursiva polos ODM ou tamén a “proxectite” en clave de marco lóxico que empregamos para achegarnos a problemas de calquera orde, carrexou unha parcial desideoloxización

dos procesos de desenvolvemento, que fixo afogar a dimensión conflitiva que ten a loita pola xustiza social nas silandeiras augas dun discurso bastante tecnocrático. Non sei se repolitización das intervencións de desenvolvemento é posible (supoño que todo dependerá do sentido que lle queiramos dar a esta expresión e eu emprégoa, case con pudor, só dende unha lóxica de micropolítica que non ten por que ser necesariamente militante en estruturas de representación), pero si que penso que na práctica operativa destas intervencións, grandes ou pequenas, se debe

**a loita contra a pobreza
erixiuse no referente
central do discurso da
cooperación pasando
por riba do mero
asistencialismo ou a
defensa dos intereses
estratéxicos dos donantes**

asumir que a reivindicación dos dereitos humanos básicos non pode ter carácter neutral nin técnico, que ten implicacións concretas en termos de poder e que debe conducir ao aliñamento, case nunca doado, cos máis desfavorecidos. E considero que ese compromiso e implicación das ONGD nos conflitos que procuran

xustiza social –que xa existe en tantas e tantas ocasións- debería facerse moito máis visible do que é. Cómpre insistir en que os cartos chegan, en que non se perden, en que os proxectos se diagnostican, seguen e avalían e, en definitiva, en que todo este asunto está en mans de profesionais; pero logrando

que a mensaxe xerencial non escureza por completo a xenuína loita polos dereitos e pola xustiza que subxace nos procesos de empoderamento.

A segunda das ideas que tamén se conecta dalgún xeito co fortalecemento do sistema internacional de cooperación ten que ver, dunha forma aínda máis xeral que a anterior, co que poderíamos chamar a sectorialización da AOD dentro do conxunto das políticas de alcance global e coa importancia decrecente que paradoxalmente esta ten para moitos países



en desenvolvemento. A pesar de que a cooperación medrou na última década e segue a resultar capital como achega de recursos para unha parte importante dos estados con altos índices de pobreza, sobre todo africanos, o certo é que esta política perdeu relevancia cando a observamos dende unha óptica multi-lateral. Se ata hai algúns anos a existencia de vigorosas políticas de cooperación era

unha reivindicación colectiva dos denominados países do Sur, na actualidade percíbese certo desinterese cara a estas intervencións por parte dos países emerxentes, que pasaron a reivindicar espazos para o crecemento económico e para o desenvolvemento social den-

de esferas que agora (non sempre foi así no pasado) están cada vez máis desconectadas dos procesos de cooperación como é, sobre todo, a esfera comercial. No caso da reformulación da cooperación da UE cos ACP na última década, por poñer un exemplo, apréciase con claridade esa segmentación ou sectorialización posto que a xestión da AOD comunitaria se separou de forma clara, a diferenza do que ocorría tradicionalmente, da negociación do intercambio comercial cos países do sur.

parece difícil cuestionar a importancia das entidades como polos permanentes de sensibilización social e como cooperadores necesarios das administracións públicas

A experiencia das economías emerxentes amosa que a redución da pobreza se liga ao crecemento e á apertura exportadora, polo que as reivindicacións destes países se centran na eliminación das barreiras que condicionan a súa integración nunha economía global aberta. Isto non ten nada de novo, claro, pero agora implica un desdén manifesto por parte dos

países emerxentes cara á axuda clásica que antes non se producía; para empezar porque no contexto pre-OMC de hai dúas décadas se incorporaba ao concepto lato da cooperación ao desenvolvemento unha dimensión comercial. Como consecuencia desta sectorialización actual atópanse en entredito

tanto o discurso máis tradicional do dereito ao desenvolvemento como o propio concepto das políticas de axuda ao abdicar moitos países emerxentes da súa defensa. En febreiro de 2011 e no contexto da conmemoración do vixésimo quinto aniversario da Declaración sobre o dereito ao desenvolvemento, o presidente do Grupo Especial da ONU que analiza a implementación deste dereito humano amosaba o seu desconcerto ante este cambiante escenario ao indicar que “o horizonte político deste debate é moito

máis complicado que antes ao estar o poder económico desprazándose cara a certos mercados e países emerxentes que adoitaban ser activos na promoción do dereito ao desenvolvemento pero que pasaron a gardar silencio en canto entraron nunha senda de rápido crecemento (...) polo que xa non resulta moi exacto ver os intereses en xogo en función dunha dicotomía entre ricos e pobres, Norte e Sur ou países desenvolvidos fronte a países en desenvolvemento”¹. Neste novo marco, fracturado e ambiguo, dilúese aínda máis o espazo político que debera ocupar a cooperación para o desenvolvemento no eido global; unha política que medra en recursos pero que ten cada vez menos significación –polo seu curto alcance– para os que artificialmente, se cadra máis que nunca, seguimos chamando países do Sur.



Aterrando xa en España, atreveríame a dicir que nas últimas dúas décadas construíuse un sistema de cooperación sólido que, pese a todas as eivas subliñadas polas diversas avaliacións ás que ten sido sometido (como a precipitación no crecemento, a falta de orientación estratéxica na aposta multilateral, a esca-

sa coherencia existente entre as diversas instancias territoriais e a pobre orientación cara a resultados, por recoller só algunhas das mencionadas no peer review do CAD de 2007), situou o país na vangarda da cooperación internacional nun curto período de tempo. Agora ben, se nos preguntamos polo papel que xogaron as ONGD no impulso deste proceso, a verdade é que só podemos bocexar respostas ambiguas. Está claro que nos momentos críticos nos que unha catástrofe humanitaria (coma o Mitch ou o tsunami

1. *The Politics of the Possible: Achievements and Challenges of International Agreement on the Right to Development*, Paper preparado por S. P. Marks co galo do encontro *25 Years of the Right to Development Achievements and Challenges*, Friedrich Ebert Stiftung, Berlín, 25 de febreiro de 2011, p. 12.





do Suroeste asiático) contribuíu a moldear o imaxinario colectivo da solidariedade, o rol desempeñado polas ONGD como catalizadoras desa imaxe resultou clave. E tamén parece difícil cuestionar a importancia das entidades como polos permanentes de sensibilización social e como cooperadores necesarios das administracións públicas para a xestión da AOD. Na cooperación descentralizada sobre todo, e o caso galego resulta nisto paradigmático, só se puideron articular mecanismos de axuda contando co sustento técnico e a capacidade das ONGD.

Non obstante, pese a esta centralidade das ONGD, debemos admitir que non houbo paralelismo entre o acelerado ritmo de crecemento do sistema de cooperación ao desenvolvemento e a lenta ampliación da base social das entidades nin, tampouco, co escaso aumento da capacidade de interlocución política e presenza pública destas. Na última década, na que se produce o gran salto adiante da cooperación española (grosso modo, dun 0,25% ao 0,5 % do PIB no II Plan Director 2005-2008 e, en teoría, do 0,5% ao mítico 0,7% que se prevé no III Plan Director 2009-2012 pero que non vai ser acadado), as ONGD sen dúbida impulsaron pero, na miña opinión, fundamentalmente acompañaron o Goberno nunha tarefa –alcanzar o 0,7% e facer da cooperación o buque insignia do

multilateralismo español- que este asumiu con verdadeiro espírito de misión. No debate sobre a adopción do III Plan Director chegaronse a escoitar voces dende os representantes da sociedade civil no Consello de Cooperación, atinadas se as ollamos en perspectiva, que advertiron ao Executivo dos riscos que tiña apostar de xeito prematuro pola consecución do 0,7%, poñendo de manifesto a natureza eminentemente gobernamental da iniciativa. De xeito similar, penso tamén que pesou máis na expansión da cooperación descentralizada a inercia de replicación mimética da acción exterior estatal por parte das diversas CCAA que o traslado dunha demanda social substantiva nese senso por parte das ONGD, a pesar de que este compoñente, ninguén pode dubidalo, foi parte esencial do proceso.

No momento de crise económica, restricións orzamentarias e desmantelamento dunha parte importante das políticas de cooperación que estamos a experimentar, no eido estatal pero sobre todo no eido autonómico e local, obsérvase claramente o reverso desta idea. As ONGD non foron as principais responsables de trasladar unha demanda social real de que se producira un crecemento tan acelerado e intensivo da axuda ao desenvolvemento como o que aconteceu na última década (probablemente si



que lograron concienciar sobre a conveniencia do aumento da axuda pero non no tocante á premura e aos ritmos dese incremento) e, correlativamente, tampouco atopan agora capacidade de mobilización para opoñerlle resistencia social a unhas amputacións nesta axuda que se están a levar a cabo ante a notoria indiferenza cidadá.

Diante desta situación, no entanto, non semella que existan respostas fáciles. O máis socorrido sería dicir que as ONGD ficaron convertidas en estruturas tecnocráticas de xestión de proxectos e que deberan repolitizar a súa actuación. Pero penso que esta receita é trivial e banaliza unha situación que non ten nada de simple. A verdade é que non se trata dun problema singular das ONGD nin de que exista escepticismo cara a elas senón que estas entidades se enfrontan cada día a unha tarefa que resulta moito máis titánica xa que pasa por falarlle de solidariedade a nunha sociedade na que existe un profundo descrédito do espazo público e dos intereses colectivos. Máis aínda, na que medra a atonía ou o desinterese resignado respecto ao ben

debemos admitir que non houbo paralelismo entre o acelerado ritmo de crecemento do sistema de cooperación ao desenvolvemento e a lenta ampliación da base social das entidades

común; e nese contorno de crise, non só económica, faise realmente difícil acometer un labor solidario. Ignoro as respostas que se lle poden dar a semellante desafío pero confío na imaxinación e no talento dos cooperantes e de todos aqueles vinculados coa cultura da solidariedade para artellar dis-

cursos de futuro e vexo, no que están a facer as ONGD, signos positivos de alento mediante a reconstrución de mensaxes máis transversais coas que achegarse á xente ou tamén no crecente convencemento colectivo de que o labor básico da sensibilización ten que saír do enclaustramento nas aulas e no ensino regra-

do para facerse moito máis capilar e alcanzar instancias sociais tradicionalmente menos atendidas. Para esta complexa tarefa de reimaxinar a cooperación en tempo de crise e de lograr que os discursos da solidariedade se filtren de forma máis fluída nas nosas relacións sociais, unha tarefa que terá que ser conxunta e cooperativa entre entidades ou que dificilmente poderá ser, teremos a sorte de seguir contando co espazo de todos que é a Coordinadora e con todas as persoas que a fan posible. ■



Actividade de sensibilización social en Ourense, ano 2008



4

Un futuro apoiado
na COMUNICACIÓN
para desenvolver un
CAMBIO SOCIAL REAL

JUAN DE SOLA e NATALIA PUGA

Agareso (Asociación Galega de
Reporteiros Solidarios)



a



comunicación é unha das ferramentas esenciais que permite dar cumprimento a un dos dereitos fundamentais como é o acceso á información. Partindo desta base, a utilización da comunicación como un servizo universal, a niveis similares da sanidade ou da educación, concede a oportunidade de desenvolver pobos, comunidades ou sociedades cara a unha evolución positiva. É coñecido que “un pobo con acceso libre á educación e á información ten no seu poder un futuro cargado de esperanza”.

Comunicación para o Desenvolvemento (CpD) é o mesmo que falar de persoas, de cidadáns con potencial comunicativo, pero que non tiveron a oportunidade de desenvolver as súas capacidades. Falar de CpD é falar da brindar a oportunidade a comunidades

e sectores da sociedade que estiveron silenciados por causas alleas á súa vontade, que mesmo foron relegados a situacións de exclusión social e de marginalidade. É falar de darlle voz a persoas que foron privadas dela, de facilitarlles as ferramentas para que poidan comunicarse e de deixar que se expresen. As súas achegas ao mundo e ao desenvolvemento

Coñecemento, tecnoloxía e experiencia (CTE) son **os tres alicerces principais que soportan os proxectos que están vinculados á comunicación con criterios de desenvolvemento**

humano serán moito maiores das que achegas que se poidan facer desde as entidades que nos dedicamos a facilitarlles, simplemente, un coñecemento comunicativo do que foran privados.

Pero para tal fin, resulta necesario implementar plans integrais de CpD, alí onde sexa preciso, onde se diagnostiquen deficiencias ou debilidades nesta materia. Outorgar este dereito non será catalogado, nunca, como un mérito de Agareso e si unha obrigación organizativa ao longo da súa historia.

O programa pode estar baseado na creación de talleres de iniciación na comunicación gráfica, radiofónica ou escrita, entre outras habilidades. Este obxectivo principal obriga á creación de departamentos

especializados nunha Acción Social ou Cooperación que recorra á comunicación para provocar un verdadeiro desenvolvemento. Facer un bo uso do coñecemento e transferilo é o parámetro principal de calquera acción, independentemente do destino xeográfico dos beneficiarios. Neste obxectivo provocarase un cambio social real en diversos ámbitos tanto en con-

textos e realidades locais como internacionais nos que se rexistre un diagnóstico axeitado para executar unha intervención da rede de reporteiros.

Á marxe da transferencia do coñecemento, os esforzos aplicados nesta vertente de Agareso, centrada tanto na Acción Social como na Cooperación directa como ONGD recoñecida, ofrecen a capacidade de dotar de tecnoloxía e experiencia comunicativa naqueles ámbitos, países ou sociedades onde esta clase de carencias fosen localizadas.

Coñecemento, Tecnoloxía e Experiencia (CTE) son os tres alicerces principais que soportan os proxectos que están vinculados á comunicación con criterios de desenvolvemento. Estas accións deben construírse cumprindo escrupulosamente cos principios básicos dos dereitos humanos, así como coa participación activa e a independencia dos beneficiarios:

- Comunicación para o desenvolvemento baseada no respecto aos dereitos e opinións das comunidades locais.
- Comunicación con visión plural de desenvolvemento (onde se consideren os factores

económicos, sociais e ambientais, interculturalidade, equidade, entre outros).

- Igualdade social e interxeneracional como un obxectivo constante das accións acometidas.
- Comunicación para o desenvolvemento con visión a medio e longo prazo en todas as accións, fuxindo do carácter curtopracista dos proxectos.
- Pluralidade en canto aos actores e procura de sinerxías que fortalezan o proceso.
- Creación de capacidades, potenciación de habilidades locais e inclusión real dos beneficiarios (o ser humano como elemento central do proceso de desenvolvemento).
- Cooperación con data de caducidade. Unha vez rematado o proxecto en cuestión, o colectivo beneficiario deberá ter as capacidades necesarias para desenvolverse de forma autónoma.
- Promoción e divulgación das actividades realizadas (visibilización e sensibilización).





As intervencións no contexto propio ou alleo ao mesmo seguirán os mesmos parámetros de actuación. Serán estudadas as dificultades estruturais, culturais e sociais de cada un dos escenarios antes de iniciar a actuación.

A composición e implementación dos proxectos de comunicación para o desenvolvemento responderá ás principais liñas marco de institucións como a Consellería de Benestar Social, Cooperación Galega ou Axencia Española de Cooperación Internacional (AECID), especialmente, no caso das actuacións no exterior. No resto de contextos non existirán diferenzas, á marxe da idiosincrasia que presente unha acción nun medio local que precisa do apoio da institución máis próxima...

Desafortunadamente, na actualidade, as referencias a este concepto de intervir nunha realidade social, potenciando as capacidades comunicativas, non aparece referenciado en plans directores ou estratéxicos das diversas administracións que dedican áreas de xestión ao mundo do traballo social e á solidariedade.

A incorporación técnica e política da CpD é una das necesidades básicas para que o futuro da cooperación teña novas fórmulas de loitar contra a pobreza. Tamén, existe unha importante insuficiencia na implicación do terceiro sector por incorporar nas súas accións ou proxectos este enfoque sectorial.

Un xeito único de optimizar os recursos ao máximo nivel: Actuar, desenvolver, visibilizar e sensibilizar. Catro posibilidades concentradas nunha mesma formulación.

Neste sentido, as posibilidades da Comunicación para o Desenvolvemento ofrecen, ademais, unha singular posibilidade de previr a 'Fenda Dixital' na actualidade. Unha das importantes ameazas recoñecidas, oficialmente, por Nacións Unidas.

Nas décadas vindeiras, considérase fundamental incorporar o valor da comunicación dende unha perspectiva activa e eficiente para toda clase de proxectos e programas sociais.

Marcar un novo rumbo na cooperación pasa, de xeito inevitable, por unha comunicación de calidade e comprometida. ■

**marcar un novo
rumbo na
cooperación pasa, de
xeito inevitable, por unha
comunicación de calidade
e comprometida**



A Coordinadora Galega de ONGD ten organizado diversos almozos con xornalistas




5

Cuestión de
prioridades: do PACTO
GALEGO CONTRA A
POBREZA ao recorte
dun luxo prescindible

RUBÉN SANTAMARTA

Xornalista de La Voz de Galicia



C

ando a cooperación para o desenvolvemento se toma como unha esmola e non como unha firme actitude ante o reto de reducir as desigualdades planetarias, o compromiso económico (público ou privado) tarda pouco en desaparecer. Ante o mínimo problema a resposta é mirar cara a eses luxos prescindibles, os que se preservan só para tempos de vacas gordas. Esa resposta chámase hoxe recortes. Se nada e ninguén o remedia (poña vostede o nome que queira, partido ou dirixente político nesa “nada” e “ninguén”), Galicia, como outros puntos do Estado, darase pronto de baixa como axente cooperador. De feito, apenas existe hoxe: destina só un 0,065% do seu orzamento público para combater as desigualdades Norte-Sur. Ten a dubidosa honra de compartir podio con Murcia entre os territorios que menos dedican aos países pobres. Retroce a niveis de hai 5 anos. Será que non se pode...

É moi complicado hoxe meter a cooperación internacional na axenda política. Sempre o foi. Hai un muro por diante que non sabemos o ancho que é. Chamanlle prioridades. E cando hai unha prioridade (paro, poñamos por caso), semella que non se pode atender máis nada. E menos, un momento como este. Atendamos, pois, ás prioridades, que están en Galicia, e non a miles de quilómetros de distancia. A Xunta



recurtou este ano 2,2 millóns de euros da cooperación ao desenvolvemento para, entendemos, asumir esas prioridades do país. Desde maio e xuño (cando se publicaron sendos decretos de redución de gasto para o terceiro sector, casualidade, despois dunhas eleccións) o paro non se reduciu, o PIB está estancado, pechan máis empresas das que se crean, o campo segue na súa costa abaixo, a pesca vive pendente dun novo recorte de cotas, os sectores produtivos non despegan, o pequeno comercio colgou o cartel de “en venda”, as listas de espera na sanidade pasan dun ano a outro e a converxencia educativa con Europa terá que esperar. Coñecemos as prioridades, están definidas, si. Ante a maior crise nos últimos 50 anos, as respostas, sendo xenerosos, son moi cativas. ¿Serviu para algo retirar a “esmola” de 2,2 millóns e comprometer o desenvolvemento de programas que permitirían atender outras prioridades en Haití, Guatemala ou na República Dominicana?

A saída a esta crise económica virá por outro modelo produtivo, por outra maneira de entender o planeta e as relacións Norte-Sur. Ou esa saída, sinxelamente, non virá. Porque non evitará a emigración, non solventará os bruscos cambios de prezos, non mellorará a educación e a sanidade (auténticos luxos, de verdade, fóra do Estado do Benestar) e non fomentará a solida-

riedade entre os pobos, a mellor forma de progresar. Resultaría vergoñento, e moi difícil de explicar, que Europa sexa quen de desembolsar 150.000 millóns de euros (sen contar avais e outras fórmulas intermedias, leron ben) para recapitalizar o seu sistema financeiro, onde abodan os fortes beneficios, e regatear en cambios esforzos cando do que se trata é de que un neno, unha muller, un home, non morra de fame.

No século XXI, morrer de fame é unha infamia. No momento histórico de maior produción de alimentos, morrer de fame debería ser cousa de ver nos museos, como o Holocausto; ese tipo de episodios que convén ter sempre presentes para non repetir no futuro. Nese museo podería aparecer esta data: 18 de outubro de 2010. Ese día, os tres partidos políticos maioritarios de Galicia, tan pouco dados a amplos consensos, asinaron de xeito formal unha estensa declaración, O Pacto Galego contra a Pobreza. Ese documento, que debería aparecer se se cumplice, arranca tal que así: “A persistencia da pobreza e a desigualdade no mundo de hoxe é inxustificable; é una responsabilidade colectiva e existe un imperativo ético, social, político e económico que nos obriga a contribuír á súa erradicación”. ¿Quen non asinaría algo así? E se completa con cousas tan de sentido común como estas: dedicar o 0,7% do orza-



Camión polo Pacto Galego contra a Pobreza. Portomarín, 2010.

mento da Xunta dentro de cinco anos (non sen tempo) a cooperación ao desenvolvemento; fomentar o comercio xusto; propiciar acordos similares en entes locais; empregar a acción humanitaria con criterios de eficacia, eficiencia e pertinencia, canalizar os fondos cara ás persoas que máis o precisan, dando prioridade ás súas necesidades básicas... ¿Quen non cumpriría algo así? En números, suporía destinar ao ano uns 80 millóns de euros. Compáren cos 150.000 millóns anteriores. Esmolas e luxos.

Non se debe, nin se pode, converter ningunha aseveración nun axioma. Pero podemos dicir, sen cautelas, que hai moitas diferenzas entre un político e unha ONGD. Os primeiros, conscientes de crear un estado de esperanza entre os seus cidadáns, prometen. Os segundos, conscientes das súas limitacións, traballan co que teñen previamente comprometido (ingresos, proxectos aprobados...). Hai un problema cando os primeiros prometen os segundos. E non cumpren. O pacto asinado o 18 de outubro do 2010 non decidirá unhas eleccións. Non. Pero si permite albiscar prioridades. Os mesmos que non cumpren hoxe un pacto de hai só 12 meses non foron, e non son, quen de parar obras mastodónticas a tempo, de eliminar duplicidades, de curtar gastos supérfluos ou de perpetuar pluses para altos cargos que xa non teñen cargo. Se queren, poden chamalo demagogia. Pero esa burda práctica de converter en papel mollado un compromiso escrito (e asinado coa sociedade civil) alimenta movementos cidadáns de protesta como o 15-M, todo un *aldabonazo* coletivo.

O Pacto Galego contra a Pobreza engorda ese descontento: é inexistente en menos de 12 meses. Xa era un documento de mínimos. Un país que renega da cooperación para o desenvolvemento é un país que

non dá a man para saír dos problemas. Non miren cara a outro lado. Aquí non hai onde rañar.

Agora ben. Axuda ao desenvolvemento, si. Pero, ¿para que? ¿Para quen? ¿Para que florezan proxectos dubidosos? ¿Para que se sementen dúbidas sobre a efectividade? ¿Para burocratizar a sociedade da cooperación? ¿Para que uns poidan vivir no Norte mentres se limitan a falar do Sur? ¿Para converter a axuda en propaganda? ¿Para facer un safari? Os garavanzos negros que apareceron no recente pasado nesa estupenda heteroxeneidade que son as ONGD han servir para cumprir con esmero algo que se lle debe esixir, máis se cabe a quen traballa con cartos públicos: profesionalidade, transparencia, eficiencia e igualdade. O camiño que levou ata o Pacto Galego (peregrinando a Coordinadora de ONGD ata Santiago, entrevistándose con cargos políticos, recollendo sinaturas, teimando para falar de cooperación cando é máis doado o individualismo...) amosa un compromiso por atallar a pobreza tamén, máis aínda, en tempos de crise. Dunha crise que non se inventaron os países pobres porque eles levan décadas nunha crise de subsistencia que seguimos regularmente polo telexornal como quen mira un (interminable) documental sobre o Serengeti. Cuestión de prioridades. ■



Camiño polo Pacto Galego
contra a Pobreza. 2010.

6

EVOLUCIÓN da
cooperación para o
desenvolvemento na
POLÍTICA galega e nos
PARTIDOS políticos

MARGARITA PÉREZ HERRAIZ

Deputada nas Cortes do Estado pola
provincia de Lugo



En 1991 a cooperación para o desenvolvemento non tiña presenza nas institucións públicas galegas, e nos partidos políticos unicamente había algunhas persoas con certa sensibilidade respecto da cooperación para o desenvolvemento pero de maneira individual, non era unha cuestión que tivera presenza na actividade pública dos partidos, isto foi evolucionando e a cooperación para o desenvolvemento foi incrementando a súa presenza nas actividades e programas dos partidos políticos e por tanto na política galega, tentarei facer un repaso da presenza da cooperación para o desenvolvemento na Xunta de Galicia, no Parlamento galego e nos partidos políticos con representación no Parlamento e fareino separando estes vinte anos nos períodos correspondentes ás lexislaturas.

III LEXISLATURA

A actividade da cooperación galega comezou durante a III lexislatura, entre decembro de 1989 e outubro de 1993.

En 1992 a Dirección Xeral de Relacións institucionais asina o primeiro convenio de colaboración coa Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI), e dedícanse a cooperación para o desenvolvemento 249.416 euros.

IV LEXISLATURA

Entre outubro de 1993 e outubro de 1997 desenvólvese a IV lexislatura.

Publícase a primeira Orde que regula convocatoria de proxectos de ONGD en 1994. Tamén neste ano se crea o rexistro galego de ONGD. En 1996 publícase a primeira convocatoria de axudas para sensibilización.

O 28 de xuño de 1994 rexeitase no pleno do Parlamento unha proposición non de lei do grupo socialista que propoñía a elaboración dun proxecto de cooperación para o desenvolvemento, a constitución dun órgano de coordinación coa administración local, a regulación dun rexistro de ONG, e un programa específico nos orzamentos da Xunta.

V LEXISLATURA

Durante a V lexislatura, entre outubro de 1997 e outubro de 2001. En 1998 a Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias asina o segundo convenio coa AECI. O orzamento para cooperación de 2001 foi de 2.869.195 euros. E non houbo ningunha actividade parlamentaria relacionada con este tema.



Despois de varias reunións, en decembro de 1997 constitúese o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, para vertebrar a solidariedade cos pobos e sociedades máis desfavorecidas, impulsando e propiciando a creación dun tecido solidario e evitando as fragmentacións innecesarias. Nace con nove socios fundacionais aos que se foron engadindo estes anos outros trinta e tres concellos e dúas deputacións.

VI LEXISLATURA

Entre os anos 2001 e 2005, VI lexislatura, a cooperación galega tivo un grande impulso. Pasou a ser xestionada por unha Dirección xeral que dependía da Consellería de Emigración e Cooperación Exterior.

En 2003 aprobouse, por unanimidade, a Lei de Cooperación Galega e en decembro de 2004 o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento. Houbo unha importante actividade parlamentaria: En abril de 2002: Comparecencia en pleno do Conselleiro de Emigración e Cooperación Exterior para informar sobre “Galicia ante o novo horizonte de cooperación ó desenvolvemento”.

en decembro de 1997 constitúese o **Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**, para vertebrar a solidariedade cos pobos e sociedades máis desfavorecidas

Tramitáronse e rexeitáronse tres proposicións non de lei, en pleno, do grupo socialista para a elaboración dun programa de bolsas de cooperación; para apoiar os obxectivos do Cumio do Milenio; e para trasladarlle ao goberno central a posición da Comunidade Autónoma de Galicia, favorable ao control das transaccións financeiras internacionais, e ao establecemento dunha taxa tipo “Tobin”.

Tamén se tramitaron catro preguntas para resposta oral en comisión e dezaseis preguntas para resposta escrita, todas do grupo socialista.

O ano 2002 a cooperación tivo un orzamento de 4.228.084

euros, o 0,06% do total do orzamento e co maior incremento con respecto o ano anterior, o 67,86%. Ao final da lexislatura, o ano 2005, o orzamento foi de 6.198.079, e representaba o 0,07% do total.

VII LEXISLATURA

Entre os anos 2005 e 2009, xa na VII lexislatura, co goberno presidido por Emilio Pérez Touriño a Dirección xeral de cooperación é adscrita á Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Emigración



que dependía directamente do presidente da Xunta de Galicia.

Os programas electorais dos tres partidos con representación parlamentaria para as eleccións de 2005 teñen obxectivos de cooperación:

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

“O BNG procurará que esta política exterior se fundamente nos principios da igualdade entre os pobos, a resolución pacífica de conflitos, a defensa da democracia e dos dereitos humanos, a solidariedade e o beneficio mutuo.

Actuacións

- Apoio ás políticas de financiamento de proxectos de cooperación ao desenvolvemento, co obxectivo de dedicar a estas accións, ao final da próxima lexislatura, o 0,5% dos orzamentos de Galiza.
- Participación na axuda directa e de urxencia en situacións de crise humanitaria internacional, alentando o agrupamento de recursos e a implicación da cidadanía e outros actores privados.

- Apoio ás accións de cooperación ao desenvolvemento nos países inmersos en procesos de reconstrución ou vítimas da indiferenza internacional.”

PSdeG-PSOE

“Galicia pode contribuír a facer realidade un mundo mellor porque quere:

- Participar dende a súa propia realidade no sistema de gobernanza global a favor da paz, a democracia e o desenvolvemento.
- Achegar o seu esforzo para contribuír aos obxectivos do Milenio das Nacións Unidas e erradicar as lacras da pobreza, a enfermidade e o analfabetismo.
- Defender unha economía aberta e competitiva que impulse os intercambios comerciais e os fluxos financeiros internacionais a través de regras multilaterais que garantan un comercio libre e xusto.
- Cooperar e axudar os países en desenvolvemento.





- Proxectar a súa imaxe, afrontar os desafíos da globalización e asumir as responsabilidades que lle corresponden diante das xeracións actuais e futuras.”

- Con actuacións como incrementar axuda ao desenvolvemento chegando ao 0,56% no 2010, promover campañas de información e educación para o desenvolvemento, e incrementar a eficacia de axuda”.

PPdeG

“Dende o PPdeG entendemos que estamos ante unha grande empresa colectiva, polo que cómpre galeguizar a cooperación, estendendo esta cultura cívica a toda a nosa sociedade. Por iso comprometémonos a colaborar activamente con todos os axentes e actores implicados –Administración Públicas, ONGD, universidades, sindicatos, comunidades galegas no exterior...–, que pola súa experiencia, coñecementos, medios ou capacidades poidan contribuír de maneira efectiva a conseguir os obxectivos perseguidos. Para os

vindeiros catro anos o PPdeG asume as prioridades xeográficas e sectoriais que permitan actuacións no exterior de meirande eficacia e eficiencia, cun carácter máis visible e sostible.

A selección das áreas prioritarias responderá ao obxectivo de outorgar un crecente peso aos países máis desfavorecidos, potenciando os da África subsahariana, e preservando a orientación á Latinoamericana. Os proxectos han beneficiarse por demais da experiencia galega en materias como o do desenvolvemento rural, a pesca ou o turismo.

O PPdeG velará por que todas as iniciativas incorporen os principios transversais que guían a nosa acción política: erradicación da pobreza e das súas causas, promoción da igualdade entre mulleres e homes, defensa da sostenibilidade ambiental e absoluto respecto polos dereitos humanos. Daquela, e con eses principios, de conformidade coa Declaración de Obxectivos do Milenio, entendemos que as parcelas prioritarias a atender pola Cooperación galega deben ser:

a selección das áreas prioritarias responderá ao obxectivo de outorgar un crecente peso aos países máis desfavorecidos, potenciando os da África subsahariana, e preservando a orientación á Latinoamericana



- A cobertura das necesidades básicas.
- As infraestruturas fundamentais e a promoción do tecido económico.
- A participación social, o fortalecemento institucional e o bo goberno.
- O investimento nas capacidades do ser humano e a ampliación das liberdades.
- A protección e mellora da calidade ambiental, conservando a diversidade biolóxica e a utilización sostible dos recursos.
- A sensibilización e educación para o desenvolvemento.

Para materializar este programa, o goberno apoiado polo PPdeG incrementará as dotacións orzamentarias dedicadas á cooperación ao desenvolvemento ata cuadruplicalas, co horizonte do 0,7% previsto na Lei galega de cooperación."

A actividade parlamentaria foi moito menor.

En abril de 2006 aprobouse por unanimidade o I Plan Director da Cooperación galega. O Partido Popu-

lar solicitou a comparecencia da Directora Xeral de cooperación e tramitouse unha pregunta oral sobre a perspectiva de xénero nas accións e programas da cooperación e galega e unha pregunta escrita sobre o orzamento dedicado á cooperación para o desenvolvemento de cada unha das Consellerías, ambas as dúas do Partido Socialista.

A pesar de que nestes anos o orzamento para cooperación case se dobrou, pasou de seis millóns en 2005, a case doce millóns, en 2009, representando o 0,10% do orzamento total, quedou lonxe do obxectivo, o que escureceu o resto da actividade deste período no que a cooperación tivo máis presenza como política pública, mellorouse a planificación por obxectivos, implantáronse novos instrumentos como os "programas" e as iniciativas de desenvolvemento integral, impulsadas directamente polo goberno galego; continuouse co fortalecemento das organizacións non gobernamentais e fíxose unha política activa e integral de fomento do coñecemento das desigualdades no mundo.

Editáronse tres boletíns de "Galicia coopera" e un "informe cero" de comercio xusto. Do mesmo xeito, neste período incorporáronse ao Fondo Galego de cooperación vinte e catro concellos.

VIII LEXISLATURA


A VIII lexislatura comeza a partir de marzo de 2009. Na campaña electoral de 2009, o Partido Socialista de Galicia tivo un acto público específico sobre cooperación ao desenvolvemento. A cooperación para o desenvolvemento volve aparecer nos programas electorais.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Defende a necesidade dunha política exterior activa de Galiza, fundamentada na igualdade entre os pobos, a resolución pacífica dos conflitos e a defensa da democracia e dos dereitos humanos; para o que propón cooperar cos pobos máis empobrecidos, incrementar o orzamento co obxectivo de acadar o 0,7% do PIB, promover o coñecemento das desigualdades, o comercio xusto e o consumo responsable, a cooperación cos países lusófonos, con especial atención ás experiencias de codesenvolvemento e coa interlocución có tecido asociativo galego.

PSdeG-PSOE

Promove unha cooperación máis xusta e participativa para dar resposta organizada ás fendas que sepa-



ran o mundo rico do pobre, coa colaboración estable coas ONGD, co Fondo Galego de Cooperación como dinamizador da cooperación local, e coas institucións e organismos comprometidos na tarefa de acadar un mundo mellor. Ten o obxectivo de aproximar o orzamento o 0,7%, mellorar a coordinación co Fondo Galego, as ONGD, e os organismos implicados, mellorar o sistema de resposta ás emerxencias e a información á cidadanía e fomentar o Comercio Xusto e a compra ética.



PPdeG

Propón renovar o compromiso do goberno galego coa solidariedade coas persoas de países máis desfavorecidos para contribuír para alcanzar os Obxectivos do Milenio, e loitar contra a pobreza extrema e a fame, favorecer o ensino primario universal, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a saúde e o desenvolvemento sustentable.

Desenvolver a lei galega de cooperación, acadar na lexislatura o 0,4% do orzamento da Xunta, fomentar actividades de sensibilización da opinión pública e de fortalecemento da actividade das ONGD, fomento do comercio xusto e avaliación do impacto da cooperación. e facer programas específicos para mellorar a situación das mulleres nos países dos que proceden maioritariamente as mulleres que exercen a prostitución en Galicia.

Desde o ano 2009 as funcións de cooperación para o desenvolvemento corresponden a unha subdirec-

a cooperación para o desenvolvemento na política galega incrementouse substancialmente nestes vinte anos. A Xunta pasou de non ter orzamento para esta finalidade a xestionar, en 2009, case 12 millóns de euros

ción dependente da Dirección xeral de Relacións exteriores e coa Unión Europea.

No Parlamento De Galicia aprobouse o II Plan Director de cooperación en xuño do ano 2010 e como o anterior, por absoluta unanimidade, tamén se aprobou unha proposición non de lei do grupo socialista, en xuño do ano 2010, para apoiar a candidatura da Fundación Vicente Ferrer para o Premio Nobel da Paz, colaborar na difusión das actividades desta Fundación e incrementar no posible os recursos para cooperación internacional. E están rexistradas e pendentes de tramitación varias iniciativas do grupo socialista.

Respecto dos orzamentos, a partir do ano 2009, están a baixar en termos absolutos e en termos relativos, o orzamento aprobado para 2011 era de 7.866.487 euros e representaba o 0,08% (dous puntos porcentuais menos) do orzamento total da Xunta, pero de feito a convocatoria para proxectos de ONGD, reduciuse un 45% respecto do que figuraba nos orzamentos e

cancelouse a convocatoria para axuda humanitaria, o cal fixo diminuír ata o 0,065 a porcentaxe dedicada a cooperación ao desenvolvemento.

CONCLUSIÓN OU RESUMO

A presenza da cooperación para o desenvolvemento na política galega incrementouse substancialmente nestes vinte anos. A Xunta pasou de non ter orzamento para esta finalidade a xestionar, en 2009, case 12 millóns de euros. Setenta e nove concellos e tres Deputacións están integrados no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. A cooperación está máis presente na actividade e programas dos partidos políticos, é máis frecuente a presenza de membros dos partidos en diferentes actividades sobre cooperación organizadas por outras organizacións.

A actividade parlamentaria, sempre promovida polo grupo socialista (o partido popular unicamente rexistrou unha solicitude de comparecencia da Directora Xeral de Cooperación) contribuíu á visibilidade da cooperación e a asumir a cooperación como unha

parte máis da política galega, especialmente si se tramita no pleno, aínda que a maioría das veces as proposicións non de lei se rexeiten.

A cooperación galega tivo un primeiro impulso entre os anos 2001 e 2005, acadando neste último ano un orzamento de case nove millóns de euros e coa aprobación por unanimidade da lei de cooperación galega, e un segundo impulso no período seguinte, entre 2005 e 2009, cun orzamento neste último ano de máis de once millóns de euros e un importante avance en planificación e xestión, e maior presenza da cooperación na actividade política xeral.

Na actualidade, a cooperación está a perder peso en todos os sentidos, con menor rango administrativo, importante retroceso na porcentaxe de orzamento, e de algunha maneira está a ser máis cuestionada polas dificultades económicas xerais¹. ■

1. Fontes: Orzamentos da Xunta de Galicia, Boletín oficial do Parlamento de Galicia, e programas dos tres partidos con representación parlamentaria dos anos, 2001, 2005 e 2009.



PEO
POBREZA CERO



Coordinadora
Galega de ONGs para
o Desenvolvemento

www.pobreza

POBREZA CERO

POLOS OBXECTIVOS DO MILINIO



CONTRA A POBREZA

PRESIONA!

Obama	Barack Obama
Schroeder	Berlusconi
Zapatero	Ruuh
Putin	Riase
Sarkozy	Solace

CONTRA A POBREZA

PRESIONA!

Obama	Barack Obama
Schroeder	Berlusconi
Zapatero	Ruuh
Putin	Riase
Sarkozy	Solace

7

a OLLADA das
ACTRICES e ACTORES
da cooperación
GALEGA

VVAA



MARÍA REIMÓNDEZ

Presidenta de Implicadas no
Desenvolvemento

Deconstruír a COOPERACIÓN, CONSTRUÍR a solidariedade FEMINISTA

E

ando tiña 16 anos a Guerra dos Balcáns latexaba no corazón de Europa. Para min, que por educación e carácter dende sempre me sentira dalgunha forma sensibilizada co sufrimento alleo, estaba claro que a indiferenza non era unha opción. Un día acheguei-me a un banco e ingresei todos os meus aforros na conta de Médicos do Mundo. Non tiña daquelas nin idea de ONG, nin de cooperación ao desenvolvemento, nin de axuda de emerxencia, moito menos do triste pero importante fito que a Guerra dos Balcáns marcaría para a loita mundial contra a violencia de xénero, co recoñecemento da violación como arma de guerra, pero estaba claro que no mundo as

cousas ían tremendamente mal e eu tiña que facer algo ao respecto.

Máis ou menos pola mesma época decidín facerme socia de Ayuda en Acción e apadriñar un neno na India, máis en concreto en Karnataka. A elección do país non fora casual: o meu aspecto físico de fronteira, como eu lle chamo, fixera que dende sempre me relacionasen con aquel lugar do que comecei a ler e informarme todo o que puideren. Con 18 anos decidín visitar o proxecto co que colaboraba para ver se realmente había algo para min naquel asunto da cooperación ou non, iso despois de longas horas achegán-



dome aos lugares a través da lectura, que é unha forma excepcional de escoita. Non cría daquelas e sigo sen crer, nas “viaxes redentoras” que tanto nos gustan en Occidente. Non fun á India buscarme, fun coñecer e aprender. Pervia a moitas reflexións posteriores sobre o asunto dos apadriñamentos, o males-tar que ese “método” de recadación provocaba no persoal do propio proxecto foi

para min a primeira pedra que caía no muro para construír un novo edificio. Decateime de que non podemos defender para as outras o que non queremos para nós, e está claro que ningunha familia galega que non chegue a fin de mes consideraría aceptable mandar unha foto das súas crian-

zas a un señor de Noruega para que se vise movido pola pena e o paternalismo e lles dese cartos. Esta percepción uniuse logo a moitas outras cuestións, como o problema de representar as comunidades do Sur como crianzas que precisan da nosa axuda no canto de velas como pobos en igualdade, ante os cales temos que recoñecernos opresoras. A indignidade de todo o proceso do apadriñamento uniuse á escoita das reflexións críticas de Edward Said, Gayatri

O feito de que as nenas seguisen casando aos trece anos, por mero desinterese programático, despois de case 10 anos de funcionamento do proxecto fíxome constatar que aquel non era o xeito de traballar

Spivak e a crítica poscolonial e de estudos subalternos en xeral. O resultado foi afastarme de calquera organización que promovese estas visións da outra herdadas do colonialismo e aínda tan vixentes.

Mais antes diso, na miña primeira viaxe á India, inconsciente aínda do construto neocolonial que a coope-

ración chegara a ser en moitos aspectos, houbo outra cuestión que fixo caer en min unha nova pedra para construír algo novo. Era o ano 1994 e daquela aínda nin sequera era “moda” falar de xénero nos proxectos, pero para min, que tiña xa unha certa percepción feminista, non me parecía aceptable investir a cantidade de fondos, tempo e

persoal que vía naquel proxecto que visitei por primeira vez en traballar só para unha parte da poboación. O feito de que as nenas seguisen casando aos trece anos, por mero desinterese programático, despois de case 10 anos de funcionamento do proxecto fíxome constatar que aquel non era o xeito de traballar. Propúxenme non colaborar con organizacións que non asumisen o feminismo como filosofía de base porque o que para calquera feminista podería resultar unha



Colaboradoras de Implicadas no Desenvolvemento na India, dentro do ciclo formativo ‘Vanakkam’



evidencia, para tales organizacións era un tema de debate que me parecía un retroceso de tempo e de enerxía ao que non estaba disposta.

Un último elemento decisivo na miña primeira deconstrución da cooperación fíxose evidente ao meu regreso a Galicia, cando ao integrarme como voluntaria da organización comprobei

que non tiña ningunha capacidade de acción, de decisión e que ademais tiña que moverme nunha estrutura centralizada e centralista na que nin sequera era posible conseguir que o boletín de socias/os se fixese en galego (mesmo ofrecéndome eu mesma a traducilo sempre

había algún impedimento). Tiven claro tamén que unha cooperación auténtica non pode funcionar cando non se respectan as identidades comunitarias e individuais dentro das organizacións mesmas, cando a diversidade que se di respectar no Sur nin sequera se recoñece no que se ten mesmo ao lado. Por outra banda, o meu compromiso coa miña lingua e coa idea do pobo ao que pertenzo non me facía posible colaborar xa con organizacións nas que houbera un centro do cal todas as decisións dependían. Non só pola

falta de respecto que cara á miña identidade significaba, senón tamén pola imposibilidade que supuña de desenvolver un mundo a-céntrico e onde os pobos poidan relacionarse en pé de igualdade, fronte a minorías opresoras, que para min tiña que ser a pedra que rompese o sistema de explotación mundial que crea a pobreza. Se nunha organización de coopera-

ción ser galega me retiraba calquera capacidade de toma de decisións, que pasaría se fose saharauí, palestina, támil ou xitana?

Chegara a un punto no que, pola experiencia e pola escoita chegara a entender que se realmente quería contribuír a

poñer fin á desigualdade e á pobreza tiña que comezar primeiro deconstruíndo o meu papel e transformando o sistema que a creaba, incluso co aspecto de facer algo por erradicala. Foi por todas estas razóns, e xa con outra visita máis á India que me proporcionou contacto independente con organizacións locais da zona de Karnataka, que decidín poñer en marcha unha nova organización. Non por un afán minifundista, senón porque naquela altura non había alternativa. Así naceu Implicadas no Desenvolvemento.

Un funcionario do Rexistro de Asociacións se negou en tres ocasións a aceptar os estatutos por vir redactados con formas de linguaxe inclusiva



A organización ideouse a finais de 1996 pero non conseguimos que nos aprobasen os estatutos ata o 1 de xaneiro de 1998, entre outras cousas, e isto demostra que o cambio dende un punto de vista de xénero é un proceso omnipresente, porque un funcionario do Rexistro de Asociacións se negou en tres ocasións a aceptar os estatutos por vir redactados con formas de linguaxe inclusiva. Considerando o número de ONGD que aínda levan as súas denominacións en masculino, non ten por que resultar sorprendente.

Pouco tempo despois de aprobarnos os estatutos tiven a sorte de asistir a unhas xornadas sobre a Política de Cooperación nas que participaba Emilio Martínez Rivas, daquela presidente da Coordinadora de ONGD, que falaba precisamente da falta de organizacións propiamente galegas cun proxecto sólido e que superasen as pequenas iniciativas individuais. A nosa naquel momento era pouco máis ca iso, pero non dubidei en achegarme a presentarnos e dende ese momento houbo unha conexión de ideas entre nós que levou a que formase parte da xunta directiva da Coordinadora anos despois e que colaborásemos en numerosas cuestións. Debo admitir que o traballo da Coordinadora naqueles momentos foi vital para Implicadas e para o meu proceso de deconstrución. A



'Auga para Etiopía', foto dunha campaña de Implicadas

Coordinadora era aínda tamén unha estrutura pequena que repousaba grandemente sobre os ombreiros dun grupo moi limitado de persoas. Pero aínda así, daba unha información e apoio incondicional ás organizacións e tentaba visibilizar un traballo moi relegado á escuridade e fomentar un diálogo entre organizacións de perfís fundamentalmente diferentes. As formacións e o diálogo foron dándome novos elementos para coñecer e reconsiderar o traballo necesario dende as tres bases que asumira como fundamentais.



Pero sen dúbida a maior contribución á miña formulación da cooperación proveu dun eido totalmente diferente que se ben debería estar incluído en Másters de Cooperación e en todo o traballo que se faga neste campo, resulta palabra tabú, asunto ausente ou maquillaxe despolitizada: os feminismos. Nin o meu entendemento individual nin o traballo de Implicadas en cooperación pode entenderse sen esa base. Sen a base dunha fonda raíz crítica global que propoñen os feminismos transnacionais e no que as voces das mulleres e das activistas teñen que ter o papel primordial. O noso

traballo está infiltrado polo concepto de Chandra Talpade Mohanty da solidariedade feminista, que defende que o local e o global existen simultaneamente e que o que hai que enfatizar para superar o patriarcado e capitalismo mundial é o mutuo, a coresponsabilidade, os intereses comúns. “Este enfoque require un entendemento dos determinantes históricos e de experiencia e das diferenzas nas vidas das mulleres así como un entendemento das conexións históricas e de experiencia entre mulleres de diferentes comunidades nacionais, raciais e culturais” (Mohanty, 2003, 523).

Dende un punto de vista práctico, isto quere dicir que non se pode falar da mutilación xenital sen falar da cirurxía estética ou do burkha sen falar da convivencia das empresas e poderes occidentais co fundamentalismo máis exacerbado por motivos económicos. Tamén quere dicir que quen ten que ter a voz e a visibilidade son as protagonistas, as mulleres do Sur, que son motores de cambio sen par

a quen cómpre escoitar con atención. Deconstruír o noso papel colonial de salvadoras, de ser quen ensina a pescar, é un dos traballos fundamentais que as organizacións críticas temos por diante. Un desafío

inmenso, como demostra o traballo de Implicadas, pero tamén un traballo emocionante que nos une, man a man, en estruturas horizontais e participativas, nun mundo máis desexable para todas. O traballo en cooperación debe ser un fondo proceso de aprendizaxe, non unha perpetuación burocrática e técnica de formas cómplices da explotación. Non se pode querer acabar coa pobreza e recibir cartos de empresas que a promoven, non se pode renunciar a mover gobernos e cidadanía para cumprir os seus compromisos coa cidadanía do Sur que, como dicía unha campaña da Coordinadora hai tempo durante





as eleccións, non poden votar, pero si padecen as consecuencias das nosas decisións cidadás.

O traballo en cooperación dende a solidariedade feminista é tamén soñar cousas e facelas realidade, coñecer mulleres entusiastas lonxe e preto, dende as voluntarias que se esforzan co seu tempo en que unha actividade saia ben, ás socias que buscan algo máis que acalar a mala conciencia ata as escritoras, activistas e compañeiras que traballan dende diver-

sas circunstancias pero cunha idea común da necesidade de cambio global. Se cadra a miña viaxe de deconstrución da cooperación ata chegar á solidariedade feminista poida resumirse como unha viaxe do voluntarismo á conciencia política. A esperanza do traballo é tamén que, grazas a Implicadas, moita xente poida partir xa do punto final e seguirmos avanzando con paso firme. ■





www.galiciasolidaria.org

na promesa non alimentada
anifestate e esixe que se cumpra
17 de outubro ás 12:00h (Vigo)
Praza de América

"Antes del año 2015,
terminaremos con el hambre"

POBREZA CERO

14
os mandamentos
do bó



REBELATE A POBREZA 21
de introdución
**ao Enfoque de Xénero
en Cooperación**
Impartido por **IMPULCADAS**
Organizado pola Comisión de Xénero
da Coordinadora Galega de ONGDs

Datos: luns 24 e martes 25 de marzo de 2008
ario: 16.00 a 20.00 horas o luns e de 16.00 a 19.00 horas
gar: Oficina de Voluntariado da USC (Casa Jimena e Elisa F
de la Vega, Rúa das Casas Reais 8, Santiago de Compostela)
inscripción é gratuita para persoas voluntarias
ONGD inscritas na Coordinadora Galega de ONGDs
participantes deben pagar 10 € para poder participar

**SEMANA GALEGA
POBREZA CERO**

SEMINARIO- TALLER
"CODESENVOLVEMENTO
APROXIMACIÓN TEÓRICA E
ASPECTOS PRÁCTICOS"



Seminario
Participación de balde, previa inscrición
Foto: analucia / www.foto.vilabarro.com

**ENCANTRO SOBRE A
COOPERACION
INTERNACIONAL
EN GALICIA**
CENTRO SOCIAL NOVACAIXAGALICIA
PRINCEPS DE COMPOSTELA
VENRES: 11 DE MARZO DE 9:00 A 20:00
SABADO: 12 DE MARZO DE 9:00 A 13:00
Organiza: **Fondo Galego**
Organiza: **ALTOIR DE GALICIA**
Colaboran: **Delicias**

OBXECTIVO 1
Venres, 17 de novembro
16:00 a 21:00 horas
Sábado, 18 de novembro
09:00 a 14:00 horas
Lugar:
Sede Fundación
Cantón Gr
15003 A Co

consumo responsable
GUÍA PARA ONGD

**CÓDIGO DE CONDUCTA DAS ONG
PARA O DESENVOLVEMENTO**



CICLO DE CINE SOLIDARIO
8olladas
para o milenio
9-10-11 e 12 de febreiro-2008
Santiago de Compostela / Teatro Principal
Pasas ás 21.00 e ás 23.00 h.
O Pesadelo de Darwin / Nin un menos / Moolade / Ali Zaoua / O sangue do condor
No mundo a cada rato / A princesa Mononoke / A Toma
As entradas son incluídas no programa incluído na rapela de 21.00 h.

**buscando sinerxías
fortalecendo o sector**
Encontro de ONG's para o Desenvolvemento
Santiago de Compostela / Hostal La Salle
7 e 8 de xuño / 2008



o Galego contra a Pobreza
CERO COMA SETE. RECLÁMAO

CANDIDATA Ó 0'7
ELECCIÓN AUTONÓMICAS 2009
TOMA PARTIDO POLO 0,7. PARA QUE A AXUDA O DESENVOLVEMENTO
SEXA MAIOR E MELLOR. VOTA POR ELAS.



**por un pacto
CONTRA A**

**SOLIDARIEDADE
GUALDADE
PROGRES
PRZO XUST
TRABALLO D**

Así es la Población

Apuntes de la Población

PARA TODAS, PARA TODOS, EN TODAS PARTES

**comercio
xusto**



GUÍA DE ONGD DE GALICIA
2009/2010



2010
O GALEGO
POBREZA

ENCUENTROS DE
COOPERACIÓN LOCAL
pulando a **cooperación internacional** para **2008-2011**
Os Ánxeles, Brión (A Coruña)

Os Ánxeles, Brión (A Coruña)
Hotel B. Compostela
13 / 14 XUÑO '08

Desafíos **Experiencias** **Cooperación Xusto**



Así nase o Pacto Galego contra a Pobreza

Entrepreneurship

Entrepreneurship

SEMINARIO- TALLER



PROYECTOS DE COOPERACIÓN*

desarrolla, y del voluntariado
no remunerado que ayuda
a mejorar la vida de las
comunidades.

**2 de agosto
de 10 a 15.00 horas**

¿Qué es un proyecto de cooperación?
¿Cómo se desarrolla?
¿Qué tipos de proyectos existen?
¿Qué organismos participan?

Temáticas:
participación ciudadana, gestión municipal

* Los proyectos de cooperación se desarrollan a través de la colaboración entre entidades públicas y privadas, con el objetivo de mejorar la calidad de vida de las comunidades.



100 km x 1 Pa
Pobreza O

Pobreza 0

DIA MUNDIAL DO COMERCIO XUSTO



Un día para **CELEBRAR**
=do o ano para **ACTUAR**

Actos conmemorativos da
Declaración Universal dos
**DEREITOS
HUMANOS**
- IES Rosalía de Castro

Salón de Actos do IES Rosalía de Castro
12, 13 e 14 de decembro de 2006 • 19,3
Santiago de Compostela

Día 12

Intervieñen:
Xulio Souto, Cándido Pazó,
Emilio Búa.

Día 4

Proyección
da película de ficción documental
"Camino a Guantánamo"

Día 14

Mesa redonda cos p
da película "Camino a C
(Ruhel Ahmed e Sha

ORGANIZA
INICIATIVA POLOS DEREITOS HUMANOS
Comités Galegos • Coordinadora Galega de ONG para o
Desenvolvemento Social • Unión Galega de Mulleres •
Asociación Galega de Familiares de Presos • Unión Luís Tarín • Redpa •

Asociación Inmigración • Coordinadora de Creientes Gallegos • Cursos • Fundación Luis Vives •
Eclética • Foro da Inmigración • Fundación 10 de Marzo • Fundación Luis Vives •
Seminario Gallego de Educación para a Paz • Justicia e Solidade

**REBELATE
CONTRA
A POBREZA**
máis feitos, menos palabras

21
outubro

www.rebelatecontralapobreza.org

Mamadou

Luis

¿Quen
coopera
e quen é o
cooperante?





XULIO RÍOS

Director do Instituto Galego
de Análise e Documentación
Internacional (IGADI)

A COOPERACIÓN internacional ao DESENVOLVEMENTO dende o eido LOCAL

C

ando o Igadi (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, www.igadi.org) promoveu a creación dunha estrutura específica e dinamizadora do compromiso municipalista coa cooperación internacional ao desenvolvemento tiña en mente varias premisas.

En primeiro lugar, a necesidade de superar a caracterización desta política pública como un feito puntual e illado, favorecendo o establecemento de sinerxías que trascenderan os protagonismos individuais e que tamén posibilitara a súa rigorización e profesionalización, gañando eficiencia na xestión, acom-

pañando mellor os intereses dos parceiros e beneficiarios, con opción entón a consolidar relacións e proxectos con mínimas garantías de continuidade no tempo e con maior ambición.

En segundo lugar, erguer un terceiro pilar da cooperación no noso país capaz de reunir o alongamento do compromiso das entidades locais cun modelo coherente coa súa identidade e traxectoria e unha máis extensa familiarización da cidadanía coa cooperación facilitada pola proximidade do poder local, converténdoo en dinamizador do propio tecido asociativo alentando unha cultura de coopera-

ción baseada na autoorganización, no respecto da independencia, na colaboración e na propia eficiencia da axuda.


En terceiro lugar, a xeración dun discurso propio que tivese en conta as nosas singularidades, que partira de nós mesmos fuxindo das imitacións e das inercias e que desde a xestión desa diferenciación puideramos enriquecer o discurso xeral da cooperación, isto é, galeguizando estrutura e acción, pero pensando tamén en abrir espazos de especialización que evitaran duplicidades e que permitiran afondar, no xeográfico, no temático, en áreas nas que Galicia podería crear, significarse e ter que dicir ao resto do Estado, de Europa e mesmo do mundo. Neste último senso, considerabamos que esta política pública debía inserirse no marco xeral do fomento da nosa paradiplomacia, sen que diso se derivasen necesariamente dependencias de estratexias de orde comercial, pero si enmarcando a cooperación internacional ao desenvolvemento nunha estratexia global que atendera aos aspectos de orde social, cultural, económica e institucional.

Esa armazón debía conducirse no marco dun espírito de diálogo activo cos demais actores do sistema galego de cooperación, moi especialmente coa coordinadora de ONGD con quen o Fondo Galego mantivo

dende o primeiro momento unha relación fluída de entendemento e de acordo para acadar un obxectivo común: a superación do atraso evidente de Galicia en relación ao compromiso cooperante, un atraso alleo ao compromiso social e directamente asociable á desorientación e á inhibición institucional.

Foi así que con escasos vimbios alentamos un primeiro traballo de diagnose e análise sobre a situación da cooperación internacional no eido local que foi publicado na revista 'Grial' en 1996, unha radiografía que serviu como antecedente dunha primeira convocatoria realizada en Nigrán (Pontevedra) coa participación de entidades locais, ONGD, Fegamp, FEMP, Nacións Unidas, etcétera, e que permitiu avanzar na realización dunha segunda convocatoria en Santiago de Compostela, co apoio dunha Fegamp que acababa de culminar o proceso de fusión das dúas grandes entidades que representaban o municipalismo galego. Xurdiría así o Fondo Galego (www.fondogalego.org) como un espazo transversal, co acordo e consenso institucional e partidario preciso, garantindo a presenza no proxecto das forzas políticas con presenza no eido local.

Nas condicións de partida, caracterizadas por unha febleza extrema pero xenerosa en expectativas, esa





concepción da cooperación como un foro sen confrontación e de pleno respecto á pluralidade, resultou decisiva para asentar a idea do Fondo como xerme dunha auténtica axencia municipalista da cooperación cun contorno conceptual articulado arredor da Declaración Programática que reúne os trazos esenciais deste compromiso. Ese espírito resulta irrenunciable aínda hoxe, configurándose a cooperación como unha política concertada que admite as diverxencias e os diferentes ritmos de implicación pero que non pode ser sometida á xeración de dinámicas de creación de dependencias partidarias por mais que os cargos representativos do Fondo oscilen na súa adscrición militante. A persistencia do lgadi como secretaria técnica garante a solidez desta estrutura e aglutina esa vocación de consenso.

Ao longo destes anos, cumprida a primeira década, cómpre destacar o alongamento do compromiso asociativo e o calado adquirido pola idea de que a solidariedade internacional non é un feito alieo ao poder local. Non obstante a fortaleza extensiva desta evolución, o certo é que a impregnación sociopar-

paradoxalmente,
o mundo da
cooperación coopera
pouco entre si. Aprémalle
ultrapasar a dinámica da
contestación polo escaso
compromiso cooperante
das institucións

tidaria segue a ser insuficiente. Iso a pesar das múltiples declaracións, encontros e xornadas realizadas co propósito de sensibilizar os diferentes actores e non só para evitar retrocesos senón para sentar

as bases de pequenos saltos adiante que só moi anecdoticamente se teñen dado.

A principal precariedade non devén da inestabilidade dun poder local que cada catro anos é obxecto de renovación (esta sempre avanza parcialmente e ten como soporte acordos

institucionais unánimes de adhesión ao Fondo Galego que achegan madurez) senón da frouxidade do compromiso dos partidos políticos, o principal instrumento que vertebra a presenza política local. Hai vinculacións individuais de notable valor, pero as estruturas partidarias como tal, en relación a este asunto, móvense aínda na ambigüidade e na distancia. Vai para tres lustros da fundación do Fondo e diríase que aínda hai razóns para un “apostolado solidario” entre as nosas forzas políticas. Se aquí non mudan as cousas será difícil crer en cambios de certo calado, aínda a sabendas de que no municipalismo as condicións locais pesan o seu e que non sempre

a autoridade das executivas é asumida sen rosmar. Pero sen ese empeño vertical, que expresa unha adhesión programática, no teimudo labor horizontal pesará sempre unha excesiva simpatía subxectiva e quedaremos a expensas dela.

Cómpre sinalar que ao longo destes anos se logrou establecer un corpo técnico progresivamente conectado con estas arelas a partir dos cadros de persoal das propias entidades locais, aínda que suxeito aos seus vaivéns nun tempo en que a inestabilidade afecta tamén ao persoal ao servizo das entidades locais. Contar con axentes implicados en cada entidade asociada ao Fondo constitúe un referente de indubidable valor que facilita unha mínima universalización do impulso cooperante.

As Xornadas Anuais de Cooperación animadas polo Fondo e orientadas a alongar ese espazo de debate plural e de consenso que o propio Fondo representaba no eido local, pretendían arbitrar ese foro que nos permitira medrar a todos, non soamente en recursos económicos xestionados, mesmo tamén en autocaracterización e profesionalismo, superando os nosos minifundismos estériles e achegando masa crítica para compensar as eivas orzamentarias con riqueza de ideas e de propósitos. Neste mesmo sentido, o propio Igadi tentou sen moito éxito achegar

os seus recursos no eido documental e internacional en xeral sen lograr, cando menos no nivel desexado, tender pontes cos diferentes piares do sector, incluíndo a universidade, para favorecer a investigación neste eido e habilitar un terceiro espazo de entendemento capaz de transcender o cotiá para marcar follas de ruta que sen mingua da autonomía de cada quen permitiran a todos gañar capacidades para fortalecer o sector e propiciar o salto cualitativo que arelamos e ao que nos debemos aínda.

E é que, paradoxalmente, o mundo da cooperación coopera pouco entre si. Aprémalle ultrapasar a dinámica da contestación polo escaso compromiso cooperante das institucións, inevitablemente presente e lamentablemente necesaria, para concibir un proxecto integral e integrador que estableza as bases para ultimar un modelo de cooperación que responda ás nosas singularidades e que se signifique pola súa capacidade en sentido amplo. Nesas condicións, quizais sería máis doado gañar incidencia social e respecto institucional para un labor que aínda non traspasou a fronteira desa imaxe cada vez mais asociada co politicamente correcto pero carente de substancia, para afirmarse como un área irrenunciable da xestión pública que interesa e compromete a todos. A fondo. ■





O INTERNACIONALISMO solidario, comités e BRIGADAS

a

Revolución Sandinista fixo abrollar unha grande onda de solidariedade internacionalista. No Estado español o desengano desprazara as ilusións transformadoras. A *revolução dos cravos* en Portugal era unha memoria do que nunca ía acontecer en España. O triunfo da insurrección sandinista contra os Somoza en xullo de 1979 aleitou, entre nós, renovadas esperanzas e reilusionou unha desanimada esquerda social e política achegando novas prácticas de organización popular, relatos emancipadores practicables e proxectando a vontade da Nicaragua libre para ser dona do seu futuro á marxe dos caprichos imperiais dos Estados Unidos. Razóns dunha causa libertadora a protexer, coa

MANUEL M. BARREIRO

Historiador, coordinador editorial e
consultor de comunicación

que ser solidaria e comprometerse desde calquera curruncho do mundo e tamén desde Galiza.

A atención internacionalista, antes, focalizárase, con crecente frustración, nos países do *socialismo real* no Leste europeo, máis vizosas eran as querenzas pola Cuba revolucionaria. O combate da OLP, nos territorios ocupados, e da Polisario, no Sáhara anexionado por Marrocos, gozaban de grandes, pero intermitentes, simpatías. A loita das nacións sen Estado pola súa soberanía completaba o cartafol de afectos internacionalistas xunto coa atención concedida aos exiliados e aos resistentes que denunciaban as atrocidades



das ditaduras suramericanas. A doutrina da Seguridade Nacional do Imperio fixera de Latinoamérica un atlas da infamia, mais tamén unha terra de dignas resistencias e rebeldías que procuraban facerse oír no balbordo propagandístico do *american way of life* ou pugnaban por impoñerse aos silencios cómplices do que se chamou a Segunda Guerra Fría.

NICARAGUA, TERRA SEN AMOS

Contan que o poeta Manuel Antonio, na súa adolescencia, pensou escapar da casa para enrolarse no exército de homes libres co que Augusto César Sandino combatía os marines en Nicaragua. Aquela guerra de liberación tiña un accidental seguimento en *A Nosa Terra* e *El Pueblo Gallego* e un dos mellores xornalistas galegos daqueles anos, Roberto Blanco Torres, deixounos un arroutado retrato de Sandino:

“É o brazo en alto dunha nación soberana que sinala un límite ás violacións dun imperialismo para o cal non hai escrúpulo moral ningún na súa capacidade depredatoria”.

Manuel Antonio finou sen pisar Centroamérica e pasou moito tempo até que Nicaragua volveu ser de interese para os galegos. Foino por causa do terremo-

to que asolou Managua a finais de 1972. O día seguinte do sismo, en *La Prensa*, Pedro Joaquín Chamorro Cardenal, que en 1978 sería asasinado por esbirros somocistas, deixou unha frase para a historia:

“O terremoto foi un ensaio do Xuízo Final en só 30 segundos”.

A Televisión Española deu imaxes de Managua que imitaban estampas de Hiroshima e Nagasaki tras o estoupido das bombas atómicas e a prensa adorouse con fotografías nas que o presidente nicaraguano, Ortiz Mena, e o dono do país, o xeneral Anastasio Somoza, ollaban paternalmente o repartimento de víveres. Fóra do seu encadre, outra realidade: boa parte dos alimentos enviados foi parar ás adegas dos Somoza que ademais quedaron cun quiñón considerable dos cartos da axuda internacional.

OS COMITÉS DE SOLIDARIEDADE

Axiña retornou Nicaragua á TVE. En *Informe Semanal*, un satisfeito Anastasio Somoza cualificaba os combatentes da FSLN como nenos de familia ben que xogaban a guerrilleiros. Era outubro de 1977 e fracasara a primeira tentativa insurreccional sandi-



nista. Despois virían máis partes de guerra, xa non tan felices para o ditador.

En agosto de 1978 un comando da FSLN dirixido por Edén Pastora e Dora María Téllez asaltou o Palacio Nacional e tomou como reféns aos deputados. Os medios ocupáronse xenerosamente de Pastora, o Comandante Cero, converténdoo nunha icona liberadora e a lexitimidade popular dos sandinistas multiplicouse. O foco informativo visibilizaba o desexo dunha Nicaragua libre.

Tras a toma do Palacio Nacional e dunha nova insurrección fracasada en setembro de 1978, comezarán a agromar grupos de solidariedade e de apoio político á loita sandinista. A comezos de 1979 creábase, en Vigo, o Comité de Solidariedade, seguiranlle outros en Santiago, A Coruña, Lugo e Ourense. Nutriranse con militantes do MCG e a LCR, tamén da esquerda sindical de CCOO e UGT; con activistas dos movementos cristiáns de base, non poucos vinculados á esquerda nacionalista, e exiliados latinoamericanos. Constituíuse así unha rede de comités autónomos, con estruturas pouco ríxidas e unha coordinación pouco centralizada cos grupos de solidariedade internacionalista que xorden en Cataluña, Asturias, Aragón, Andalucía, Euskadi, Canarias e Madrid.

Recorrendo ás categorías de hoxe, os Comités poderían ser cualificados como as nosas primeiras organizacións de presión política e de sensibilización cidadá, non moi diferentes das ONGD de *cuarta xeración* que hoxe centran o seu traballo na mobilización cidadá para fiscalizar a acción de gobernos, difunden información sobre a situación dos países do Sur e están orientadas á transferencia ás súas contrapartes de coñecementos máis que de bens ou recursos financeiros. Os Comités, como elas, estaban comprometidos co pulo de procesos de *empoderamento* das organizacións populares no Sur e co desenvolvemento de campañas presión política sobre os gobernos no Norte.

Na primeira metade dos anos oitenta, os Comités manterán un intenso activismo a prol da Revolución Popular Sandinista e contra a intervención dos EEUU en Centroamérica. Coa chegada á presidencia norteamericana de Ronald Reagan, a estratexia de contención deu paso á Guerra de Baixa Intensidade e ao apoio militar á Contra. Como sinala losu Perales en *Los buenos años. Nicaragua en la memoria*, fronte á agresión, “o movemento da solidariedade con Nicaragua foi o máis grande desde a guerra de Vietnam” e deu pulo a unha “globalización solidaria”. Anota:

“O fenómeno solidario expresouse como a invasión pacífica dun pequeno país que convocaba á loita contra o imperio e en defensa dos humildes. A solidariedade era tamén política e centraba os seus afáns na resistencia fronte ao imperialismo norteamericano e o dereito á autodeterminación dun país pequeno”.

En Galiza o devalo do compromiso militante con Nicaragua comezará cando demedian os anos oitenta. O Salvador tomará o relevo e desde que, en 1990, as Comunidades Populares de Resistencia decidiron saír ao claro para esixir o seu recoñecemento como poboación civil e o cesamento da súa represión, Guatemala recibirá atención preferente. A loita pola defensa dos dereitos humanos en Chile, nos países do Cono Sur, en México, Colombia ou Perú, o apoio aos dereitos nacionais do Kurdistan e da República Árabe Saharaí Democrática, a carón da solidariedade coa primeira *intifada*, completan a axenda internacionalista en Galiza.

Daquela nos Comités callará tamén o desexo e interese por impulsar novas formas de cooperación no Sur como as sostidas polas ONGD que contrataban co seu labor inicial como instrumentos de solidariedade e presión política. Como resultado de debates



Ernesto “Che” Guevara con Carlos Fonseca (fundador do FSLN) e A.C. Sandino. Abaixo está Monseñor Romero. Centro Cultural Batahola Norte, Managua, Nicaragua.

e desencontros, en marzo de 1988, a partir da Coordinadora de Comités de Solidariedade con América Latina xurdirá, como un *spin off*, Entrepueblos. Esta federación de ONGD terá presenza en Galiza a través de Entrepobos que iniciará unha nova cooperación internacional solidaria mediante a execución de proxectos concertados con contrapartes do Sur e a sensibilización social a través da Educación para o Desenvolvemento, pero que asumirá, ao tempo, iniciativas de incidencia política e de apoio aos move-



mentos sociais emancipatorios e na defensa dos dereitos humanos.

No entanto, a solidariedade internacionalista galega sufrirá unha vagarosa recuada que se avivecerá tras a derrota electoral dos sandinistas en 1990 e a desmobilización militar da Fronte Farabundo Martí en O Salvador en 1992. As mobilizacións campesiñas en Nicaragua e o levantamento zapatista en Chiapas propiciarán o rexurdimento do seu activismo entre 1995 e 2003 ao que seguirá, logo, un novo decaemento que conducirá vagarosamente á desaparición do Cosal en 2005.

BRIGADISTAS E BRIGADAS

A ética e a épica da Revolución Sandinista foron determinantes para a educación sentimental da esquerda internacionalista en Galicia. A música de Carlos Mejía Godoy, o libro *A montaña é algo máis que unha inmensa estepa verde* de Omar Cabezas sobre os seus inicios na guerrilla, as memorias de Tomás Borge, único fundador aínda vivo da FSLN, recollidas en *A paciente impaciencia*, os textos comprometidos de Cortazar compendiados en *Nicaragua tan violentamente doce*, os versos de Ernesto Cardenal e os poemas de Gioconda Belli ou a súa novela *A muller*

habitada, foron materia coa que se teceu, entre nós, unha densa rede de solidariedade con Nicaragua e a súa revolución.

Esta corrente de solidariedade será aleitada ademais pola experiencia dos brigadistas galegos. A Cruzada Nacional de Alfabetización impulsada polo goberno revolucionario a partir de marzo de 1980 convocou milleiros de persoas que acudiron a Nicaragua para participar en proxectos educativos, sanitarios, comunicativos e de desenvolvemento produtivo. Entre os primeiros brigadistas de Galiza cóntanse a xornalista Begoña Moa –que promoverá iniciativas radiofónicas populares no departamento de Río San Juan na fronteira con Costa Rica– e Pablo Otero, un dos fundadores do Cosal de Vigo, que traballará ás ordes de Tomás Borge na edición do *Barricada Internacional* e que, ademais, se ocupará de organizar as brigadas chegadas do Estado español e de reforzar os vínculos da FSLN coas organizacións internacionalistas europeas.

Iosu Perales fai crónica de ambiente daquel tempo no que se fixo da solidariedade unha expresión práctica e comprometida da tenrura dos pobos: “Cada brigada sementaba un suco e o froito da esperanza multiplicábase nos barrios, universidades, centros de traballo, asociacións e comités de solidariada-

de. Era unha festa. Non había fin de semana que non houbera un acto para defender Nicaragua: en Zaragoza ou en Talavera de la Reina, en Oviedo ou en Bilbao, en Barcelona ou en Madrid, en San Sebastián ou en Granada, en Marinaleda, en Santa Coloma, en Alcorcón, en Vigo, en Xixón, en Canarias, en todas partes soaba a música de Carlos Mejía Godoy e lucían as bandeiras vermello-negras.”

Non hai rexistros precisos, pero pódese aventurar que, entre 1980 e 1990, máis de medio milleiro de brigadistas galegos pasaron por Nicaragua. A maiores hai que contar co traballo de cooperantes como os avogados laboristas Enrique Aller e Carlos Cerriño, que terán un papel fundamental na redacción do Código do Traballo de Nicaragua (1988-1990), ou da lucense Ana María Vila, monxa da Compañía de María vinculada ás organizacións progresistas de crenzas galegos, que desde 1988 intervirá nas comunidades campeciñas de Malacatoya, na rexión de Granada, e que será fundadora, en 1996, da ONGD galega Axunica.

a Cruzada Nacional de Alfabetización impulsada polo goberno revolucionario **convocou milleiros de persoas que acudiron a Nicaragua para participar en proxectos educativos, sanitarios, comunicativos e de desenvolvemento produtivo**

Tras a derrota da FSLN en 1990 e a chegada á presidencia de Violeta Chamorro, o Cosal derivará o seu labor cara a outros países e a presenza de brigadas organizadas en Nicaragua interromperase. A partir de xaneiro de 1994, a acción militar do EZLN volve situar as loitas populares en América Latina no centro de gravidade informativa e a *Declaración da Selva Lacandona*, na que se esixía “traballo, terra, teito, alimentación, saúde, educación, independencia, liberdade, democracia, xustiza e paz”, tornarase no texto fundacional de novas accións internacionalistas.

A rebelión digna dos zapatistas axudou a iluminar outros conflitos esquecidos. Desde 1990 os ataques de gavelas formadas por ex combatentes da Contra assolaban o norte de Nicaragua provocando un éxodo de refuxiados cara a outras rexións. En 1991 e 1992 grupos de campeciños norteños ocuparán terras baldías no departamento de Granada ao sur do país. Apoiados pola Unión de Cooperativas Heroes e Mártires de Nandaime asentáronse en Aguas Agrias e San





Luis de Manares. A súa organización contribuirá Chepe Ampudia, un cooperante leonés que se vinculara á Xuventude Obreira Cristiá (XOC) na Universidade de Santiago. Ampudia coa axuda de Espirale, unha ONG canadense, promovera diversos programas de economía produtiva e a construción de vivendas para os refuxiados e animará á ocupación de terras.

En 1994 intensifícanse os atentados contra ex militares e militantes sandinistas nos municipios norteños de Siuna e Waslala provocando unha nova vaga de refuxiados cara á rexión de Granada. Co apoio da UCA de Nandaime ocuparán terras na illa Zapatera, no lago Cocibolca, e ao pé do volcán Mombacho. En 1995, para reforzar o labor da UCA e Ampudia, trasládase a Nicaragua Xosé Antón Pérez Iglesias, crego vinculado en tempos á XOC e militante antifranquista da esquerda nacionalista. Para saber de primeira man da situación dos campesiños desprazados, organízase no verán de 1995 unha brigada do Cosal que convivirá durante un mes cos refuxiados das comunidades de Sonzapote, La Habana e El

Terrón na illa Zapatera. Recuperábase así o fío do activismo internacionalista con Nicaragua.

De 1995 a 2001 o Cosal mobilizará brigadistas que farán de escudos humanos para evitar o desaloxo dos campesiños norteños. Participan activistas do Cosal pero

tamén de ONGD como Enxeñeiros sen Fronteiras, Estudantes Solidarios ou Intermon. Á parte da convivencia e o acompañamento dos refuxiados, impúlsanse proxectos agrogandeiros, educativos e sanitarios, dótase ás comunidades de medios de transporte, vivendas e infraestruturas comunitarias aos que se procura financiamento en Galiza. Para reforzar as cooperativas campesiñas formalizarase

un acordo coa ONG vasca Zubiak Eginez e a madrileña Acode, dando orixe a Zucoa, unha plataforma de cooperación interasociativa que permitirá atender novas intervencións sanitarias e materializar un ambicioso proxecto de turismo campesiño.

Desde 1996, o Cosal enviará ademais brigadas a Chiapas e en solidariedade co pobo mapuche en Chile e

en Galiza segue viva a vontade de **tramar novas relacións fraternais por riba das fronteiras para construír, en mancomún, novas oportunidades para a liberdade e a felicidade dos cidadáns e as nacións que menos teñen**

abrirá novas fronteiras de intervención en Nicaragua. A partir de 1997, xunto con outros Comités de Solidariedade do Estado, presta axuda financeira a La Primerísima, unha radio cooperativa dirixida por William Grigsby que era voceira da ala esquerda da FSLN. Igualmente, tras o paso do furacán Mitch en 1998, recadaranse fondos para financiar proxectos de axuda humanitaria e de reconstrución que serán xestionados pola Fundación Popol Na, unha entidade non gobernamental fundada pola ex comandante guerrilleira Mónica Baltodano.

As accións brigadistas serán proseguídas por outras ONGD galegas como Solidariedade Galega, que promoverá a presenza de brigadas sanitarias no norte de Nicaragua, ou Amarante que, a través do seu programa *Unha xanela ao Sur* de 2003 e 2004, mobiliza brigadistas, en colaboración con Amigos da Terra, para dar a coñecer iniciativas de protección ambiental en Los Guatusos, no departamento de San Juan del Sur, ademais de manter a súa presenza nos campamentos do MST en Brasil.

A segunda xeración de brigadas do internacionalismo solidario partillará algunhas das características das primeiras accións brigadistas como procurar unha convivencia prolongada nas comunidades e actuar

como voceiros propagandísticos das reivindicacións populares, mais tamén promoverán intervencións máis propias do traballo no terreo das ONGD como eran a identificación e execución de proxectos produtivos, a prestación de servizos educativos e sanitarios ou a súa implicación na dinamización comunitaria.

CODA

Iosu Perales gusta de lembrarnos que os felices anos oitenta da solidariedade internacionalista non volverán e, malia que outro é o mundo, abundan razóns para un retorno comprometido aos seus valores. Quizais a historia do internacionalismo solidario non sexa outra diferente da que William Morris nos ensarillou neste feliz trabalinguas: “Examinei todas estas cousas, e como os homes loitan e perden a batalla, e como aquilo polo que loitaron se logra a pesar da súa derrota e como cando isto chega resulta ser diferente de aquilo que propoñían e como outros homes han de loitar polo que eles propoñían acadar baixo outro nome”. Calquera que sexa o seu nome, en Galiza segue viva a vontade de tramar novas relacións fraternais por riba das fronteiras para construír, en mancomún, novas oportunidades para a liberdade e a felicidade dos cidadáns e as nacións que menos teñen e máis poden gañar coa globalización da xustiza. ■



Cartel do programa 'Xanela aberta ao Sur', da ONG Amarante-Setem



PERSOAS (e sobreiras)

t

al vez porque o tempo pasa coa suavidade do vento do que case non nos decatamos ("o tempo voa", que din por aí) e faise para min preciso un achegamento á lembranza coa tentativa de fixar no tempo esas pequenas anécdotas que calquera historia leva consigo.

Mentres escribo miro para unhas sobreiras que foron plantadas cando as primeiras chuvias caían nos cimentos en construción da Coordinadora Galega de ONGD e hoxe xa ofrecen unha intensa sombra na que protexerse dos calores do verán. O seu tronco é encortizado, flexible e forte: dá gañas de abrazalo. E

mesmo de cando en vez rubimos por elas para ollar o mundo dende o alto dunha árbore, metáfora desta historia solidaria.

Persoa é o título da obra mestra do gran cineasta sueco, Ingmar Bergman. Confusa, dubitativa, reflexiva, co seu poderoso branco-negro. *Persoas* era o título do spot audiovisual da Coordinadora Galega de ONGD emitido na TVG e na Radio a través do primeiro convenio asinado coa Xunta de Galicia e coa CRTVG que dicía algo así como: "non necesitamos heroes, nin actrices de cine, nin deportistas famosos..... só precisamos persoas".



ANXO MOURE

Ex secretario da Coordinadora
Galega de ONGD



Precisamente dun grupo de persoas como calquera outro fala esta pequena viaxe no tempo. Dun grupo de galegas e de galegos que un día soñaron con outro mundo diferente. O curioso é que quen soñou dende Galica foron e son persoas normais, como calquera traballadora dunha oficina, labrega, funcionaria... que confiaron parte do seu tempo a ese outro soño que se chama solidariedade e que para algún e algunha de nós aínda temos a obriga de facelo realidade. Un grupo de persoas que como árbores diferentes conformaron unha estraña fraga inzada de diversidade, confrontacións, encontros, diferenzas, coincidencias, fracasos e éxitos que deron riqueza a unha clara aposta por un compromiso coa xustiza social a través da denuncia, da educación e da esperanza.

Nesta historia probablemente confunda datas, acontecementos, mesmo personaxes. Pero é o prezo que debo pagar por non ter sabido custodiar nos anos que participei como secretario nese proxecto común aqueles pequenos documentos, dossiers e

cartas que hoxe serían de gran utilidade para completar o relato.

Era, tal vez, o ano 1987 cando eu, ao mesmo tempo de participar en iniciativas como o Cosal de Lugo

(que hoxe deu lugar á ONGD Axunica), e no grupo de Lugo de Amnistía Internacional (que acaba de cumprir 20 anos), sentía unha inquedanza propiciada por un verdadeiro terremoto persoal, unha crise de identidade provocada por aquela terrible fame africana do 1984.¹

Neses anos, decidín poñerme en contacto con distintas

ONGD do Estado español, unha das cales Plenty-Alternativa Solidaria, coa que comecei a distribuír artesanía de comercio xusto polas feiras galegas. Outra organización, Alimentación e Desarme, pediu-me que abriera unha delegación en Galicia. Eu, convencín a Eloy, compañeiro do Cosal, un andaluz residente en Galicia e xuntos encetamos unha serie de

Solicitamos das institucións o 0,7%, fumos recibidos polo presidente da Deputación da Coruña, Romay, quen nos dixo que aquilo que pediamos era imposible de conseguir porque Galicia non tiña facenda propia como Euskadi

1. Unha fame memorablemente retratada por Sebastião Salgado no libro de fotografías *Sahel Final del Camino* editado por Médicos sen Fronteiras, con prólogo de Rosa Montero e que eu sempre cualifiquei como pequeno libro de poesía, da que doe, da verdadeira.



reivindicacións: solicitamos das institucións o 0,7%, fumos recibidos polo presidente da Deputación da Coruña, Romay, quen nos dixo que aquilo que pediamos era imposible de conseguir porque Galicia non tiña facenda propia como Euskadi. Tamén recibimos unha carta do presidente da Xunta, Fernando González Laxe, que nunha nota ben curta nos dicía que Galicia nunca podería cooperar porque estas eran competencias do Estado español.

Alimentación e Desarme participou na Coordinadora de ONGD de Euskadi, así que nos pareceu interesante enviar cartas ás ONGD galegas (Mans Unidas, Unicef, Entrepobos) para xuntar esforzos e crear unha Coordinadora en Galicia. Pero non obtivemos ningunha resposta.

No ano 1989 participamos nun dos primeiros encontros de educadores/as pola paz do Seminario Galego. Ao saír de presentar o noso traballo nunha mesa redonda no salón Caixa Galicia de Compostela, onde viaxamos cos compañeiros de Amnistía Internacional, achegáronse a nós tres persoas: Marga Maderal (mestra), Quino Vilas (fotógrafo) de Entrepobos e

Xosé Cuns (estudante de económicas) de Estudiantes Solidarios. Todos eles vinculados a MON-3, con quen eu mantiña contactos. Cuns lembrou nese momento da carta que el recibira cando militaba en Xóvenes de Mans Unidas e propuxen de novo aquela convocatoria, que foi aceptada e a que se sumaron aos com-

pañeiros do Seminario galego de Educación para a Paz. Será xa nos anos 90 cando comezaron as primeiras xuntanzas. Nós militando nun grupo ecopacifista cunha boa base social de nome Xevale-Ecopacifismo que desenvolveu unha cam-

paña anual “Bicis si, Bombas non”, de denuncia dos gastos en armamento, a través de Entrepobos e coa doazón de bicicletas as persoas refuxiadas maías de Guatemala en México, e que no ano 93 pasou a chamarse Bicis pola Paz.

Xorden as primeiras xuntanzas en bares. Lembro como se fora hoxe as de Rúa Nova, nun momento no que a unha xeración de mozas e mozos galegos lles fervía a alma e tomaron a iniciativa. Os grupos ecoloxistas xurdiron por todos os recunchos, barrios, aldeas e vilas e uníronse a través da Asemblea dos Grupos Ecoloxistas e Naturalistas de Galicia (AGENG), que

derivou, en 1991, na Asemblea Xeral de Monforte, na Federación Ecoloxista Galega (FEG). Naceu tamén no local da Sociedade Galega de Historia Natural a Comisión Galega Pro-Amazonia que foi invitada a sumarse as reunións da futura Coordinadora Galega de ONGD. Neses primeiros tempos é evidente que ninguén creu en nós, de feito aprazamos a creación da Coordinadora polas escusas que nos deu algunha das ONGD máis grandes. Dixeron que eramos moi novos, que aínda que tiñamos moita ilusión o proxecto non estaba maduro e prometeron participar pero nunca apareceron. Sumouse outra xente do Cosal e de Ecos do Sur. Ata que un día decidimos crear os estatutos da Coordinadora Galega de ONGD (creo que asinados por Entrepobos, Ecos do Sur, Comisión Galega Pro-Amazonia, Estudantes Solidarios e o Seminario Galego de Educación para a Paz) que foron presentados nunha campaña deseñada por Fernando, de Ecos do Sur, cun debuxo de tres gaiteiros de distintas razas tocando en tres puntas dun petróglifo. Aínda lembro a presentación nos encontros de Educación pola Paz dos educadores de Suso Jares no albergue de Gándarío onde informamos da existencia da Coordinadora cantando a ritmo baixo o lema ¡non consumir! ¡non consumir! (non hai moito, 15 anos despois, unha persoa que asistira a esa xuntanza me confesou que pensaban que nos faltaba un fervor).



Campaña 'Cidade Candidata ó 0,7%', nas eleccións galegas do ano 2009

O modelo de xestión da Coordinadora nos seus inicios foi similar ao de outras tres coordinadoras que xurdiron naquela época e das que exercín de secretario (a FEG, a Coordinadora de Agricultura Ecolóxica de Galicia, e a Coordinadora das Asociacións Culturais de Chantada) e tamén, por suposto, apunteime para levar a Secretaría da Coordinadora Galega de ONGD. Entre outras cousas, pola obsesión de que todo se editara en papel reciclado (de cando en vez ía polas escolas contando contos sobre o monte e facendo



papel reciclado, e mesmo en Xevale distribuíamos papel ecolóxico para toda Galicia). Hoxe manteño esta costume como xeito de protesta contras as celulosas (léase ENCE en Pontevedra, Uruguai, Argentina), a deforestación, e a mingua de solidariedade. Nese momento, conseguimos que as accións urxentes de Amnistía Internacional se editaran, e aínda actualmente é así, en papel reciclado para todo o Estado. E a día de hoxe recibo sobres da Coordinadora en papel reciclado.

O primeiro presidente elixido foi Xosé Cuns, quen levou tamén a Tesourería por ser economista e a pesar de que sempre nos presentaba uns complexos balances que ninguén entendía. Iso si, nas reunións aplicaba dun xeito claro as leccións maxistras e a súa correcta xestión facía que a Coordinadora tivera un seguro de vida económico.

Con este novo tempo chega progresivamente a incorporación de novas persoas e ONGD: Amigos dos Indios, Médicos sen Fronteiras, Veterinarios sen Fronteiras (co combativo Matias hoxe tristemente

desaparecido), Farmaceuticos Mundi, Voluntariado Social Rogas, Asociación Salvador Allende, Axuda en Acción, Amigos Escaes-Perú (coa eficiente Ana Rosa, que se encargaría da tesourería), InteRed, Siga (que despois dun ambicioso proxecto aparece para desaparecer rapidamente), e un grupo de compañeiras

e compañeiros que dende a revista de pensamento crente 'Irimá' quería poñer en marcha un proxecto de cooperación que finalmente derivou cara ao nacemento de Intermón Oxfam en Galicia (comandado por Jesús Medín e no que no futuro se incorporará Xosé Cuns).

Todo isto queda reflectido no ano 1993 na edición dun-

ha fermosa guía-cartón con palabras de Galeano e Bendetti, con foto de Sebastião Salgado, marabillamente maquetada pola xente de Entrepobos da que aínda conservo moitas copias que conservan o símbolo inicial da coordinadora (a disposición de todas e todos vós).

Este foi a época na que comezou o diálogo coa Xunta de Galicia, que vai recoñecendo á Coordina-

O primeiro presidente elixido foi Xosé Cuns, quen levou tamén a Tesourería por ser economista e a pesar de que sempre nos presentaba uns complexos balances que ninguén entendía


dora como interlocutora, cos concellos, cos partidos políticos e cos axentes sociais. Coincide tamén esta época cunha forte campaña no Estado español e en Galicia esixindo 0,7%. A xente acampou en Madrid e Lugo, e noutros lugares comezaron folgas de fame para pedir a cesión de fondos. Iso fai que vaia callando unha conciencia cidadá en parte gracias á gran repercusión mediática e que facilitou a interlocución coa Xunta de Galicia (algo que se plasmou nun diálogo sempre aberto e nas primeiras convocatorias, escasas de orzamento comparadas coas de outras comunidades).

Neste tempo reivindicativo lembro a Xosé Cuns invitado no programa 'Meigas Fóra' conducido por Torreglesias, que lle chamaba "doutor en amor", e a súa reflexión que eu aínda uso con frecuencia: "nós somos egoístas, gústanos sentirnos ben axudando aos demais". Ogallá xurdiran moitos egoístas coma estes, penso eu nestes estraños días que nos toca vivir.

Nese tempo como secretario cumprín do xeito que puiden, convoquei xuntanzas dende a oficina do meu traballo (era guindastreiro e traballaba cun Land Rover con guindastre recollendo coches accidentados) e levaba a oficina nun taller mecánico de propiedade familiar (onde estaba o famoso

vello ordenador que deu estatutos e máis estatutos a Galicia, de asociacións culturais, coordinadoras, federacións, grupos veciñais, cineclubes, grupos ecoloxistas...). Alí convocaba as reunións con antelación, dende un tempo xa no local da Escola Galega de Administracións Públicas ao carón de Area Central, e sempre (e iso si que me lembro) os luns. Con papel, selos e sobres cedidos polo taller partiron as conclusións cara ás distintas ONGD (hiperresumidas e atrapalladas, con moitas faltas de ortografía -con some non superada-).

Un día, despois da insistente petición de Ana Rosa de Escaes, a Coordinadora mercou cos seus fondos un teléfono con contestador automático, que quedou instalado na miña casa, aldea de Garabelos, sendo probablemente o primeiro ben propiedade desta (mágoa que axiña se derramará), e abriu un apartado de correos, o 404 de Santiago de Compostela, que pasado o tempo transformouse no asentamento en locais compartidos con Estudantes Solidarios, Federación Ecoloxista Galega.... Atopábase na rúa que baixa dende o Pazo de Raxoi, na rúa das Hortas. Alí contratouse a tempo parcial o primeiro traballador da Coordinadora para atender, nun espazo de tempo puntual, as chamadas recibidas por mor da campaña do spot publicitario da TVG.





Acción de rúa da Coordinadora
en Ourense, no ano 2006

E tamén o tempo da incorporación das novas ONGD, dos cambios de Presidencia e da itinerancia na convocatoria de Asembleas. Lembro, por exemplo, a de Oleiros paralelamente a unhas xornadas de Comercio Xusto organizadas por Ecos do Sur. Rematamos facendo a asemblea nun bar, en Redondela, co xantar na vella Casa Cuartel (tamén recordo algunha xuntanza no COF, no Centro de Orientación Familiar de Santiago, na Coruña, xantando no porto) e os xantares, sobre todo, porque me gusta moito comer

e era onde se interpretaban mellor as asembleas: unían a xente).

Falando de unir esforzos, lembro iniciativas moi interesantes e mesmo vangardistas (agora aplicadas para ciclos directivos de importantes empresas) como eran as Aulas Solidarias Itinerantes en Bicicleta. Creo que foron dúas, unha primeira por toda a Ribeira Sacra dende Chantada, con durmida nos Peares, e chegada ao Mosteiro de Ribas do Sil. E para rematar sendo recibidos polos compañeiros do Brote en Ourense, na festa dos Maíos. Chamabámoslle a aula das inauguracións porque lle pediamos a Xosé Cuns, como presidente, que inaugurase pontes, latas de sardiñas, lameiros, ríos, e el maxistralmente inaugurábaos. Eramos poucos pero moi unidos nas nosas mesmas diferenzas. Lembro outra facendo o Camiño de Santiago dende O Cebreiro, aínda que Xosé Cuns rompeu a bici en Arzúa e aínda ten pendente completalo.

Progresivamente chegaría a toma de contacto con outros foros, o nacemento do Fondo Galego de Cooperación Municipal, a colaboración coa Coordinadora estatal e o descubrimento de personaxes como Orlando Paleo, un responsable da cooperación na Unión Europea con raíces en Galicia e que se marabillou desta cativa iniciativa.



Na Asemblea de Ourense, na sede da Cruz Vermella, elixiuse, probablemente, a Xunta Directiva que marcou o asentamento definitivo da cooperación en Galicia. A entrada dunha nova equipa comandada por Emilio marcou un positivo paso de xigante e o que foi, sen dúbida, unha gran felicidade para esas persoas que aínda que nos imos distanciando seguimos sentindo formar parte deste soño común e compartido: non ser heroes, simplemente persoas, solidarias si, pero coma calquera labrega, mariñeiro, taberneiro, estudante, parado, amo da casa. Nada máis que persoas.

Despois dun inverno chuvioso as sobreiras seguen medrando en Garabelos. Darán máis sombra este verán e cada vez poderemos rubir a elas para ver o mundo dende máis altura, tal vez para ter unha mellor definición do que acontece e artellar con maior tino e efectividade o xeito en que podemos inzalo de xustiza e solidariedade. O que vén sendo o mesmo que lle aconteceu á Coordinadora ao longo destes anos:

**a entrada dunha nova
equipa comandada
por Emilio marcou un
positivo paso de xigante
e o que foi, sen dúbida,
unha gran felicidade para
esas persoas que aínda
que nos imos distanciando
seguimos sentindo formar
parte deste soño común e
compartido**

máis ou menos como as sobreiras, se ao final, é todo tan sinxelo.

Esta é a historia vista por un simple secretario da Coordinadora. Quen realmente debe completar a historia son os verdadeiros protagonistas, todos e cada un dos que participaron, en especial, as dúas

persoas que máis creron nese soño: Cuns e Emilio. E debería ser completada ao longo dos anos por todas os que queiran ser “persoas”. ■

Para Mar e María. Cada vez que converso convosco na oficina da Coordinadora atopo repouso, calma e ganas de seguir traballando, do único xeito que eu sei, cos contos solidarios, ou coas sobreiras, por iso quixen enviarvos esta miña-

vosa pequena historia. Con agradecemento cara a vós, sodes encantadoras.

En Garabelos, despois dunha intensa xornada de contos solidarios en cinco escolas rurais de Vilaboa, cun atrapador de contos e un carballo con botas.





COMERCIO XUSTO. Feliz ANIVERSARIO?

neste mes a Coordinadora Galega de ONGD cumpre 20 anos dende a súa constitución formal en Galicia. Con ocasión deste aniversario non queriamos deixar pasar a oportunidade para aproveitar e mirar o que temos andado en Galicia nestes anos e adiantar cales entendemos que son os retos, dende a perspectiva do Comercio Xusto hoxe e no futuro.

UN POUCO DE HISTORIA

Aínda que as primeiras organizacións de Comercio Xusto en Galicia nacen en novembro de 1995, había xa algúns anos que varias dúcias de persoas traba-

llaban por dar a coñecer e difundir esta iniciativa na nosa terra. Nos primeiros anos da década dos noventa, de xeito case simultáneo e sen apenas coñecemento inicial entre eles, tres grupos comezaron a traballar no eido do Comercio Xusto en Galicia.

En Lugo, tivo o seu xermolo en 1993, arredor do movemento social que reivindicaba o 0,7%. En Compostela, varios mozos e mozas que procedían do grupo de novos de Mans Unidas dedicáronse entre 1991 e 1994 a recoller información, falar con persoas doutras comunidades do Estado que traballaban no tema, e reflexionar sobre as posibilidades de pór en



práctica esta iniciativa. De xeito simultáneo, outro grupo de persoas en Vigo valoraba a posibilidade de abrir unha tenda de Comercio Xusto centrados nun enfoque práctico (estudo de mercado para a tenda, forma xurídica...).

O contacto entre os tres grupos a partir dun obradoiro sobre Comercio Xusto celebrado dentro do Xaxún solidario desenvolvido en Compostela no ano 1994, e a experiencia vivida no verán dese ano, cando un membro do grupo viaxou a Cuba e mercou unha pequena parte da súa produción a un grupo de artesáns locais, que logo puxo á venda en Lugo, serviu para impulsar a idea e desbotou a sensación de “francotiradores” que ata ese momento existía, ademais de servir para ir coñecendo outras iniciativas semellantes no Estado, comezando tamén os contactos coa incipiente “Coordinadora Estatal de Comercio Justo” que a finais dese ano se constituiría, tendo os grupos de Lugo e Compostela entre os socios fundadores.

Así foi como viron a luz as primeiras experiencias prácticas de Comercio Xusto en Galicia. En decembro de 1995 abriu as portas Arao (en Vigo) e A Cova da Terra (en Lugo). Tamén nese mesmo Nadal, celebrouse en Compostela a primeira exposición de Comercio Xusto, repetida no Nadal de 1996, e que

propiciou a apertura en xaneiro de 1997 de Panxea, a terceira das tendas de Comercio Xusto en Galicia. Arao viuse na obriga de pechar no verán de 1997. A Cova da Terra e Panxea, que naceran apoiadas por sendas asociacións sen ánimo de lucro (o que posiblemente facilitou a súa viabilidade), foron asentándose paseniñamente. O seu xeito de traballo e obxectivos eran semellantes, e non se dedicaban só á venda, senón que desenvolveron dende o principio moitas outras actividades de difusión do Comercio Xusto e do Consumo Responsable.

Por outra banda, existían outros colectivos que, sen contar cun posto de venda estable, levaban adiante tamén un traballo de difusión coma o colectivo Augasquentes, de Ourense entre 1996 e 1998.

UN SALTO ADIANTE

Dende o ano 2000 o Comercio Xusto en Galicia vai experimentar un salto cualitativo e cuantitativo.

Nese ano abriu unha nova tenda, A Factoría do Sur, en Pontevedra, promovida pola ONGD Amarante. Esta organización, xunto con Amigos da Terra, Panxea e A Cova constituirían neses anos un novo intento de coordinación das experiencias que nese momento





existían en Galicia baixo o nome de Rede Xusta, que tería escaso percorrido. Nos anos seguintes, Amaran-te expandiría a súa actividade abrindo novos puntos de venda en Vigo, Compostela, Ourense, e Ribadeo.

Tamén a partir do ano 2000 prodúcese a incorporación doutras organizacións estatais que traballaban o tema do Comercio Xusto. Intermón inaugurou tenda en novembro de 2000 na Coruña, atendida por persoal voluntario, e con posterioridade abriría novas tendas en Compostela e Vigo. Pola súa banda, Solidariedade Internacional iniciou o traballo de difusión do Comercio Xusto no noso país tamén no ano 2000 (aínda que xa antes contactara cos grupos de Lugo e de Compostela). No ano 2006 abriría en Ourense unha tenda estable, experiencia que se estendería con posterioridade á Coruña e a Pontevedra.

Nos anos seguintes outras organizacións incorporáranse ao movemento de Comercio Xusto, por unha banda varias ONGD coma Axuda en Acción ou Taller de Solidaridad, que xunto coas xa nomeadas Intermón-Oxfam e Solidariedade Internacional, Amigos da Terra, Labañou Solidario, Panxea e A Cova da Terra, forman hoxe a Comisión de Comercio Xusto da Coordinadora Galega de ONGD, constituída no ano 2006. Outras ONGD coma Mans Unidas, Proyde, Unicef, Coopera,

Veterinarios sen Fronteiras ou Proclade, entre outras, tamén recollerían o Comercio Xusto coma un dos eixes estratéxicos do seu traballo en Galicia.

Tamén nesa época incorpóranse ao movemento as cooperativas de consumidores e consumidoras que comenzaban a xurdir en diversos puntos da xeografía galega. Foi o caso das cooperativas Árbore, en Vigo (ano 2001), ou A Xoaniña en Ferrol (2005), e máis recentemente doutras cooperativas e grupos de consumo por todo o territorio galego que hoxe inclúen en toda Galicia a filosofía do Comercio Xusto no seu facer cotián.

Do mesmo xeito, tamén nos últimos anos, en parte grazas ao traballo realizado tanto desde a Coordinadora Galega de ONGD, como desde as propias organizacións da Coordinadora, nomeadamente as que conforman a Comisión de Comercio Xusto desta, o Comercio Xusto comezou a introducirse no ámbito das institucións e das administracións públicas, dende Universidades ata concellos ou a propia Xunta de Galicia, sendo hoxe un dos alicerces dos plans estratéxicos da cooperación galega ao desenvolvemento recollido xa dende o primeiro Plan Director da Cooperación Galega do ano 2006, existindo tamén tímidos avances na incorporación do comercio xus-



to en cláusulas de contratación administrativa en forma de Compra Pública Ética.

Nestes últimos anos, e dentro da colaboración que mantemos as organizacións que formamos parte da Comisión de Comercio Xusto da Coordinadora, conmemoramos de xeito conxunto o Día Internacional do Comercio Xusto o segundo sábado de maio. Ese día saímos á rúa para achegarnos á poboación galega con información, venda de produtos, degustación e actividades lúdicas e de sensibilización. Habitualmente as actividades prolónganse tamén ao longo da semana anterior en diversos ámbitos das cidades nas que estamos presentes, e esta conmemoración vén ser o cume festivo e tamén reivindicativo do traballo que facemos a diario en todo tipo de actividades de denuncia, formación, sensibilización, incidencia política, etcétera, tanto organizadas en conxunto dentro da Comisión, como todas e cada unha das organizacións que somos parte da mesma.

OS RETOS DO PRESENTE E DO FUTURO

Deixando de lado a propia viabilidade das iniciativas de Comercio Xusto que existen en Galicia no contexto de crise no que estamos, que levou ao peche de varias tendas ou locais asociados a organizacións

en Galicia, temos que recoñecer que a día de hoxe son numerosos os puntos de venda onde podemos encontrar produtos de Comercio Xusto.

Dentro desta categoría están algunhas grandes superficies, o que levou ao movemento de Comercio Xusto, tanto no eido galego como no eido estatal e internacional a un debate profundo sobre tres cuestións intimamente relacionadas que obrigan as organizacións e o propio movemento de Comercio Xusto a posicionarse: A Soberanía Alimentar, os Selos de Garantía e a venda de produtos de “comercio xusto” por multinacionais e en Grandes Superficies, cuestións todas aínda en debate dentro de movemento.

UNHA REALIDADE ILUSIONANTE

Case vinte anos despois da súa orixe en Galicia, as organizacións de comercio xusto galegas temos moito que celebrar e moito no que seguir traballando.

Non podemos acabar sen enviar un saúdo especial a todas as persoas e organizacións que durante estes anos foron e seguen a ser parte deste camiño do Comercio Xusto en Galiza. Para eles o noso agradecemento e o desexo de seguir camiñando xuntos na procura dun outro mundo máis xusto e solidario. ■





REMEMORANDO

MANUEL DIOS DIZ

Presidente do Seminario Galego
de Educación para a Paz

verdade que teño lembranzas confusas e febles
daquel tempo. Non sei si será o Alzheimer ou que.
Quizais son os anos pasados. A Coordinadora Galega
de ONGD, como calquera pode intuír, non naceu por
xeración espontánea, nin sequera por esporas, nin
tampouco por fórmulas máis acaídas e apetecibles.
Foi moito máis sinxelo. Existía xa a Coordinadora Esta-
tal, tamén nalgunha nacionalidade histórica e mesmo
noutras CCAA. En Galicia, sinceramente, daquela, moi
pouca cousa. Algunhas tendas de franquicia das gran-
des organizacións estatais e/ou internacionais, unhas
poucas entidades vinculadas á Igrexa Católica, dunha
maneira ou doutra, e poucoísimas, dúas se non recor-

do mal, exclusivamente galegas, Bicis pola Paz (con
Anxo Moure ós pedais) e nós, o Seminario Galego de
Educación para a Paz. Pouco máis.

Non obstante, nalgúns de nós si existía conciencia
plena da necesidade de vertebrar e de sumar a nosa
sociedade civil, desde Galicia cara ó mundo, de auto-
organizarnos, de forma plural, respectando e promo-
vendo a diversidade, con ámbitos e características
singulares.

A referencia da Coordinadora Estatal de ONGD era
moi forte, tanta como a idea de crear entidades pro-

pías, polo menos para as persoas que estivemos na fundación da Coordinadora Galega, Xosé Cuns, Emilio Martínez, o citado Anxo Moure, eu mesmo, Lois Trigo, e outras persoas que, sen dúbida, colaboraron con aquela iniciativa.

A cooperación ó desenvolvemento non era unha singularidade do Seminario Galego de Educación para a Paz, nin o é na actualidade, desde logo non ocupaba, nin ocupa, un lugar central no noso traballo diario, non por menosprezo senón por economía de esforzos. Outras organizacións tiñan por definición ese obxectivo como prioritario. Con todo, compartimos a idea de que, en si mesmo, crear unha Coordinadora Galega, era unha necesidade.

Mantiñamos algunhas prevencións. Preocupábanos a excesiva presenza de entidades vinculadas a organizacións estatais, con órganos de decisión fóra de Galicia. O peso da Igrexa Católica e o confesionalismo manifesto dalgunhas ONG, aínda que fose desde perspectivas e enfoques contrarios ás ideas da xerarquía eclesiástica, tamén, e sobre todo a febleza das ONG galegas e a súa división. E apostamos polo pragmatismo. Mellor que exista unha Coordinadora Galega de ONGD e logo xa veremos como evoluciona. Foi a mellor idea. O incremento de entidades, a súa plura-



Campana 'Pobreza Cero'
(Narón, 2007)

lidade, os ámbitos diversos de actuación, non fixeron máis que multiplicarse nestes anos. Certo que persisten as contradicións. ¿Onde non? Aínda que se botamos a vista atrás, con perspectiva, podemos darnos por satisfeitos. Non desde a autocompracencia por canto que algunhas das prevencións que apuntamos de orixe, persisten. Outras son manifestas. A capacidade de influír na Xunta de Galicia para que abandone o furgón de cola da cooperación segue a ser manifestamente mellorable. A vinculación dos concellos, máis



alá do Fondo Galego de Cooperación, fundamentalmente dos máis prósperos, e das deputacións, non é suficiente, ou das entidades privadas. A mobilización social, o voluntariado nas ONG, ou ter o pensamento e a acción posta en Galicia e desde Galicia, son aspectos que, desde o meu punto de vista, non tiveron o desenvolvemento que o número de organizacións da Coordinadora facía prever.

Emilio Martínez Rivas foi o presidente da Coordinadora Galega nesta nova etapa. O seu primeiro despacho estivo nos locais do Seminario Galego de Educación para a Paz, na Rúa dos Basquiños, e alí segue a estar a sede Da Coordinadora. Moita xente non o sabe pero, daquela (o Seminario Galego de Educación para a Paz nacera en 1985), a Coordinadora xuntábase nos nosos locais, e mantiña unha certa subsidiaridade infraestructural, que non de xestión nin de pensamento, por iso, desde aquel despacho, Emilio Martínez dirixía e impulsaba a primeira Coordinadora Galega de ONG. Nós non faciamos outra cousa que axudar e colaborar na medida das nosas humildes posibilidades. Lois Trigo, da nosa directiva e fundador, mantiña a relación máis directa. Cando nós ampliamos os espazos, a

Coordinadora xa pasou a ocupar un dos pisos da Rúa dos Basquiños, o primeiro esquerda. Finalmente, o Seminario Galego de Educación para a Paz trasladouse á Rúa do Valiño, onde estamos, e a Coordinadora Galega de ONGD continúa atendendo e xestionando as súas iniciativas nese mesmo lugar.

**din que un gran
camión empeza
sempre cun primeiro
paso. Aprendimos a andar
xuntos. Naqueles primeiros
pasos da Coordinadora
axudámonos mutuamente**

Din que un gran camiño empeza sempre cun primeiro paso. Aprendimos a andar xuntos. Naqueles primeiros pasos da Coordinadora Galega de ONGD, axudámonos mutuamente. O Seminario Galego de Educación para a Paz, como

membro fundador da Coordinadora, segue a participar e a desenvolver algún proxecto de cooperación, de feito, mantemos un departamento específico de cooperación ó desenvolvemento, e vimos colaborando en diversas partes do mundo con contrapartes locais arredor de proxectos vinculados coa educación e coa cultura da paz, a mediación de conflitos ou a convivencia democrática, unha herdanza que mostramos con orgullo e que podemos remontar a aquela primeira etapa da Coordinadora, a un tempo que nos marcou profundamente, onde aprendemos tanto. Parabéns e moitos éxitos. ■

Artista Galego polo Porto
Acto con centros de ensino
14.10.2010

Acto reivindicativo na rúa
Campaña Pobreza Cero 2011
13.10.2011





EMILIO MANUEL MARTÍNEZ RIVAS

Ex presidente da Coordinadora
Galega de ONGDs (1998-2005)

LEMBRANZAS: oito anos de APRENDIZAXE

d

ebeu ser por abril de 1998 cando naquela asemblea anual de Ourense, celebrada na sede da Cruz Vermella, saín escolleito presidente. Que chegara a presidente da Coordinadora Galega de ONGD só pode ser explicado por unha carambola, ou se cadra unha casualidade.

En 1996 comezara a achegarme aos poucos ás actividades de Intermón, ONGD á que coñecía da Universidade. Un ano antes, á volta de facer a prestación social en Croacia decidira dedicarme a temas de cooperación internacional e deixar un pouco apartada a militancia na esquerda nacionalista. Intermón,

polo xeito de traballar e porque coñecía a algunha xente xa vinculada á mesma, pareceume a organización máis acaída.

Ao pouco representaba, con Xosé Cuns, a Intermón na Coordinadora Galega de ONGD. Eran tempos revoltos. Daquela, entre 1996 e 1997, a Coordinadora tiña a penas 13 organizacións integradas, os fondos anuais eran de 130.000 pesetas (780 euros) e o ambiente cando menos enrarecido. Ao ano de comezar a participar na Coordinadora, a daquela presidenta dimitiu ao estar en desacordo coa decisión da asemblea de criticar a política do goberno galego (Partido Popular)



a respecto das subvencións a proxectos de cooperación (subvencións, por outra banda, ben escasas, de uns 400.000 euros era todo o orzamento anual).

A partires daquel intre a situación mudou nunha verdadeira crise. A Coordinadora veuse mergullada nunha especie de loita na que as representantes da organización da presidenta dimitida boicoteaban calquera proposta. A situación en funcións do vicepresidente mantívose durante uns meses, até aquela asemblea de Ourense.

Aínda sigo a pensar que saín, sen propoñerme, presidente porque falaba pouco. Na altura esa era a única virtude que os membros da asemblea podían coñecer de min.

Mais aí estaba, ás sete da tarde en Ourense elixido presidente da Coordinadora Galega de ONGD. Do que me agardaba, foi unha mostra que, en rematando a asemblea, aparteime un chisco do salón para atender unha entrevista telefónica, e ao regresar, só cinco minutos despois, xa non había ninguén. Á vicepresidenta da Coordinadora vina tres veces en dous anos, e logo aínda me comentaron que se alporizou moito

porque non contei con ela, dous anos despois, para a candidatura do ano 2000.

En fin, abril de 1998 e moito traballo por diante. Convertín a mesa do salón do apartamento de Lugo na sede da Coordinadora, o locutorio do lado no centro de comunicacións e ao meu compi de piso na estrutura administrativa de apoio. E pouco a pouco.

Dende o primeiro intre, hai que recoñecelo, contamos con certo apoio da Dirección Xeral de

Relacións Institucionais, dirixida por Alfonso Vaquero Marín, que facilitou que ao pouco tempo tivéssemos un convenio de colaboración para o desenvolvemento de diversas actividades, a contratación dunha persoa de apoio –nun principio a penas 20 horas semanais– e un cuarto da sede do Seminario Galego de Educación para a Paz, que nos permitiu contar con teléfono, fax, internet...

Da vida da Coordinadora naqueles primeiros anos, entre 1998 e 2000, as lembranzas que teño son tan intensas como contraditorias. Á pardo apoio dun grupo de persoas –Anxo, Xulio Rodríguez, Quino, Marga, Blanca, o padre Díaz de Rábago, Ana Rosa...–, ás que



Foro de ONGD en Santiago de Compostela, en xaneiro de 2008

sempre terei na maior das estimas, lembro a incompreensión e as gañas de meter paus nos radios daquela roda que tentabamos poñer a andar. Recordo as críticas porque consideramos o facer unha campaña activa entre as ONGD para que se integraran na Coordinadora. Lembro os problemas que puxeron a que se asinara o convenio de colaboración coa Xunta de Galicia, a crítica feroz á primeira contratación de persoal... Pero con moita paciencia, moito contar até dez, e ás veces con algún ca outro golpe na mesa e algunha saída de ton, así como con moito traballo e moita viaxe de aquí para aló, as cousas foron para diante.

Con máis vontade que medios, con máis ilusión que planificación, montamos aquela exposición, “Galicia Solidaria”, que arrastramos por todo o país. Que difícil era de montar e como pesaba! Vigo, Santiago, A Coruña, Lugo, Ribeira, Chantada, Pontevedra... E os primeiros seminarios: “O marco lóxico”, naquel chuvioso inverno de 2000. E logo, xa moito despois, a páxina web, www.galiciasolidaria.org, con música e contos no local da asociación gastronómica “A troita armada”...

Foron anos de moito traballo, mais tamén de moita ilusión, moitas discusións coas ONGD e coa Administración, e anos de coñecer persoas fascinantes, tanto

aquí, na Galiza, como as que viñan de fóra ou traballaban nos países en vías de desenvolvemento.


E aos poucos foi pasando o tempo e se foron facendo cousas. Á antedita exposición seguiron diferentes publicacións –a Guía das ONGD, os cartafoles da solidariedade...–, máis e máis seminarios, campañas dirixidas a escolas sobre Perú e sobre Nicaragua... e paseniñamente as 13 ONGD mudaron en 20, e logo en 30, en 40... Así, a Coordinadora converteuse nunha organización de referencia no eido da cooperación ao desenvolvemento, cun papel importantísimo no momento da elaboración da Lei Galega de Cooperación para o Desenvolvemento ou na interlocución coas administracións e os partidos políticos... (a Xunta de Galicia, mais tamén os concellos por medios do Fondo galego de Cooperación e Solidariedade).

Neses anos fomos tamén consolidando a nosa participación na Coordinadora estatal de ONGD, achegando o noso grao de area e colaborando en campañas como “Candidata ao 0,7” ou “Pobreza cero”.

E ano a ano cumpríronse 8 anos. É bo saber cando hai que deixar as cousas, aínda que ás veces non saibas ben como facelo. Oito anos de aprendizaxe, oito anos de traballo, oito anos nos que os intres malos son doados de esquecer porque os bos foron moitos máis. ■



Páxina web da Coordinadora
no ano 2011



8

Catro MOMENTOS
DECISIVOS e un SOÑO
FINAL

XOSÉ MARÍA TORRES BOUZA

Ex presidente da Coordinadora Galega
de ONGDs (2005-2011)



experiencia persoal do que suscribe no mundo das ONG de cooperación internacional iníciase nos primeiros anos 90 do século pasado, de onde xorde despois unha xa longa relación coa Coordinadora Galega de ONGD.

Desta relación quero salientar unicamente catro episodios que ao meu entender tiveron importancia; quizais non merezan a cualificación de “momentos estelares”, ao estilo de Stefan Zweig, trátase simplemente dunha escolla persoal, que non ten porque coincidir pola realizada por calquera outra persoa.

Ademais deles, engadirei ao final a visión dun soño: unha Galicia solidaria.

XUÑO DE 1991

NACEMENTO DA COORDINADORA

Empecemos. O calendario romano estaba dividido desde antigo en días fastos e nefastos; nos primeiros (F) podía-se emprender calquera tipo de actividade ou negocio, mentres que os segundos (N) estaban dedicados ás divindades pagás, e por iso prohibidas a maioría das actividades. Esta división que se facía era allea aos significados actuais de nefasto como negativo, e ao de fasto co de

celebración ou luxo. Non obstante non encontro nada máis acaído que cualificar de día fasto o día 1 de xuño de 1991, un sábado, en que se asina en Santiago de Compostela a acta de constitución da Coordinadora.

Están presentes naquel primeiro día dúas ONGD: Estudantes Solidarios e Comisión Galega pro-Amazónia, representada a primeira delas por Xosé Artur Cuns Traba, e a segunda por Xacobe Meléndrez Fassbender.

Xosé Cuns era naquel momento, con 23 anos, presidente de Estudantes Solidarios, ONGD da que fora fundador sendo estudante dos primeiros cursos da licenciatura de CC. Económicas. Como relata Anxo Moure noutra colaboración, Xosé Cuns foi durante anos unha das columnas vertebrais da Coordinadora, asumindo os importantes postos de presidente e tesoureiro case “vitalicio” como chega a dicir con ironía Anxo Moure. Despois daquela época dos primeiros 90, continuou no sector das ONG de desenvolvemento en diferentes posicións e entidades, en especial Intermón. Tras unha longa estada na empresa privada, en 2005 afronta o reto de ser un dos asesores de gabinete na dirección xeral de cooperación exterior no goberno bipartito PSOE-

BNG, época na que tivo –no outro lado da mesa¹– unha intensa relación coa Coordinadora. Despois de 2009 continua a traballar no sector non lucrativo como consultor e mantén un interesante blog titulado *No me pidan calma*², localizado na web dun xornal galego.

Xacobe Meléndrez Fassbender³, que representaba a Comisión Galega pro-Amazonía, era daquela unha persoa de maior percorrido vital (andaba polos 28 anos), se ben o seu perfil estaba máis ligado ao movemento ecoloxista, no que militaba desde 1985. Nado en Tegucigalpa (Honduras), vive en Galicia desde pequeno, e participa na Asemblea de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas de Galicia (AGENG), antecedente da Federación Ecoloxista Galega (FEG).

Na actualidade traballa como fotógrafo independente; de formación autodidacta, a súa obra fotográfica parte do compromiso co medio e da posta



Campaña 'Pobreza Cero', en decembro de 2005

en valor do enfrontamento entre o home e a materia da que nace, a conservación e devastación do contorno e as relacións sociais. Segue colaborando con diversas ONG.

Non deixa de ser sintomático que as dúas persoas que asinan o certificado de nacemento da Coordinadora procedan de dous ámbitos que de modo persistente están ligados ou forman parte das ONGD: o estudantado e o medio. Sabemos que non

1. A valoración da súa estadia 'no lado escuro da forza' (son palabras súas) non a imos facer neste traballo que sen pretender ser amable tampouco pretende saldar contas, senón que ten como obxectivo recoñecer o papel das persoas que tiveron contribucións decisivas na intrahistoria da Coordinadora.

2. <http://blogs.lavozdeg Galicia.es/nomepidancalma/>

3. Dispón hoxe dunha páxina web persoal na que se pode visualizar parte da súa interesante obra fotográfica: <http://www.xk3foto.com/>



eran as únicas persoas que pularon polo nacemento da Coordinadora: entre outras habería que citar o Seminario Galego de Educación para a Paz, que xa existía como tal desde 1985, e sobre todo a Anxo Moure, que aínda non fundara Bicis pola Paz –o que ocorrería dous anos máis tarde– pero si levaba exercendo en territorio lucense e con base nas terras de Chantada un activo labor solidario-ecoloxista.

Non sabemos quen tivo a idea precisa de conformar unha coordinadora das ONG de Galicia, pero máis que o pai ou nai da idea, o que ten interese é o propósito que querían conseguir en clave galega, un traballo conxunto e unha mobilización da sociedade galega apenas unha década despois de que España deixase de estar incluída na lista do Comité de Axuda ao Desenvolvemento (CAD-OCDE) de estados que podían recibir axuda internacional (onde estivo ata 1983). E por suposto ten interese o resultado, vinte anos despois, da existencia dunha sociedade civil comprometida, por máis que a algúns se lles atragante ou non lles conveña a difusión dos datos que así o demostren⁴.

4. Véxase a enquisa *Coñecemento e actitudes dos cidadáns galegos cara á política de cooperación e axuda ao desenvolvemento*, un estudo que a Xunta ten oculto (ou o que é o mesmo, perdido no fondo da web de cooperación galega), talvez polos seus resultados sorprendentes nesta época de crise. Pode consultarse no seguinte enlace: http://www.cooperaciongalega.org/documentos_ver.php?idArchivo=254

MARZO DE 1998

ASEMBLEA ANUAL. ELECCIÓN DUN NOVO PRESIDENTE

Xa pasaran sete anos, os da etapa fundacional e de certa ampliación. Ata daquela renovárase a Directiva cada dous anos, dacordo co mandato estatutario, e en 1997 o posto de presidenta fora acadado por Aida Ramos, de Mans Unidas, se ben seguía como secretario Anxo Moure dende a aldea de Garabelos, en Chantada, lugar onde por certo non acababa de chegar o fax, imposible de conectar⁵.

Este período finalizaba dunha maneira un tanto convulsa: había xa na Coordinadora moitas ONGD, pasando de vinte as integradas, pois os anos 90 foron a etapa de creación de moitas ONGD en Galicia ou de apertura de delegacións de ONGD de ámbito estatal⁶. Unha riqueza e diversidade que orixinaba puntos de vista diferentes. Como resultado destes a presidenta, Aída Ramos, dimite a finais de 1997, cun clima de profunda división na Coordinadora. Tras unha asemblea

5. Dado que o teléfono fixo de que se dispoñía no lugar de residencia de Anxo Moure era de tipo TRAC, a conexión dun telefax –como se dicía daquela– tan interesante para a secretaría dunha asociación, era materialmente imposible.

6. Coordinadora Galega de ONGD. *Informe Cero do sector das ONGD en Galicia*. 2007.



extraordinaria que trata de mandar unha mensaxe de tranquilidade, e apoia a continuidade temporal do resto da directiva, celébrase posteriormente en Ourense a asemblea xeral ordinaria da Coordinadora. Alí, o 14 de marzo de 1998 elíxese a Emilio M. Martínez Rivas, voluntario de Intermón, como novo presidente que ía dar paso a unha nova época, xa moi diferente.

Emilio era nese momento, con 33 anos, licenciado en CC. Económicas; efectuara varios anos antes a prestación social substitutoria –a alternativa naqueles tempos ao servizo militar obrigatorio– cunha ONGD española en Croacia, nunha época de marcada tensión militar na ex Iugoslavia.

Alí participa en actividades de axuda humanitaria e descobre entre outras cousas a distancia entre a teoría humanitaria e práctica. Emilio tivera xa na súa época de estudante no movemento estudantil e despois no bienio 1992-1994 na universidade de Santiago diferentes responsabilidades, experiencias que o bregaran no activismo social. No aspecto profesional traballaba como persoal de administración e servizos (PAS) na universidade de Santiago na área de innovación e de transferencia de tecnoloxía.

Os anos 90 foron a etapa de creación de moitas ONGD en Galicia ou de apertura de delegacións de ONGD de ámbito estatal

Esa dobre competencia, a formación económica e o emprego na área de innovación marcaría a súa longa etapa como presidente da Coordinadora, entre 1998 e 2005, que sería a do avance e expansión. Tras un curto destino laboral en Lugo, ao retornar a Compostela en 2000 percibe a necesidade de profesionalizar a Coordinadora, e de dotala dunha sede física, coa que poder potenciar o labor desta.

Así diseña un plan, que é aprobado pola Asemblea da Coordinadora, para poñer en marcha esta sede, contando para os efectos cun convenio coa Xunta de Galicia, que apoia economicamente a proposta.

Nos anos seguintes, o salto cualitativo da Coordinadora é extraordinario: organización de cursos e de seminarios por expertos de primeira liña; inicio de varias series de publicacións da Coordinadora: desde carpetas con fichas de proxectos ata unha liña de cadernos divulgativos; desde exposicións como a que percorreu Galicia en 2001 ata campañas sucesivas de presión política e difusión informativa. Todo acompañado dunha participación persoal intensa do presidente en conferencias, cursos e entrevistas nos medios de comuni-



cación, nun labor que o fará coñecido alén do sector solidario.

É certo que a Coordinadora contaba xa cunha mínima estrutura de apoio profesionalizada, e que outras persoas colaboramos na Directiva eses anos (en especial Ana Rosa Rodríguez, de Escaes-Perú, José Luis Presedo, de Entreculturas e algunha máis), pero ninguén se atrevería a desmentir o liderado que exercía, apoiado nunhas capacidades e espíri-

to de traballo que se completaban cunha notable habilidade para levar as tarefas á práctica. Pode recoñecerse neste período un certo personalismo, propio dos liderados fortes, pero sempre motivado en evitar trámites innecesarios, como falsos e interminables debates, cumpridamente democráticos, iso si, pero tamén totalmente inoperativos e paralizantes.

Deixa a Directiva en 2005 para pasar a responsabilidades importantes de xestión na Xunta de Galicia tras as eleccións de xuño de 2005, que permiten o acceso ao goberno do bipartito PSOE-BNG. Fica así unha Coordinadora forte, con máis de 40 organizacións, unha estrutura estable, unha fonte de financiamento regular, e un presenza pública notable.

NOVIEMBRE DE 2000

REXISTRO DE ASOCIACIÓNS: RISCO DE DESAPARICIÓN LEGAL DA COORDINADORA

É este outro momento álxido da nosa vida interna. Sen ter o carácter épico dos restantes momentos pode servir para salientar o labor interno e escuro que se fai dentro das organizacións en materia de estatutos, regulamentos internos, códigos de conduta e de funcionamento interno... que de modo



ordinario pasan desapercibidos, pero que unha e outra vez se botan de menos cando non existen e hai que cubrir de forma atropelada unha ausencia ou implementar de forma precipitada un procedemento.

Os antecedentes deste debemos situalos no 23 de xuño de 1998, na reunión trimestral da Coordinadora, que toma a decisión de actualizar os estatutos sociais. O labor de modificación corre a cargo dunha comisión *ad hoc*, na que participan Lois X. Trigo Martínez, Ángel Segovia Largo, Carmen Castilla, Emilio Martínez, como presidente da Coordinadora e o que suscribe este artigo.

Lois Trigo, que xunto con Ángel Segovia formaba parte do Seminario Galego de Educación para a Paz, era con diferenza o que se manexaba entre artigos, normativas, disposicións, decretos e leis con maior comodidade e coñecemento⁷; Carmen Castilla era voluntaria en Compostela de InteRed, a ONGD impulsada pola Institución Teresiana, e amosaba un interese senlleiro en levar a cabo o encargo, con disciplina e serenidade.

7. De feito nas reunións da Coordinadora habitualmente pensábase que era avogado, sendo el mestre de primaria de profesión e director de colexio moitos anos.

Celebradas as reunións da Comisión de Estatutos entre outubro do 1998 e marzo do 1999, elaborouse entre todos un texto máis moderno e completo. A proposta, tras os derradeiros debates en asemblea, foi aprobada o 24 de abril de 1999, na asemblea anual celebrada en Lugo, e ratificada novamente na asemblea celebrada en Compostela o 17 de xuño de 2000.

A sorpresa chegaría ao tratar de legalizar estes novos estatutos, en outubro do 2000. Realízase o trámite, xa de competencia autonómica, ante a delegación provincial da consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais na Coruña. A documentación remitida incluía unha certificación da composición da Directiva vixente da Coordinadora.

A resposta era demoledora: nos arquivos da administración figuraban como únicos antecedentes os estatutos sociais da “Coordinadora Gallega de organizacións no gubernamentales para el desarrollo” (sic) e a acta de constitución, do 1 de xuño de 1991, asinado polas dúas ONGD fundadoras: Estudiantes Solidarios e Comisión Galega pro-Amazonía. Nunca remitiran máis documentación, nin nomeamentos de novas Xuntas Directivas, nin comunicadas as admisións de novas ONGD, preceptivas dado o carácter federativo que tiña a Coordinadora.



Un esquecemento total das obrigas legais durante dez anos! Ninguén se decatara? A verdade é que a ausencia dunha sede física durante anos dificultaba ademais conservar os documentos que acreditasen os trámites legais realizados. A gran pregunta era: que facer? A Coordinadora tiña xa daquela unha identificación fiscal (NIF), contas bancarias abertas, persoal contratado, convenios coa Xunta de Galicia... e todo iso nun limbo legal no rexistro de asociacións, pois a propia directiva vixente era descoñecida para a Administración.

A dirección xeral de Xustiza, á que estaba adscrito o Rexistro de Asociacións tiña a súa sede no polígono das Fontiñas, en Compostela, no edificio onde ten a súa sede a chamada “Policía Autonómica”. Alí se desenvolveron sucesivas entrevistas co xefe do Servizo de Asociacións da Dirección Xeral de Interior e Protección Civil⁸. As alternativas suxeridas foron dúas:

- Constituír *ex novo* unha federación galega de ONGD, desaparecendo a actual.

8. O Sr. Crego, un amable funcionario que traballaba no ano 2000 nun despacho no que non existían computadoras, completando os expedientes a man, e que xestionaba, ademais do rexistro de asociacións as competencias en materia de corridas de touros. Curiosa coincidencia!

- Reunir de novo as dúas persoas (Xosé Cuns e Xacobe Meléndrez) e as dúas asociacións fundadoras e integrar a partir de aí as máis de 30 ONGD que daquela formaban parte da Coordinadora.

A Directiva elixiu a segunda vía, máis complexa, que semellaba ímproba, desenvolvéndose de modo virtual e paralelo á vida ordinaria da Coordinadora unha segunda vida para actualizar a situación legal desta. Así, e grazas á disponibilidad das persoas fundadoras, Xosé Cuns e Xacobe Meléndrez, que prestaron un novo servizo á causa, e tras meses de trámites e montañas de actas, certificacións, estatutos e demais, todo por triplicado exemplar, conseguiuuse que a finais de 2001 a situación se normalizara⁹.

SETEMBRO DE 2009

DÍA DO COOPERANTE. HOMENAXE AOS COOPERANTES GALEGOS FALECIDOS

Unha última referencia –seguramente a máis emotiva- debe facerse para describir a homenaxe aos cooperantes galegos falecidos, que tivo lugar o 8 de

9. Os Estatutos sociais legalizados foron novamente modificados en 2004 e 2009.



setembro de 2009, en que se celebraba por terceira vez en España o Día do Cooperante.

Os antecedentes deste episodio hai que buscalos no falecemento, o 21 de setembro de 2008 en Perú de José Ignacio Salgado Blanco nun accidente de tráfico mentres traballaba para unha ONGD alemá. O noso compañeiro, veterinario e funcionario da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia en situación de excedencia voluntaria era un veterano do mundo da cooperación, no que comezara xa en 1988, que o levara por Bolivia, Chile, Honduras e Perú. Con 47 anos, estaba casado e tiña dous fillos pequenos.

A súa morte motivou a iniciativa da Directiva da Coordinadora de render unha homenaxe a todos os cooperantes galegos mortos coñecidos, catro en total segundo se logrou averiguar. A proposta, que incluía unha solicitude de axudas para a familia e orfos pequenos do recente falecido foi presentada a finais de ano á dirección xeral de Cooperación Exterior, e reiterada varias veces por diferentes vías, obtendo sempre a mesma resposta negativa.

a morte de José Ignacio Salgado motivou a iniciativa da Directiva da Coordinadora de **render unha homenaxe todos os cooperantes galegos mortos coñecidos**

A Coordinadora emprendeu como alternativa un dobre camiño: primeiro propondo á dirección xeral de Xuventude e Solidariedade da Xunta a José Ignacio Salgado para un dos premios de Solidariedade que se concederían o 5 de decembro de 2008; o xurado deses galardóns, máis receptivo, distinguiuno con

ese recoñecemento¹⁰. Por outro lado, a Directiva da Coordinadora promoveu a concesión a nivel interno da Mención Especial de Honra a título póstumo, o que se aprobou en Asemblea Xeral o 21 febreiro 2009.

Manuel Cota Cabanillas era natural de Córdoba e vivira en Sarria (Lugo), onde seu pai era funcionario da Renfe. Este enxeñeiro técnico Industrial e funcionario da Xunta (técnico do Centro de Seguridade e Hixiene de Lugo, da consellería de Traballo), falece en Honduras en outubro de 1998 con motivo do furacán 'Mitch', sen que apareza o seu corpo. Executaba en Tegucigalpa un proxecto do ministerio de Traballo, no ámbito da saúde laboral e da for-

10. Curiosamente, no acto público de concesión dos premios a encargada de entregar o premio aos familiares de José Ignacio Salgado foi -puro surrealismo!- a directora xeral de cooperación exterior, Fabiola Sotelo, que negara calquer recoñecemento ou axuda desde o seu departamento.



mación profesional. Traxicamente a súa desaparición ten lugar apenas tres meses despois de casar cunha profesora de inglés dun instituto da Coruña.

Henrique Aller López nacera en Lalín en 1948. Falece o 6 de xuño de 1999 nun accidente de tráfico preto da localidade peruana de Jatipo, no departamento de Junín, no centro do país. Traballaba nun proxecto da UE de apoio á repoboación *Desplazados por la Violencia*, do que era codirector. Tiña 51 anos.

Licenciado en Dereito pola Universidade Complutense de Madrid, foi avogado laboralista e colaborador dos sindicatos clandestinos na Transición, con bufete aberto primeiro en Santiago e despois na Coruña. Así mesmo foi un dos promotores do seminario galego Teima. A partir dos oitenta continuou a súa ruta solidaria, achegando saber xurídico na Nicaragua sandinista e despois en Bolivia, Palestina e finalmente en Perú, onde morreu. Distinguido polo concello de Lalín o 28 de xaneiro do 2003. Anteriormente fora xa distinguido, a título póstumo, co premio Voces del Año, na sección de solidariedade, que otorgaba a fundación Fernández Latorre.

Mercedes Arteche Prieto faleceu en Perú o 6 de xuño de 1999 no mesmo accidente no que per-

deu a vida Henrique Aller, se ben traballaban en proxectos diferentes. Era unha bióloga nova coruñesa, colaboradora da ONG Asociación de Amigos de las Mujeres Altoandinas (Solidaridad Galicia-Ayacucho).

Transcorrido o cambio político en abril de 2009 e o acceso ao poder do PP, a Directiva da Coordinadora propón ao novo responsable de Cooperación na Xunta de Galicia, Jesús Gamallo Aller, a celebración da homenaxe aos cooperantes galegos mortos, que resulta aceptado.

Así, o 8 de setembro de 2009 celébrase un emotivo acto nos xardíns exteriores do edificio principal da Xunta de Galicia en San Caetano. Asisten familiares, membros das ONG, amigos dos falecidos, persoal de Cooperación Exterior e varias autoridades da Xunta de Galicia, entre elas o novo presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, que presenta o acto¹¹ e dirixe un sentido discurso gabando a traxectoria e a xenerosidade dos compañeiros lembrados. Ao final do acto, coa participación dos familiares, e nun momento fondamente emotivo, descóbrese unha placa na que figuran os nomes dos finados.

11. E conforme ao estilo de determinados políticos, é o único en intervir.

UN SOÑO FINAL

A MIÑA VISIÓN DESDE O MONTE TEQUES: UNHA GALICIA SOLIDARIA

É moi coñecido o relato do historiador grego Xeno-fonte titulado Anábase ou A retirada dos dez mil, onde se narran as vicisitudes, batallas e un senfín de problemas que sufriron un grupo de soldados gregos que quedaron illados, pero invictos, nas inmensidades do imperio Persa, tras participar alí nunha disputa interna. Para volver a Grecia deberon atravesar case catro mil quilómetros de territorio inimigo, ata chegar á colonia grega de Trebisonda¹² (actual Trabzon, en Turquía), na beira sur do Mar Negro. Son famosos os berros de ledicia dos soldados cando chegaron á cima dunha montaña chamada Teques: “Thalassa, Thalassa” (“O mar, O mar!”). A visión do mar para un pobo de navegantes como eran os gregos, representaba a salvación, a posibilidade do retorno ao fogar.

Ao ver o mar a ben seguro que todos os membros dos Dez Mil soñarían coa súa familia, coa súa casa, co seu país, unha visión feliz e idílica tras as penalidades que sufriran. *Mutatis mutandis*, a min gustaríame

12. Tristemente coñecida na época actual por ser a tumba, en 2003, dun infame Yak-42, onde morreron 75 persoas, entre elas 62 soldados españois que regresaban de Afganistán.




Santiago, Día do Comercio Xusto 2008

tamén subir a outro monte Teques, a outro monte do Gozo, e imaxinar desde alí unha nova Galicia, solidaria e altruísta:

a) con persoas solidarias, abertas ao mundo e ás súas necesidades

Creo que é chegado o momento de abandonar xa esa visión de pobo derrotado pola Historia que teñen moitos galegos. Por máis que a crise económica afectara duramente á vida cotiá de moitas



persoas, o nivel de vida e os servizos dispoñíbeis –ensino, sanidade, comunicacións, etc.- acadan sen dúbida o nivel maior da nosa historia. Debemos deixarnos dunha vez de laios e pensar no que podemos e debemos facer pola xente de Nicaragua, de Somalia, de Etiopía, de Palestina...

Que cando un vaia a Bolivia, ao Sahara, ao Brasil..., atope alí unha asociación, un proxecto, un movemento social no que se lembre como participaron no mesmo unha persoa, ou varias, chegadas dun afastado país solidario chamado Galicia.

b) con asociacións punteiras

Unhas asociacións organizadas de forma democrática, con importante base social, que actúen de forma colaborativa con outras entidades, sen pensar quen levará o mel do triunfo ou quen poñerá o logo da súa ONGD na foto memorialística.

Que teñan dirixentes e cadros profesionais que actúen de forma decidida, pero non mesiánica, que teñan vocación de maioritarios, fortes, pero sen inclinacións bolxeviques. Que non pensan aquilo de “despois de min, o diluvio” ou que todos os

que están fora da súa entidade son uns ineptos ou incompetentes.

Que dediquen os seus maiores esforzos á cooperación internacional e á acción humanitaria, pero que non esquezan que pertencen ao sector non lucrativo dun país, Galicia, que debe ser contruído de forma unida e desde a base; por iso, que deben tecer relacións, plataformas, redes... con outros sectores da sociedade: o ecoloxismo, o medio, o feminismo, a economía social, a banca ética, o cooperativismo, a xuventude, o estudantado... e coas entidades que as

conforman, como as de acción social, as de discapacitados, as de dereitos civís, etc. Construindo así unha sociedade forte.

c) con partidos políticos con altura de miras

Que partido político en Galicia amosou un compromiso real e decidido coa AOD? Pois ningún! Quizais resulte un pouco estraño así que cómpre repetilo unha vez máis: ningún. Nin dos partidos maioritarios, con representación no Parlamento de Galicia (BNG, PSOE e PP), nin dos partidos que só teñen representación municipal, como pode ser EU ou TEGA.

é **chegado o momento**
de abandonar xa
esa visión de pobo
derrotado pola Historia
que teñen moitos galegos

Dos extraparlamentarios, é certo que Esquerda Unida (EU) é o que ten a doutrina máis asentada, con propostas de interese, pero que non logra aplicar pois a súa presenza é testemuñal a nivel municipal. É certo que Alternativa dos Veciños (AV) o partido que goberna desde hai anos en Oleiros chegou ao 0,7% do orzamento nesta materia, pero parece que na actualidade ten marcadas outras preferencias.

En canto aos maioritarios, pódese dicir que PP cando gobernou a Xunta de Galicia no longo período que vai desde os anos 90 ata 2005, sempre situou a Galicia no derradeiro lugar do compromiso de todas

as comunidades autónomas, deixando en 2005 o esfrozo nun mínimo 0,07% do orzamento da Xunta. E o PSOE, cando cogobernou en 2005-2009 e xestionou a área de cooperación internacional, conseguiu avanzar unicamente ata o 0,11%, ridículo avance no que se concretou o cambio que prometía (por non citar o episodio –ollado hoxe con certa vergoña– que cita Anxo Moure referido á carta de Fernando González Laxe cando era presidente da Xunta en 1989). Todo iso en época de bonanza; non digamos na época actual, desde mediados de 2009, en que o

que partido político en Galicia amosou un compromiso real e decidido coa axuda ao desenvolvemento? Pois ningún!

gobierno do PP volve a cifras inferiores ás de 2005, nunha política de recortes que algúns pensan podería chegar á eliminación total desta área.

E non digamos xa dos concellos e deputacións, onde e PP e BNG actúan como se a cousa non fora con eles e o PSOE, que si presenta sempre obxectivos importantes nos seus programa electorais, non ten vergo-

ña ningunha en incumprilos de forma sistemática (vexase os concellos de Lugo, Vigo, Santiago e A Coruña).

En canto ao BNG, merecería unha reflexión á parte, como partido político galego referen-

te en Galicia da alternativa ao bipartidismo dominante –iso proclama– pero que nesta materia actúa igual ou peor que o bipartidismo que critica, talvez porque aínda non comprou o catalexo para ver máis alá de Pedradita.

d) con administracións públicas comprometidas

Neste apartado podemos repetir o mesmo que o exposto no apartado dos partidos políticos, pero respondendo ao indicado no título do artigo de “un soño final”, gustárame ter unhas administracións



Curso sobre os Dereitos Humanos, no ano 2006



que fomentasen de verdade a conciencia solidaria, con varios exemplos:

Incluindo no currículo escolar a sensibilización sobre a realidade do mundo empobrecido, no que a primeira iniciativa sería o envío a todos os centros educativos de primaria e secundaria (e de universidade, porque non?) do Mapa de Peters; con fomento real do comercio xusto en todas as licitacións públicas.

Promovendo programas de voluntariado internacional, que os partidos políticos apoiarán, facendo case obrigatorio para a súa militancia participar neles.

Apoiando a chegada a Galicia de estudantes de países empobrecidos que enriquecerían a diversidade.


...e moitas outras propostas que irían en tomar alternativas a parchear unha pista –a nivel municipal- ou construír unha autovía (véxase a deseñada entre Cée e Carballo) con centos de millóns de euros investidos sen demanda real, propia de proxectos faraónicos, dos que hai outro exemplo nun monte no extrarradio da cidade de Santiago.

e) Con outros sectores comprometidos

Aquí poderíamos citar as universidades, fonte do saber, nas que os mestrados e cursos de posgrao que existen hoxe deberían converterse en centros de investigación e laboratorios de ideas sobre a cooperación internacional, e non unicamente en horas docentes cos que complementar o horario dos profesores dun departamento.

As empresas serían outras entidades de referencia dunha Galicia solidaria, non polo que investisen en materia de axuda internacional –teño pouca confianza niso- senón pola aplicación das multinacionais de matriz galega dos convenios básicos do traballo decente nas súas actuacións no estranxeiro, deixando de mirar para outra parte cando de explotación laboral infantil ou de homes e mulleres se trate. E permitindo e fomentando o voluntariado no persoal das súas empresas, tarefa na que os sindicatos deberían amosar tamén maior compromiso.

En fin... un soño tan optimista –e talvez quimérico- como necesario. Desde as terras do Ortegal proclamo: así sexa! ■



9

O longo CAMIÑAR

EMILIO M. MARTÍNEZ RIVAS e **XOSÉ MARÍA TORRES BOUZA**

Ex presidentes da Coordinadora Galega
de ONGDs



DATAS e MOMENTOS importantes na historia da Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento

XUNTA DIRECTIVA E ASEMBLEAS

En xuño de **1991** fúndase en Santiago a Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento, aparecendo na acta de constitución dúas ONGD fundadoras: Comisión Galega pro-Amazonia e Estudantes Solidarios, representadas respectivamente por Xacobe Meléndrez Fassbender e por Xosé Cuns Traba, que quedan designados presidente e secretario, respectivamente, da Comisión Xestora da Coordinadora. Na xuntanza apróbanse os Estatutos, que prevén un mandato de dous anos para a xunta directiva.

En **1992** pasa a ser presidente da entidade Fernando Vidal, de Ecos do Sur, ONGD con sede na Coruña, e secretario Anxo Moure, de Bicis pola Paz, de Chantada. Xa hai sete entidades asociadas: Bicis pola Paz, Comisión Galega pro-Amazonía, Cruz Vermella, Ecos do Sur, Entrepobos, Estudantes Solidarios e Intermón.

En **1993** é elixido presidente Xosé Cuns, e Secretario Anxo Moure. Hai xa doce entidades asociadas: Bicis pola Paz, Centro de Estudos Sociais e da Cooperación, Comisión Galega pro-Amazonia, COSAL-Coruña, Ecos do Sur, Entrepobos, Estudantes Solidarios, Intermón, Medicus Mundi, Seminario Galego de Educación para a Paz, Solidariedade Internacional Galega (SIGA), Veterinarios sen Fronteiras-Lugo.

En **1995** é elixido presidente Xoán Rafael Vilas, "Quino", da ONG Entrepobos, e continúa na secretaría Anxo Moure.

En **1997** renóvase a directiva, sendo elixida por primeira vez unha muller para a presidencia da Coordinadora: Aida Ramos Monroy, de Mans Unidas, Anxo Moure permanece como secretario. A finais deste mesmo ano dimita Aida Ramos da presidencia.

Na Asemblea extraordinaria celebrada en Santiago o 10 de xaneiro de **1998** decídese a continuidade da

Directiva durante uns meses, polo que o vicepresidente de Veterinarios sen Fronteiras, Xulio Rodríguez, pasa a exercer as función de presidente. Poucos meses despois, na Asemblea celebrada o 14 de maio de 1998 na sede da Cruz Vermella en Ourense é elixido presidente da Coordinadora Emilio Manuel Martínez Rivas, de Intermón, e secretaria Lucía Dafonte Millara, de Médicos do Mundo.

No ano **2000** son reelixidas as mesmas persoas para eses dous cargos. O número de ONGD asociadas pasa de 27 a 33. A proposta da Directiva a Asemblea xeral acorda que a xuntanza anual se celebre en localidades diferentes cada ano, promovendo tamén que teñan lugar en vilas pequenas e non só en cidades.

En **2001** hai un cambio de Estatutos, que son ratificados na asemblea, pero que non modifica a duración do mandato da Directiva, que segue a ser de 2 anos.

Xa no ano **2002**, en asemblea celebrada en Chantada, é novamente reelixido Emilio Martínez como presidente, sendo escolleito como secretario César Machado Fernández, de PROYDE.

En **2004** non se produce ningunha mudanza no posto de presidente da Coordinadora, mais si na

secretaría, que é asumida por Noelia Díaz Camiña, de Amarante.

Nese ano decídese tamén un cambio organizativo na Asemblea da Coordinadora, pasando de celebrar reunións trimestrais a celebralas só anualmente, e primando o traballo en forma de comisións especializadas.

En **2005** finaliza unha etapa de transformación e desenvolvemento da Coordinadora baixo a presidencia de Emilio Martínez, sendo elixido como novo presidente Xosé María Torres Bouza, de Farmamundi, e Fidel Martín Rocha, de Cruz Vermella, como secretario.

Nesta nova época a Directiva acorda, diante do incremento das actividades e decisións a tomar, reunirse con carácter mensual. Do mesmo xeito, acórdase nomear a unha persoa como delegada en cuestións de persoal, que recae en quen desempeñe o labor de secretaría da Xunta directiva da Coordinadora.

En **2006 e 2007** hai varias modificacións de cargos na directiva, que non afectan aos cargos principais, en xa en **2008** hai novas eleccións, sendo reelixido



Ana Rosa Rodríguez, tesoureira da Coordinadora, e Xosé María Torres na Casa da Xuventude de Vigo, na inauguración da primeira exposición da Coordinadora en 2001



Xosé M^a Torres como presidente e pasando a ocupar a secretaría Estela Mourino Senande, de Unicef. Nos anos seguintes hai varias modificacións que non afectan aos dous cargos principais de directiva.

En febreiro de **2009** apróbase unha nova modificación de Estatutos, que entre outros aspectos modifica a duración do mandato da Directiva, que pasa a ser de 3 anos, establecendo unha restrición ao mandato da presidencia, que pasa a ser dun máximo de 6 anos.

En **2011**, hai novas eleccións, pasando a ser a presidenta outra muller, Gema Filgueira Garrido, de Médicos do Mundo, e ocupando a secretaría Xosé Luís Quintela Julian, de Intermón Oxfam. En outubro, nunha nova asemblea, accede á secretaría Judith Sing Jackson.

ORDENAMENTO INTERNO

Os primeiros Estatutos son legalizados e aprobados en **1991** ante o Rexistro Central de Asociacións do ministerio do Interior.

O 23 de xuño de **1998** a Asemblea da Coordinadora decide revisar os Estatutos sociais. O texto, intensa-

mente modificado, é aprobado o 24 de abril de **1999** en Asemblea extraordinaria en Lugo e ratificado novamente en Santiago nunha Asemblea extraordinaria celebrada o 17 de xuño de **2000**.

Ao tentar legalizar estes Estatutos modificados comprobouse que no Rexistro de Asociacións, xa xestionado pola Xunta de Galicia, hai un baleiro importante no expediente da Coordinadora, pois desde o ano 1991 non se comunicaran, como era preceptivo, os diferentes cambios na Xunta Directiva da Coordinadora, nin tampouco a entrada das diferentes ONGD como membros asociados, como era obrigatorio dado o carácter de federación de asociacións que tiña a Coordinadora. Así mesmo, extraviárase diferente documentación, debéndose realizar un intenso e complicado proceso de legalización.

En **2002**, na Asemblea xeral celebrada o 4 de maio en Chantada, preséntase o primeiro “Documento de liñas estratéxicas de actuación”, no que se reflexiona de forma sintética sobre as accións e actividades que debe realizar Coordinadora.

En setembro de **2004** recibe a aprobación do rexistro, xa xestionado pola Xunta de Galicia, para a modificación de Estatutos comunicada meses antes.



Votación na Asemblea da Coordinadora. Xuño de 2009

En **2007** a Coordinadora insíbese no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación, sección ONGD.

Máis adiante, en **2009**, apróbase outra modificación estatutaria, pero ao legalizalos, desde o Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia advírtese que a Coordinadora non pode seguir como Federación de Aociacións, xa que entre os seus membros ten a varias entidades que non son asociacións, senón fundacións. Daquela a Coordinadora pasa a ser unha asociación, entre cuxos membros hai asociacións e fundacións –o que fai innecesario, por exemplo, comunicar as altas e baixa de entidades integradas. Perde por tanto a efectos rexistrais unicamente, o carácter federativo.

En xuño deste mesmo ano a Asemblea xeral celebrada en Padrón aproba a modificación do Regulamento de Réxime Interno existente anteriormente. E máis adiante tamén se aproba o seu primeiro “Plan Estratéxico 2009-2011”, elaborado durante todo o ano anterior coa colaboración da consultora externa IYE e un intensísimo traballo interno das comisións internas, secretaría técnica e xunta directiva.

Tamén se elabora nese 2009, a proposta da Directiva, un *Manual de Acollida* da Secretaría técnica, cos

procedementos internos máis importantes e datos prácticos de maior utilidade ante os frecuentes mudanzas no persoal da secretaría.

En **2010** cámbiase o nome a *Manual de Funcionamento e Organización da Coordinadora*. Nese 2010 a Coordinadora aproba unha nova redacción do xa existente *Código de Conduta das ONG de Desenvolvemento*.


SECRETARÍA TÉCNICA E SEDE

Nos **anos 90**, inicialmente, a Coordinadora non ten sede, se ben celebra as xuntanzas trimestrais na sede do Consello da Xuventude de Galicia, no número 1, 2º esquerda, da rúa República do Salvador en Compostela. Nesa época a Coordinadora mantén o seu domicilio postal na rúa das Hortas, na sede de Estudantes Solidarios, se ben tamén ten un apartado postal en Santiago. Alí contrátase á primeira persoa para colaborar na Coordinadora, Ana Baños, da ONG Estudantes Solidarios.

Tamén adquire, con fondos propios, un teléfono con contestador automático, que queda instalado no domicilio do secretario, Anxo Moure, na aldea de Garabelos, en Chantada, e mantendo un apartado postal en Santiago.



Encontro sobre a Cooperación Internacional en Galicia (2011)



No ano **2000** a Coordinadora concerta co Seminario Galego de Educación para a Paz (SGEP) a cesión dun despacho na súa sede, no número 31, 1º B, da rúa Basquiños de Santiago. Posteriormente, a Coordinadora amplía a súa sede, e pasa a ocupar un segundo despacho.

En marzo de **2004**, por traslado do SGEP, que ocupaba a vivenda de enfrente, o 1º A, a Coordinadora traslada a súa sede a esa vivenda, que segue a ocupar na actualidade.

Antes, en xullo de **2001**, grazas ao convenio asinado coa Dirección Xeral de Relacións Institucionais, contrátase a tempo parcial á primeira persoa con carácter permanente para a secretaría técnica da Coordinadora, sendo elixida María del Mar Lado Vila, licenciada en Psicopedagogía, para desempeñar os labores administrativos que até daquela eran desempeñados pola Xunta directiva e moi especialmente polo presidente. Contrátase unha liña de teléfono e a Coordinadora adquire diverso equipamento de oficina, entre eles unha computadora.

En **2006**, grazas ao apoio do novo goberno bipartito PSOE-BNG, poténciase a secretaría técnica, que pasa a estar dividida en dúas seccións:

- Sensibilización, que segue a ser desempeñado por Mar Lado.
- Proxectos, que é ocupado por unha nova traballadora, María Díaz Martínez, licenciada en Ciencias Políticas.

Como apoio a estas dúas seccións contrátase a unha auxiliar administrativa, Milagros Vieites Rodríguez.

Estas dúas seccións son ocupadas por diferentes persoas ao longo dos anos, e en **2010** a auxiliar administrativa é transformada nunha oficialía administrativa, desempeñada por Ana Vázquez Fernández, licenciada en ADE. Estes tres postos fixos, sucesivamente ocupados por persoas diferentes, son complementados nalgúns ocasións cunha persoa adicional con motivo de diversos eventos ou actividades.

En **2007** créase a figura de Coordinadora da secretaría técnica, para concertar o labor das catro persoas que nese intre están no órgano de traballo da Coordinadora. É elixida para o posto María Díaz. Durante estes anos, fan prácticas na Coordinadora diversas persoas de diferentes titulacións; e ao tempo colaboran como voluntarios e voluntarias regulares tamén outras persoas, reforzando a capacidade técnica da secretaría.



RELACIÓNS COA XUNTA DE GALICIA

Enumeramos a cronoloxía, indicando quen foron as persoas responsábeis na Xunta de Galicia nas áreas relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento:

- Alfonso Vaquero Marín, Director Xeral de Relacións Institucionais –e despois Director Xeral de Relacións Parlamentarias–, que xestiona desde **1992 ata 2000** a área de cooperación internacional da Xunta. Esta área está adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia, e fisicamente emprazada no pazo de Raxoi.

Neste período, en 1994, a Xunta de Galicia crea o Rexistro Galego de ONGD. Nese mesmo ano publícase a primeira Orde de convocatoria de subvencións para proxectos de ONGD, se ben xa antes existían axudas puntuais de carácter discrecional na Presidencia da Xunta de Galicia.

En 1996 publícase a primeira Orde da convocatoria específica para de axudas de sensibilización.

No ano 2000 a Coordinadora solicita formalmente a creación dun Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento, de carácter tripartito e paritario

entre Xunta de Galicia, ONGD e outras entidades e institucións.

Asemade, no período dos anos 2000 e 2001, acórdase con Alfonso Vaquero a gravación dunhas reportaxes sobre proxectos de cooperación no exterior. Para iso asínase un Convenio tripartito Xunta-Televisión de Galicia (TVG) e Coordinadora para elaborar dous documentais do programa Reporteiros en Perú, sobre proxectos de cooperación internacional financiados desde Galicia.

Posteriormente, a Coordinadora emprende unha campaña de sensibilización e difusión da Cooperación internacional en centros educativos nos que se empregan os vídeos cedidos pola TVG. En conxunto impártense en torno a un cento de charlas a cargo do presidente da Coordinadora e outros membros de ONGD integradas

- Francisco Javier Álvarez Barbeito, foi o Director Xeral de Cooperación na Consellería de Emigración e Cooperación Exterior **entre finais 2001 e marzo 2003**. A unidade xestora ten o seu emprazamento físico na sede da consellería, no edificio do antigo sanatorio Señarís, na rúa dos Basquiños en Santiago.





Neste período hai unha boa disposición do Conselleiro de Emigración e Cooperación Exterior, Aurelio Mirás Portugal, para elaborar un borrador de anteproxecto de lei de cooperación Internacional ao desenvolvemento. Para iso fórmase unha comisión asesora na que participa a Coordinadora e outros axentes socias, que traballan de forma aberta e receptiva.

Como resultado diso, e tralo trámite parlamentar, o 19 de xuño de 2003, xa despois dunha reestruturación interna na Xunta de Galicia, apróbase no Parlamento de Galicia a Lei 3/2003, de Cooperación ao Desenvolvemento. Nela ordénase a creación do Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento (CONGACODE), pero cun carácter non paritario, senón maioritario da representación da Xunta de Galicia. De igual xeito, a lei contempla a creación da Axencia Galega de Cooperación ao Desenvolvemento, que a finais do ano 2011 segue pendente de se crear, mais si se crea a Fundación Axencia Humanitaria de Galicia, cuns obxectivos confusos e sen relación inicial coa cooperación ao desenvolvemento.


Neste período, en 2002 e trala proposta da Coordinadora, promúlgase a primeira Orde de convocato-

ria de bolsas para formación en materia de cooperación internacional.

- Jesús Gamallo Aller, Secretario Xeral de Relacións coa UE e Cooperación Exterior, da Presidencia da Xunta de Galicia **entre 2003 e xuño 2005**. Nese período exerce de Subdirectora Xeral de Cooperación Exterior Pilar Romero Rodríguez. A sede do departamento emprázase no calexón dos Feáns, na entrada do Campus Sur da Universidade de Santiago.

En 2003 asínase un novo convenio Xunta-TVG-Coordinadora para a gravación dunha reportaxe en Nicaragua, que se emite en novembro de 2003. O material audiovisual, cedido pola TVG, utilízase novamente para unha campaña de palestras en centros educativos. Elabórase unha unidade didáctica e un vídeo, do que se imprimen 1.000 exemplares, ambos os dous co título da reportaxe “Unha luz para Nicaragua”.

En xaneiro de 2005 sae publicado o Decreto 326/2004 polo que se detalla a composición do CONGACODE e outros órganos de coordinación; e nese mesmo decreto créase o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación ao Desenvolvemento, que inclúe cinco seccións, a primeira delas de ONGD.



En abril de 2005 reúnese por primeira vez o CONGA-CODE nun salón do Hostal dos Reis Católicos en Santiago. Nesa xuntanza constitutiva Emilio Martínez, presidente da Coordinadora, é elixido Vicepresidente deste órgano. Tamén son nomeados vogais Carlos Teijo García, profesor da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago, a proposta das entidades sociais, e José Manuel Sobrino, profesor da facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña. Asemade, apróbase o proxecto de *I Plan da Cooperación Galega ao Desenvolvemento 2005-2009*, que non chegará a entrar en vigor polo cambio político que acontecería meses máis tarde en Galicia.

- Fabiola Sotelo Sotelo, fai as funcións de Directora Xeral de Cooperación Exterior da Presidencia da Xunta de Galicia entre outubro 2005 e abril de 2009. Comeza así unha nova e intensa etapa de relacións entre a Coordinadora e a Xunta de Galicia. Como Subdirectora Xeral de Cooperación Exterior é nomeada Carlota Román García a primeiros de 2007.

Neste período a Fundación Axencia Humanitaria de Galicia depende da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, órgano que compite coa dirección Xeral de Cooperación Exterior na xestión da acción

humanitaria, unha organización confusa e que dá orixe a unha bicefalia anómala, fonte de problemas.

En 2006, en abril, aprobase polo Parlamento de Galicia o *I Plan Director da Cooperación Galega 2006-2009*, e apróbanse sucesivamente os plan anuais que o desenvolven. Neste período desaparece, xa en 2007, a Comisión Asesora que informaba os proxectos presentados na convocatoria de subvencións, e na que participaban membros da Coordinadora.

- Tralas eleccións do 1 de **abril de 2009**, a área de cooperación internacional do goberno galego pasa a estar integrada na Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, desempeñada por Jesús Gamallo Aller, e integrada na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Neste período exerce novamente de Subdirectora Xeral de Cooperación Exterior Pilar Romero Rodríguez. Perde así a cooperación internacional o nivel xerárquico de dirección xeral, que acadara en 2001.

En decembro de 2009 unha delegación da Coordinadora, acompañada polo equipo directivo da dirección xeral de Cooperación Exterior, fai unha visita ás institucións europeas en Bruxelas, cunha xornada de traballo na Fundación Galicia-Europa.



Xuntanza co vicepresidente da Xunta de Galicia, Anxo Quintana, en 2008



Apróbase no Parlamento, en xuño de 2010, o *II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013*.

A proposta da Coordinadora galega, a Xunta de Galicia organiza un Rexistro de Cooperantes galegos no exterior, que identifica 104 persoas traballando en actividades solidarias

En 2010 declárase a extinción da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia, que desaparece ao finalizar o exercicio anual.

En xuntanza extraordinaria do CONGACODE, o 15 de xullo, preséntase o primeiro estudo sociolóxico sobre o coñecemento da poboación galega sobre a cooperación internacional e as ONGD, realizado a proposta da Coordinadora. Asemade, a proposta das ONGD, elíxese como terceiro vogal experto independente a Emilio M. Martínez Rivas, vicexerente de RRHH da Universidade de Vigo.

PUBLICACIÓNS DA COORDINADORA

A primeira publicación da Coordinadora sae á luz en **1993**, co apoio do Consello da Xuventude de Galicia e a colaboración da Universidade de Santiago de Compostela e o Instituto Galego de Cooperación

Iberoamericano. Trátase da *Guía da Cooperación ao Desenvolvemento*, formada por dúas partes, de formatos diferentes:

- Folleto apaisado de 24 páxinas, e numerosas ilustracións con temas como armamentismo, desenvolvemento, débeda externa, ambiente, desequilibrios, axuda oficial ao desenvolvemento, etc.
- Carpeta con fichas das 12 ONGD integradas nese momento na Coordinadora

En outubro de **2002** editase a *Guía das ONGD de Galicia*, xa cun formato máis ambicioso. Posteriormente seguirían novas edicións das guías de ONGD, que irían ampliando o número de entidades reseñadas. Así:

- *Guía das ONGD de Galicia 2004-2005*
- *Guía das ONGD de Galicia 2007-2008*
- *Guía das ONGD de Galicia 2009-2010*, que inclúe xa a 48 ONGD

En **2001** realízase o primeiro dos cadernos da Coordinadora, titulado *Que son as ONG para o Desenvolvemento?*, adaptación dun caderno da Coordinadora de ONGD de Euskadi realizada por Emilio M.



Martínez e María Reimóndez, e cun enfoque didáctico moi claro. Ese mesmo ano aparece traducido ao galego o *Código de Conduta das ONG de Desenvolvemento*, elaborado inicialmente pola Coordinadora de ONGD-España.

Outras publicacións a salientar son os *Cartafoles da Solidariedade*, publicados en 2002 e 2004, un material divulgativo dos proxectos de cooperación que recolle, a xeito de fichas, exemplos da forma en que traballan as ONGD e o tipo de actividades que realizan nos países en vías de desenvolvemento.

En **2003** publícase o *Código de conduta sobre imaxes e mensaxes a propósito do Terceiro Mundo*, así como o caderno *As ONGD: de intermediarios financeiros a intermediarios sociais*, do profesor da Universidade do País Vasco Koldo Unceta.

En **2005** publícase o caderno *Declaración do Milenio. Os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio*. Tamén unha guía sobre *O Comercio Xusto en Galicia*, na que se enumeran as entidades e tendas deste tipo que existen en Galicia. Neste ano tamén se comeza a editar o boletín ou revista semestral *Galicia Solidaria*, a tamaño DIN A-4, inicialmente con 8 páxinas.

Máis adiante, xuño de **2006**, publícanse *Os 14 mandamentos do bo cooperante*. E tamén nese mesmo ano publícase a tradución ao galego do discurso de Martin Luther King *Teño un soño* e iníciase a publicación, en tiraxe reducida, da *Memoria Anual da Coordinadora*.



En **2007** aparece o *Informe Cero do sector das ONGD en Galicia*, resultado dunha investigación orixinal encargada pola Coordinadora á consultora Cidadanía e realiza entre o ano 2005 e 2006.

No mesmo 2007 publícase por primeira vez en galego o resumo do *Informe anual sobre Desenvolvemento humano do PNUD*.

ACTIVIDADES DA COORDINADORA

Dentro do seu marco de actuación a Coordinadora prestou atención a organización de actividades formativas e de sensibilización. Será a partir de 1998, baixo a presidencia de Emilio Martínez, en grazas a unha mellora da financiación estable que a Coordinadora impulse, dun xeito sostido, actividades de formación e debate no seu ámbito. No ano 1998 o novo ciclo de actividades inaugúrase cun seminario na EGAP sobre o “Enfoque do Marco Lóxico”, impar-





tido por investigadores do Instituto Universitario sobre Desenvolvemento e Cooperación (IUDC) da Universidade Complutense de Madrid.

Nesta mesma xeira, en **2001**, o presidente propón un novo logo identificativo da Coordinadora, que é aprobado pola Directiva. O antigo logo, formado por 4 círculos negros, é substituído por un logo a toda cor composto por unha man na que aparece unha pomba.

En 2001, inaugúrase na Casa da Xuventude de Santiago de Compostela a exposición “Galicia Solidaria”, que conformada por case unha trintena de paneis ofrece un percorrido por unha selección de proxectos de desenvolvemento e distintas actividades das ONGD. A exposición, coa colaboración de diversas institucións e ONGDs, percorre diversas cidades e vilas, entre elas: A Coruña, Vigo, Pontevedra, Ribeira, Chantada e Lugo.

O 20 de novembro de **2002**, a Coordinadora pon en marcha a súa páxina web www.galiciasolidaria.org, deseñada por Miguel López e expertos na materia; en 2006 a páxina redeseñada pola empresa Dimensión, e novamente en 2009 por DNS.

Unha campaña relevante da Coordinadora, será a realizada en **2005** a prol do Comercio Xusto, na que se involucra ás tendas e puntos de venda.

En **2006**, en colaboración coa axencia de comunicación La Nuestra, a Coordinadora pon en marcha unha campaña de sensibilización “Quen coopera e quen é cooperante?” que inclúe un spot de TV, publicitado en numerosas ocasións pola TVG.

Ese mesmo ano, do 9 ao 12 de febreiro, a Coordinadora organiza un Ciclo de cine solidario “Oito Olladas para o Milenio” no Cine Principal de Santiago.

En maio de 2006 a Coordinadora organiza no Balneario de Laías, no concello de Cenlle (Ourense) un encontro de debate titulado “Novos tempos para a cooperación internacional desde Galicia” no que participan tanto ONGDs, como representantes institucionais, de empresas, universidades e partidos políticos.

Tamén en 2006 a Coordinadora organiza o seminario internacional “Agricultura e Cooperación” no que participan palestrantes de América Latina e África e que se desenvolve na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela. Os relatores serán recibidos polo conselleiro do Medio Rural.

En **2008** a Coordinadora organiza en Brión (A Coruña) un Encontro sobre a Cooperación Local en cola-



boración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

En xuño de **2010** a Coordinadora acolle a celebración do Foro español sobre a Eficacia das ONGD, organizado pola Coordinadora de ONGD-España e o Open Forum for CSO Development Effectiveness, na que se debate sobre a eficacia da axuda das organizacións da sociedade civil.

En marzo de **2011**, a Coordinadora organiza, novamente en colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade un Encontro de debate sobre a Cooperación ao Desenvolvemento que se celebra no Centro Social de NovaCaixaGalicia en Santiago de Compostela, na paza de Cervantes. No mesmo participa Soraya Rodríguez, Secretaria de Estado de Cooperación Internacional do MAEC.

Ao longo dos anos a Coordinadora, ademais dos convenios periódicos coa Xunta de Galicia, asina outros convenios de colaboración con diferentes entidades:

- Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, daquela baixo a presidencia de Alfredo Novoa Gil.

- Instituto Galego de Análise e Difusión Internacional en 2010, co seu director e fundador, Xulio Ríos Paredes.
- Universidade de Santiago de Compostela en 2007.
- Universidade de Vigo (Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación) en 2006
- Obra Social de Caixanova en 2007.

Durante todo este período foron organizados seminarios de curta duración na que participaron destacados expertos en cooperación internacional e os dereitos humanos, entre outros: José Antonio Alonso, Koldo Unceta, Francisco Fernández Buey, Ramón Fernández Durán, Carlos Gómez Gil, Carlos Teijo García, Antonio Verger ou a nicaraguana Mónica Baltodano.

RELACIÓNS COA COORDINADORA ESPAÑOLA E COORDINADORAS AUTONÓMICAS

1992. En novembro 1992 desde a Coordinadora Galega contáctase coa Coordinadora española.

1999. O Presidente da Coordinadora, Emilio M. Martínez acude con regularidade ás reunións que se celebran en Madrid na sede da Coordinadora espa-





ñola, grupo de Coordinadoras Autonómicas, tras un período inicial no que asistira a vicepresidenta, Pilar Rodal. Nese momento hai constituídas 15 coordinadoras autonómicas (faltan Baleares e Canarias), non todas integradas na coordinadora española. Pola súa parte, a galega, con 19 membros é a undécima coordinadora autonómica por número de integrantes. Das existentes, só 6 contan con persoal contratado.

No ano **2000**, celébrase o Primeiro Encontro confederal de Coordinadoras Autonómicas en Valencia, ao que asiste o presidente da Coordinadora galega. 2001. A Coordinadora intégrase na Coordinadora de ONG para el Desarrollo-España como membro de pleno dereito. Ese mesmo ano a Coordinadora participa en Sevilla no segundo encontro de Coordinadoras autonómicas de ONGD.

Posteriormente, o presidente, asiste ás reunións periódicas que celebra en Madrid, na sede da Coordinadora española, a Comisión de Coordinadoras Autonómicas, á que se sumará o encontro que se celebra anualmente nunha comunidade autónoma diferente.

2004. A Coordinadora galega acolle os días 13-14 de novembro o III Encontro Federal de Coordinadoras Autonómicas de ONGD "Camiños de Solidariedade",



que se celebra na Fundación Caixa Galicia, na rúa do Vilar, en Compostela.

En **2007**, a Coordinadora galega acolle o V Encontro de Coordinadoras Autonómicas de ONGD, que se celebra en novembro dese ano en Vigo, nas instalacións do Centro Social de Caixanova. Asiste á inauguración Dolores Villarino, Presidenta do Parlamento de Galicia.

Posteriormente, unha representación da Coordinadora asiste con regularidade ás asembleas anuais da Coordinadora española e outras reunións; e tamén, asístese ás reunións bimestrais do grupo de Coordinadoras Autonómicas.

OUTROS EVENTOS IMPORTANTES

En **2006**, o 19 de xuño, o novo presidente da Coordinadora comparece no Parlamento de Galicia na Comisión de Reforma do Estatuto de Galicia para presentar varias propostas de inclusión no Estatuto de Galicia referidas á cooperación ao desenvolvemento e acción humanitaria.

En Asemblea Extraordinaria celebrada o 21 de febreiro de **2009** a Coordinadora aproba a concesión a

título póstumo da Mención Especial de Honra a José Ignacio Salgado Blanco, cooperante galego falecido en Perú o 21 de setembro de 2008.

O 8 de setembro, Día do Cooperante, celébrase, a proposta da Coordinadora, nos xardíns exteriores do edificio principal da Xunta de Galicia, en San Caetano, un acto de homenaxe e lembranza aos cooperantes galegos falecidos no que participa o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo e asisten as familias e amigos dos falecidos e membros das ONGD. No mesmo descóbrese unha placa en lembranza de Manuel Cota Cabanillas, desaparecido en 1998 en Honduras; Henrique Aller López e Mercedes Arteche Prieto, falecidos en Perú en 1999, e José Ignacio Salgado Blanco falecido do mesmo xeito en Perú en 2008.

2010. A Coordinadora intégrase na sección territorial de Galicia de Coop57, iniciativa de banca ética, así como en FIARE-Galiza, asociación de apoio ao proxecto FIARE de banca ética.

En outubro de 2010 unha representación da Coordinadora Galega de ONGD emprende o Camiño polo Pacto, realizando o Camiño de Santiago desde



Sinatura do Pacto Galego contra a Pobreza, no Salón Nobre de Fonseca da Universidade de Santiago o 16 de outubro de 2010

Sarria a Compostela, e realizando diversas actividades de sensibilización nas diferentes etapas da ruta.

Finalmente, o 16 de outubro de 2010 asínase en Santiago de Compostela, no Salón Nobre de Fonseca da Universidade o Pacto Galego contra a Pobreza entre os voceiros dos tres partidos políticos representados no Parlamento de Galicia: BNG, PPdG e PSdG-PSOE e o presidente da Coordinadora. ■

As ORGANIZACIÓNS

Estes vinte anos de traballo solidario en Galicia foron posíbeis grazas ás seguintes organizacións:


A COVA DA TERRA, ACCIÓN CONTRA A FAME, ACSUR LAS SEGOVIAS, AGARESO, AMANI GALIZA, AMARANTE, AMIGOS DA TERRA, AMIGOS ESCAES, AMISTADE E COOPERACIÓN, ARQUITECTOS SIN FRONTERAS, ASEMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ, ASOCIACIÓN 1º DE MAIO, ASOCIACIÓN COMISIÓN GALEGA PRO AMAZONÍA, ASOCIACIÓN SALVADOR ALLENDE, AXUDA EN ACCIÓN, BICIS POLA PAZ, CÁRITAS, CENTRO GALEGO DE ESTUDIOS SOCIAIS E DE COOPERACIÓN, COMPROMISO E MISIÓN, COOPERA, CRUZ VERMELLA, ECOS DO SUR, EDUCACIÓN SEN FRONTEIRAS, ENTRECULTURAS, ENTREPOBOS, ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS, EQUUS ZEBRA, ESTUDIANTES SOLIDARIOS, FARMAMUNDI, FISC, FUNDACION BALMS PARA LA INFANCIA, FUNDACIÓN CUME, IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO, INTERED, INTERMÓN OXFAM, INTI, JÓVENES Y DESARROLLO, LABAÑOU SOLIDARIA, MADRESELVA, MANS UNIDAS, MÉDICOS DO MUNDO, MÉDICOS SEN FRONTEIRAS, MENIÑOS, NATURA HISPÁNICA, ONGD LENA, ONGD MI PERÚ, PANXEA, PAZE SOLIDARIEDADE, PAZYDESARROLLO, PROCLADE, PROXECTO MUNDO, PROYDE, SED, SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ, SOLIDARIEDADE GALEGA, SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI, SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA, TALLER DE SOLIDARIEDADE, TERRA DE HOMES, UNICEF GALICIA, VETERINARIOS SEN FRONTEIRAS, VOLUNTARIADO SOCIAL ROGAS



ÍNDICE

PRESENTACIÓN.....	3
Xunta Directiva da Coordinadora Galega de ONGD	
LIMIAR.....	5
Francisco R. Durán Villa	
1. XX ANOS DA COOPERACIÓN EN GALICIA. LUCES ENTRE SOMBRAS	9
Emilio Manuel Martínez Rivas	
2. A ETAPA DECLARATIVA DO XÉNERO EN GALICIA E OS DEREITOS DAS MULLERES	21
Comisión de Xénero da Coordinadora Galega de ONGD	
3. LOITA CONTRA A POBREZA, COOPERACIÓN E ONGDs	33
Carlos Teijo García	
4. UN FUTURO APOIADO NA COMUNICACIÓN PARA DESENVOLVER UN CAMBIO SOCIAL REAL	41
Juan de Sola e Natalia Puga	
5. CUESTIÓN DE PRIORIDADES: DO PACTO GALEGO CONTRA A POBREZA AO RECORTE DUN LUXO PRESCINDIBLE	45
Rubén Santamarta	
6. EVOLUCIÓN DA COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO NA POLÍTICA GALEGA E NOS PARTIDOS POLÍTICOS.....	49
Margarita Pérez Herraiz	





7. A OLLADA DAS ACTRICES E ACTORES DA COOPERACIÓN GALEGA	59
DECONSTRUÍR A COOPERACIÓN, CONSTRUIR A SOLIDARIEDADE FEMINISTA	60
María Reimóndez	
A COOPERACIÓN INTERNACIONAL AO DESENVOLVEMENTO DENDE O EIDO LOCAL	68
Xulio Ríos	
O INTERNACIONALISMO SOLIDARIO, COMITÉS E BRIGADAS	72
Manuel M. Barreiro	
PERSOAS (E SOBREIRAS)	80
Anxo Moure	
COMERCIO XUSTO. FELIZ ANIVERSARIO?	88
Gonzalo Gesto	
REMEMORANDO.....	92
Manuel Dios Diz	
LEMBRANZAS: OITO ANOS DE APRENDIZAXE	96
Emilio M. Martínez Rivas	
8. CATRO MOMENTOS DECISIVOS E UN SOÑO FINAL.....	99
Xosé María Torres Bouza	
9. O LONGO CAMIÑAR.....	113
Emilio M. Martínez Rivas e Xosé María Torres Bouza	
DATAS E MOMENTOS IMPORTANTES NA HISTORIA DA COORDINADORA GALEGA DE ONGD	114
AS ORGANIZACIÓNS	128

Este libro colaborativo,
COOPERANDO.
XX ANOS DE TRABALLO SOLIDARIO EN GALICIA,
rematouse de imprimir no obradoiro de Grafinova
en Santiago de Compostela
o 31 de novembro de 2011



20

CRÓNICA

